

Do monte, das aveas, dos castiñeiros, dos pomares e doutras froiteiras: contribucións para a historia agraria de Galicia

Monografías do IBADER - Serie Biodiversidade

Xoán F. Fernández López



Do monte, das aveas, dos castiñeiros, dos pomares e doutras froiteiras: contribucións para a historia agraria de Galicia

Xoán F. Fernández López
Agrónomo e Historiador

Lugo 2022

Título: Do monte, das aveas, dos castiñeiros, dos pomares e doutras froiteiras: contribucións para a historia agraria de Galicia

Autores: Xoán F. Fernández López

A efectos bibliográficos a obra debe citarse: Fernández López, X.F. (2022). Do monte, das aveas, dos castiñeiros, dos pomares e doutras froiteiras: contribucións para a historia agraria de Galicia. Monografías do Ibader - Serie Biodiversidade. Lugo.

Copyright: IBADER


A totalidade dos textos, gráficos e imaxes publicadas nesta obra están protexidos por copyright. Queda prohibida a reprodución total ou parcial por calquera medio gráfico ou electrónico do contido da obra, sen a autorización escrita dos titulares do copyright.

Edita: IBADER (Universidade de Santiago de Compostela)

Diseño e maquetación: Luis Gómez-Orellana

ISSN: 1888-8341

DL: C 173-2008



Edición realizada con la colaboración de la Deputación de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO

Limiar

“Do monte, das aveas, dos castiñeiros, dos pomares e doutras froiteiras: contribucións para a historia agraria de Galicia” comprende cinco artigos de Xoán F. Fernández López. Escritos no período que vai de 1992 a 2014, tratan varios temas sobre a agricultura desenvolta en Galicia no pasado. Neste limiar vou comentar dous aspectos.

Un deles trata das palabras que herdamos para nomear as formas de manexo do monte e as aplicadas ó cultivo do castiñeiro. Este meu modo de ver os seus artigos débese a que Xoán F. cultivaba a palabra escrita na lingua galega e ás palabras destinadas a nomear as actividades agrícolas e de usos do monte outorgáballes moita importancia.

Palabras sobre o monte como forma de vexetación

O artigo “É monte o monte?”, publicado no 1993 na revista *Grial*, rememora o papel do monte na agricultura tradicional e comenta o equívoco da asimilación que entón se facía entre terras a monte e terras de uso forestal. Aínda que se trataba dun tema recorrente nas conversas de Xoán F., o artigo escribiuno tras a publicación no 1992 do Primeiro Plan Forestal de Galicia e do artigo asinado por Benxamín Casal Vila e Xoán Francisco Fernández López “O Plan Forestal de Galicia. Comentarios dende Lugo” (*Lucensia*, 5: 9-23).

Palabras agochadas nos papeis

O artigo sobre a “Historia do castiñeiro en Galicia: as técnicas de cultivo e a distribución xeográfica” inclúe un apartado para tratar das árbores bravas de castiñeiro. Voume permitir ampliar a información partindo das notas que Xoán F. me enviou aló polo ano 2011. Eran fotocopias de 24 páxinas A5 coas súas anotacións sobre varios termos empregados en Galicia para denominaren o tratamento aplicado as árbores que como o castiñeiro, o carballo e a abeleira emiten numerosos caxigos do couce que queda tras a corta e que, despois de varios anos, se volven cortar para sacar varas ou troncos de pequeno diámetro destinados a cestería, nasas, rodrigas para as viñas e leña. Este tratamento denomínase *tallar* e *monte baixo*, na lingua española (monte baixo é a denominación en silvicultura); *talhadia* en portugués; *taillis* en francés; *bagas* e *perxadas*, segundo a quenda, en catalán; *ceduo* en italiano; *coppice* en inglés. Pero, cal era a palabra na lingua galega? As notas, escritas en setembro e outubro do 2010, tomáraas Xoán F. das buscas en xornais do século XIX, de documentos de arquivos e de consultas no SITGA/mapas cartográficos de Galicia.

Nas 24 páxinas hai tres denominacións principais empregadas en galego para nomear a palabra *tallar* en español: *bravádigo*, *trepezal* e *candedo*. Cada denominación corresponde a unha zona diferente da xeografía galega. *Bravádigo*, con mencións medievais, parece ser o termo empregado nas Mariñas. Aparece en Outes, Muros, Carnota, Paderne, Cambre, Oza dos Ríos, Fene, Betanzos e Melide. *Bravais* aparece como sinónimo en Betanzos. *Trepezal* e *tropezal*, que pode ser de castiñeiro ou de carballo, aparece citado en Noia, Rianxo, Ordes, Vilagarcía, San Cristovo de Enfesta, Marín e Cambados. *Candedo*, lugar poblado de *candas* (xermolos de castiñeiro), é o termo identificado na metade oriental de Galicia. Aparece de forma máis frecuente na provincia

de Ourense. Outras denominacións empregadas quizais en ámbitos xeográficos reducidos son *tarrastal*, *touza*, *arcal* (en Porto do Son, Redondela, Noia e Cangas); *virgunto* e *folleiras* para a produción de rodrigas para as vides, en Monforte.

Entre as notas manuscritas por Xoán F. hai dúas que copiou literalmente. A de Antonio Valenzuela y Ozores, extraída da *Memoria estadística Pontevedra* (1865): "En algunas tierras profundas y ricas del litoral y en los valles de interior se plantan, desde hace algunos años, castaños que se utilizan para monte bajo y producen ganancias considerables; pero este cultivo limitado por la calidad del terreno que exige y por el objeto especial al que se destina la planta no es más que uno de los innumerables y pequeños elementos de la variada producción del país...". A outra nota é do enxeñeiro de montes José Jordana Moreira no artigo "Algunas voces forestales y otras que guardan relación con las mismas" (Revista Contemporánea, 1900) recolle e describe o termo *trepezal* "es el monte bajo de castaño beneficiado al turno de cinco años, destinándose los productos para arcazón y pipería y algunos para cestos". Ou sexa, o *trepezal* vén ser a *baga* en catalán.

Unha vez coñecidas as palabras podémolas buscar nos dicionarios. O máis completo é o *Diccionario galego-castelán* do gran Xosé Luís Franco Grande, publicado no 1968 por Galaxia, que inclúe *trepeza* e *trepezal*, *tropeza* e *tropezal*, *bravádego* e *candedo*. Así que as palabras estaban xa no andel dos libros. Por outra parte o *Vocabulario forestal galego-español-inglés* da Universidade de Santiago de Compostela, publicado no 2012, emprega a palabra *talladía* igual á denominación portuguesa *talhadia* para denominar o *tallar* castelán. Temos xa un feixe de palabras!

Un día do ano 2016 atopei un caso do emprego da palabra *tropeza* na lingua viva. Estaba a falar con Enrique Táboas, cesteiro de vergas de castiñeiro na tradición de Mondariz, e pregunteille onde se abastecían de varas os cesteiros de Mondariz. Dixo que *ían ás tropezas da Paradanta*. Fun ver as fotocopias das páxinas que me enviara o meu irmán no 2011 e alí estaban *tropeza* e *tropezal*. Palabras do sur da Provincia de Pontevedra.

Os termos de TREPESA e TREPESAL co-
rresponden esencialmente á fonética de
Pontevedra.

TESTEMUNHAS DE ANUNCIOS NOS PERIÓDICOS.

- GACETA DE GALICIA. 6.2.1889. Noia. "trepeza de castaño
o arcal" // 11.1.1888. Riouxo. "trepezal de roble y orcal
de castaño" // 3.2.1881. Ordes. "labradío, labal y trepezal"
1.9.1883. Vilapraia. "Trepezal de castaño" // 21. 8.1885.
S. Cristobal de Eufate. "roblede, trepezal y arcal".

- DIARIO DE MADRID. 29.8.1838. MARIN. "algunos roble
y trepezal de lo mismo" /

Anotacións manuscritas de
Xoan Fernández-López

Palabras transmitidas por trinta xeracións

Hai palabras como *tropezal* que desapareceron axiña da fala ó desapareceren as actividades económicas ás que servían. Pero hai outras que a pesar de seren de uso moi local se conservaron polo menos durante oito séculos. Algunhas desas palabras son as denominacións das variedades empregadas nos soutos. Consérvanse porque os seus produtos son importantes na alimentación das persoas da localidade, porque as súas características se transmiten a través do enxerto e porque, no caso do castiñeiro, as árbores son moi lonxevas. Moitas árbores de castiñeiro chegan ós 500 anos e algunhas a máis de 1.000. Grandes árbores existentes, dalgunhas variedades, foron plantadas na Idade Media. Ese puidera ser o caso de árbores das variedades de castiñeiro *Abarcal* e *Asadeyro* que, no artigo de Xoán F. "Especies e variedades de froiteiras na Idade Media", aparecen citadas no século XIII. Nos inventarios de variedades galegas de castiñeiro iniciados nos anos 1982 e 1989 apareceu *Abarcal* como unha denominación para unha variedade tardía existente en varias localidades dos actuais concellos d'A Bola, Lobios e Parada do Sil. Cando se xenotiparon as árbores resultou que *Abarcal* e *Amarelante* son denominacións sinónimas da mesma variedade. Unha variedade propagada por enxerto cunha distribución xeográfica bastante ampla estendida arredor do Macizo Central Ourenán. O gran castiñeiro de Pumbariños, no souto de Rozabales en Manzaneda, é da variedade *Amarelante*, sinónima de *Abarcal*.

O caso da denominación *Asadeyro* é diferente pois non aparecera nas enquisas realizadas no 1982 e no 1989. A primeira vez que apareceu para min foi no mes de febreiro do 2013 na primeira versión que me enviou Xoán do artigo sobre a historia do castiñeiro. Uns anos despois, era xa o outono do 2016, fun recoller material das árbores máis vellas do concello de Vilariño de Conso con José Ramón Hervella como guía. Ó chegarmos á capela prerrománica de San Miguel de Entrecinsa, unha veciña díxonos que a árbore moi vella pegada a capela é *Asadeiro*.

Así que a suma da información dos documentos medievais unida á información de transmisión oral recollida na actualidade e ás análises con marcadores xenéticos permite elaborar hipóteses verosímiles sobre a historia do desenvolvemento local dos cultivos.

Palabras para a historia das razas locais e da súa conservación

Outros aspectos que vou destacar son os referidos á **historia dos cultivos** de varias especies que, empregadas na agricultura galega dende polo menos a Idade Media, foron cultivadas ó longo de xeracións orixinando o xermoplasma que conforma **as razas locais domesticadas**. Os artigos "Sobre a historia do castiñeiro en Galicia", "Os pumares na Galicia altomedieval" e "Especies e variedades froiteiras na Idade Media en Galicia" tratan sobre a antigüidade do cultivo de especies froiteiras e do castiñeiro para castaña.

Xoán F. dinos que as prácticas de cultivo do castiñeiro tal e como as coñecemos agora, plantación, enxerto e poda, estaban implantadas totalmente en Galicia xa no século VIII e a palabra *souto* aparece como topónimo xa no século VI. Esta data adianta as evidencias da antigüidade do cultivo dos soutos para castaña⁽¹⁾. Tamén aporta un número considerable de denominacións de variedades medievais non citadas previamente. Por outra parte as especies froiteiras cultivadas nos pomares aparecen nomeadas nos documentos do século VIII no caso

(1) Picallo Fuentes, Heitor (2018). No medievo, castañas e castiñeiros como recursos económicos. Silleda (Pontevedra): Fervenza.

da maceira e da oliveira, no século IX nos da cerdeira, ameixeira e figueira. No século X, a sorbeira e a nespereira. O pexegueiro no século XII. Laranxeira, limoeiro e marmeleiro no século XVI.

Hai unanimidade en que gran parte destas especies foran domesticadas nos centros primarios de domesticación euroasiáticos situados no Crecente Fértil, na China e noutros lugares de Asia. Pero xa no período romano foran introducidas no noroeste da Península Ibérica especies como a figueira, o pexegueiro e a ameixeira⁽²⁾ pois, como relata Jared Diamond en “Armas, Gérmenes y Acero”, as variedades domesticadas en Eurasia tiveron unha difusión rápida a través do continente.

O feito de seren na súa maioría cultivos introducidos non resta importancia as razas locais destas especies empregadas na agricultura galega. Co obxectivo de apoiar o interese da conservación das razas locais na seguinte alínea describo unhas pautas xerais sobre o seu desenvolvemento que poden ser válidas para o trigo, o centeo, a maceira, a pereira, os limoeiros e moitas outras especies introducidas en datas posteriores ás que tratan os artigos incluídos neste libro.

A adaptación ás diversas localidades ás que chegaron as plantas domesticadas comprende un ou varios procesos, dependendo do modo de reprodución de cada especie, da importancia da intensidade de selección por parte dos cultivadores, da importancia dos cultivos desenvolto, da existencia de poboacións autóctonas da mesma especie ou similares e da introdución posterior de xermoplasma procedente doutros centros de domesticación secundarios. Entre as especies cultivadas hai varias das que existen recursos xenéticos autóctonos: a abeleira, o castiñeiro e a cerdeira e hai especies afíns na maceira e na pereira. Nestas especies, un dos mecanismos de diversificación do xermoplasma domesticado e introducido é a hibridación espontánea co xermoplasma local autóctono, dando lugar a novas combinacións. Os 1.000 a 1.500 ou máis anos que polo menos transcorreron dende as primeiras introducións de parte das especies citadas, son tempo suficiente para o desenvolvemento de razas locais, as *landraces* na lingua inglesa. Razas locais diferenciadas doutras cultivadas noutros lugares da Europa occidental.

O caso do castiñeiro podería ser algo diferente pois hai indicios de que algunhas variedades foron seleccionadas nas poboacións silvestres de orixe autóctona, como é o caso da variedade *Amarelante*, sinónima de *Abarcal*⁽³⁾ Pero tamén puidera ser que a introdución de xermoplasma alóctono e a súa hibridación co xermoplasma autóctono estea na orixe dun gran número de variedades cultivadas actualmente en Galicia⁽⁴⁾.

O interese de Xoán F. en canto os recursos xenéticos non se limitaba ás especies froiteiras pois tiña compilada a literatura científica existente sobre *Avena strigosa* e a principios do 2014 comezara a desenvolver experimentos con lotes de sementes, adquiridos en bancos de xermoplasma, de varias especies de avea, con especial representación de lotes de avea negra (*Avena strigosa*).

A necesidade de conservar **as razas locais domesticadas** está enunciada especialmente no artigo “De aveas e castiñeiros. O paso de N. I. Vavilov por Galicia (xullo do 1927)” no que Xoán F. engade unha nota final na que

(2) Peña-Chocarro, Leonor et alii (2019). “Roman and Medieval crops in the Iberian Peninsula: a first overview of seeds and fruits from archaeological sites”. *Quaternary International* 499, 49-66.

(3) Fernández-López, J. & J. Fernández-Cruz (2015). “Identification of traditional Galician sweet chestnut varieties using ethnographic and nuclear microsatellite data”. *Tree Genetics & Genomes* 11(6), 111. <https://doi.org/10.1007/s11295-015-0934-02>.

(4) Fernández-López J, J. Fernández-Cruz & B. Míguez-Soto (2021). “The demographic history of *Castanea sativa* Mill. in southwest Europe: a natural population structure modified by translocations”. *Molecular Ecology* 16 (30), 3930–3947. <https://doi.org/10.1111/mec.16013>

nos recorda a importancia da conservación dos bancos de sementes e outras coleccións de xermoplasma para o desenvolvemento da agricultura do futuro, no contexto da redución de variabilidade que están ocasionando os métodos dominantes de elección das variedades para os cultivos. Fala tamén dos avatares polos que pasaron e seguen a pasar as coleccións de xermoplasma creadas por Vavilov. Fala de que en Galicia houbo e hai un importante desenvolvemento das coleccións de xermoplasma impulsado quizais por precursores como Vavilov. Coleccións con dificultades na súa conservación a pesar de seren recursos básicos para o desenvolvemento da agricultura e unha parte importante do patrimonio cultural herdado.

Josefa Fernández López



Biografía de Xoán Francisco Fernández López

Xoán Francisco Fernández López, nado o 9 de novembro do ano 1947 (no lugar da Ribeira de Maniños, concello de Fene) e finado en Lugo o 31 de marzo de 2014, foi un enxeñeiro agrónomo e poeta que desenvolveu o seu traballo e afectos arredor de Galicia e do seu mundo rural.

Criado no seo dunha familia numerosa, foi o primeiro de 14 irmáns. Influído polo seu pai e pola forte relación familiar establecida co lugar de montaña Os Teixedelos, (actualmente no concello d'As Pontes), dende moi novo mostrou atención e paixón pola historia natural, especialmente polas plantas cultivadas, o comportamento do gando, particularmente das bestas, a cultura campesiña e a lingua galega. Tamén cultivou a poesía dende moi cedo. Completou os seus estudos universitarios facendo a carreira de enxeñeiro agrónomo en Valencia entre 1966 e 1971. A esa altura salienta o seu interese pola xenética, pola obra de Nicolai Vavilov e os seus traballos sobre a orixe e domesticación das plantas cultivadas; temas dos que falaba decote. Despois de rematar a universidade emigrou uns anos a Estelí en Nicaragua para dar clases de formación profesional de agricultura cun contrato do Banco Mundial, volvendo en 1976.



Pouco despois do seu regreso a Galicia, oposita á función pública, entrando a traballar primeiro na Oficina de Extensión Agraria de Melide e posteriormente en Santiago (1979-1985). En 1983 casou con Teresa Ledo con quen tivo a súa filla Noa. No traballo en Extensión Agraria tivo a oportunidade de coñecer de primeira man e de afondar nos problemas da agricultura e do monte. Tamén cabe salientar a súa atención ao benestar dos animais no asesoramento de proxectos de instalacións gandeiras. Paralelamente desenvolveu os seus intereses sobre a domesticación das especies vexetais empregadas na agricultura, a evolución histórica da paisaxe, as formas tradicionais da agricultura, o uso do monte e os fenómenos recentes de degradación do mundo rural e as súas consecuencias. Sobre estas cuestións, foi un estudoso e solvente coñecedor do grandísimo traballo de Abel Bouhier sobre o complexo agrario galego.

No ano 1985, despois de aprobar unha nova oposición, vai para Lugo onde traballará na Dirección Provincial de Agricultura ata a súa xubilación no 2012. Neses anos escribe varios traballos sobre o monte, o castiñeiro e as árbores froiteiras, entre outros. A maior parte non foron publicados antes da súa súbita morte. Antes do seu pasamento estaba a desenvolver experimentos sobre as aveas, encamiñados a comprender a súa domesticación en Galicia. Outro tema no que pensaba era no grao de domesticación que puidera acadar o toxo arnal, cultivado amplamente ata os anos sesenta do pasado século para a produción de estrume e leña de alto poder calorífico.

Cunha extensa formación literaria e bo coñecedor da poesía galega, foi un poeta prolífico, aínda que sen publicar, e tradutor ao galego de William Shakespeare, Emily Dickinson, Edgar Lee Masters e Victor Segalen.

Anxo B. Fernández López

Agradecementos

Grazas a todos os que apoiaron a preparación deste libro, especialmente ao Consello Editorial de Recursos Rurais.

Grazas a Beatriz Míguez Soto, do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, pola mellora do formato dos dous mapas do artigo sobre a "Historia do castiñeiro....".

Grazas a Roberto C. Costas Gándara pola preparación da imaxe dun texto de Xoán F. incluído no limiar.

Índice

É monte o monte?	15
De aveas e castiñeiros. O paso de N. I. Vavilov por Galicia (xullo de 1927)	21
Sobre a historia do castiñeiro en Galicia: as técnicas de cultivo e a distribución xeográfica	27
Os pumares na Galicia altomedieval	43
Especies e variedades de froiteiras na Idade Media en Galicia	55
Referencias Bibliográficas	73

É monte o monte?

Resumo Tradicionalmente, o uso da palabra *monte* en galego fixo referencia ás superficies de terreo cubertas por unha de vexetación de plantas non arbóreas, e ás funcións que estes terreos e plantas tiñan na agricultura tradicional. Polo contrario, desde o século XIX está a penetrar un outro significado de palabra *monte*, procedente do vocabulario técnico

forestal en castelán que asimila *monte* a superficie forestal. A mudanza no significado da palabra *monte* está directamente relacionada coa troca nos usos das superficies de *monte*.

Palabras chave Monte en galego; Monte en castelán; Terras a monte; Terreo forestal; Usos do monte; Cultura forestal

Que entendemos por *monte*? Que din os dicionarios? Ten o mesmo significado *monte* en galego que en castelán? Que cambios se observan no seu uso na fala de hoxe respecto aos que foron tradicionais? Facémonos estas preguntas ante o emprego con frecuencia confuso que se está facendo en Galicia da palabra *monte*. Parece como se a palabra se baleirara de contidos, nun proceso parello á perda da función das terras a monte.

Limitaremos os nosos comentarios ás acepcións relativas ao uso da terra. O noso punto de vista será o dun falante e lector que coída que os cambios no significado das palabras cambian a realidade mesma que expresan. Isto, que é materia común da que están feitas as linguas, leva sempre detrás razóns e motivos dos homes que as falan. Son estas razóns e estes motivos os que nos traen acá a falar de *monte*.

En primeiro lugar veremos o que din ao respecto os dicionarios. Seguiremos cun comentario sobre o emprego que se lle vén dando á palabra *monte* en Galicia, e remataremos na problemática relación monte-forestal.

Os dicionarios

Nos dicionarios galegos figuran diversas acepcións de *monte*. Por exemplo, no *Diccionario da lingua galega* da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua (1990) aparecen as seguintes: «1. Elevación importante do terreo.

2. Terras altas sen cultivar con árbores, toxos, etc. 3. Conxunto de cousas postas enriba unhas das outras, cantidade de algo posta toda xunta máis ou menos en forma de montaña». Destas acepcións só nos interesa a 2, que fai referencia a usos da terra.

Pasemos a outros dicionarios. O *Diccionario Xerais da lingua* (Ares Vázquez *et alii* 1990) dá dúas acepcións: «1. Terreo inculto cuberto de herbas, xestas, etc... e ás veces árbores; bosque, fraga. 2. Todo o que non é terreo cultivado». O de Alonso Estravis (1986): «Terreo inculto cuberto de erva e mato; e, ás veces, árbores». E o dicionario galego-castelán de Eladio Rodríguez González (1958-1961) di: «Tierras incultas cubertas de árbores, arbustos y matos», que é a do dicionario da Real Academia Española (1992).

Hai nestas definicións algúns erros evidentes, como cando o *Diccionario da lingua galega* cualifica as terras do *monte* de *altas*, adxectivo superfluo e non necesariamente aplicable; e o de Xerais que dá na acepción 2 como sinónimos bosque e fraga, que non o son, nin así se deberan considerar, a pesar de que hoxe se usen frecuentemente como tales; e na 3 fai de *monte* sinónimo de terra inculta, o que tampouco é correcto.

Canto á presenza de árbores no monte consideramos máis axeitadas as definicións de Alonso Estravis e Xerais, en que as árbores son ocasionais –*ás veces*–, matiz que nos pon máis preto da realidade do bo uso de *monte* en Galicia.

Pero a nosa pesquisa nos dicionarios déixanos insatisfeitos sobre todo pola certeza das súas carencias. As súas definicións non nos parecen precisas e abundan en erros. Ademais existen outras acepcións referentes ao uso da terra que, como veremos a continuación, non figuran neles.

O monte como forma de vexetación

Segundo Xaquín Lorenzo Fernández (1979: 288) «Dáse o nome xeral de monte ao conxunto de prantas, que sen seren arbres medran espontaneamente no chan». Esta acepción non está, curiosamente, nos dicionarios galegos consultados, pero é de uso común en toda Galicia e básica para entender as outras acepcións de monte. E así dise dunha terra con abundancia de herba e maleza que *ten monte*, e dun monte ao que cobre abundantemente o mato, que *o cobre o monte*. Pero se este monte do que estamos a falar se cubrise de árbores espontáneas, teríamos que dicir que se *cobre de arboredo*, nunca de monte.

Relacionados co monte como forma de vexetación figuran nos dicionarios as seguintes locucións adverbiais: *quedar, ir, estar, deixar, botar... a monte*. Estas expresións e outras semellantes ás que se lles pode acreditar un uso de séculos⁽¹⁾ significan abandono do cultivo ou dedicación da terra a monte.

Sinónimos de *a monte* son *a campo, a poula, a bravo e a ermo*. *A campo* refírese a terreos de cultivo e indica unha primeira fase de abandono non tan intensa como *a monte*. Un uso semellante ten *a poula*, empregada na provincia de Ourense. *Poula* ten a súa orixe no latín *pabulum* e chama a un dos principais caracteres do monte galego: ser terras de pasto do gando. Unha terra cuberta de poula é un *poulo*.

Temos así unha correspondencia na lingua respecto ás etapas intermedias da sucesión da vexetación, desde o cultivo ás formas de arboredo maduras:

[Cultivo] > *A campo* > *A monte* > [Arboredo]

A poula

Bravo ten un senso máis amplo que *monte* e aplícase a terras, plantas e animais. *A bravo*, aplicado ás terras, indica que estas están sen cultivo ou que non son doadas de traballar. Dise *monte bravo* do que ten unha vexetación que medra sen control algún⁽²⁾; e temos escoitado o seu contrario, *monte manso*, aplicado á vexetación controlada

(*amansada*) polo home ou polo gando. *Bravo*, aplicado a animais, é sinónimo de falta de domesticidade; aplicado a plantas, é sinónimo de ser espontáneas, non cultivadas; e a árbores de froito, se non procederen de enxerto.

Relaciónase con esta idea de monte a caracterización do gando en *do monte* e *da casa*. A denominación é aplicable tanto ás vacas como aos cabalos, ás ovellas como ás cabras. Non foi usada nin por Valenzuela Ozores (1865) nin por Rof Codina e os técnicos que os seguiron na descrición das poboacións de gando galegas tradicionais e a súa caracterización en razas. O gando de monte era considerado falto de interese económico, dexenerado nas súas características e produto de malas prácticas gandeiras. Unha caste de gando que tiña que desaparecer e da que, polo tanto, non interesaba falar. As *vacas do monte* foron esquecidas ao tratar do gando do país; as ovellas foron chamadas por nomes tales como *churro galego, raza galega variedade de montaña ou montañesa*, etc.; e ao cabalo do monte: *poney galego, poney galaicoasturiano, asturcón*, etc. Para atopar a denominación *de monte*, tan precisa para cualificar certas castes de gando, posta na letra impresa, temos que acudir a etnógrafos como Xaquín Lorenzo Fernández (1979) ou xeógrafos como Abel Bouhier (1979), aínda que foi usada de sempre en documentos como inventarios *postmortem*, preitos, etc⁽³⁾.

A denominación *do monte* aplícase non só aos animais domésticos; úsase tamén de sempre para animais bravos como os cervos da cantiga de Pero Meogo no século XIII:

Para seu amigo

que lli ben quería;

o cervo do monte

a auga volvía.

Aplicábase entón o cualificativo a todo o bravo, non cultivado nin domesticado polo home? Non o podemos responder, pero a expresión segue a ser válida na lingua de hoxe, e coidamos que con idéntica interpretación. Relaciónase tamén con esta acepción a fórmula *ad montes et ad fontes* dos foros e contratos galegos en latín medieval, que se transforma máis adiante no galego *a montes e a fontes*; fórmula que tan ben se corresponde coa organización do casal e da nosa paisaxe agraria antiga, co seu significado de abarcar todos os bens comprendidos dentro de límites naturais: os montes e as fontes.

(1) Citaremos entre outros os seguintes exemplos de documentos antigos publicados: a) «hua leira de tarreo que iaz en monte», Duro Peña (1977: 319), no documento núm. 87, do ano 1370. b) «muchos dichos heredados estén en monte et en yermo». Mariño Veiras (1983: 193) en documento do ano 1508). c) «de manera que casi todo está a monte», Gelabert González (1982: 105) en documento do ano 1640.

(2) É significativa a diferenza entre esta idea de monte bravo e a definición que dan Neira & Martínez Mata (1968: 218): «Población muy densa formada por brinzales».

(3) Existen numerosas citas de inventarios en Pérez García (1982). Tamén no preito por pastoreo en Soaserra en 1788 citado por Bouhier (1979: 947), etc.

O monte como terra dedicada a monte

A isto responden as definicións dos dicionarios. Estas son, como xa vimos, xenéricas, e non teñen a precisión que moitas veces desexaríamos, pois *monte* pode neste caso responder a realidades distintas.

Se dicimos por exemplo: «A Antón gústalle pasear polo monte», «A casa queda no medio do monte»; ou «Os montes de Galicia non son coma os de Aragón»; falamos dun monte ou montes xenéricos aos que definicións como as anteriores dos dicionarios, debidamente corrixidas dos seus erros, se axustan ben.

Pero se nos referimos concretamente aos *montes galegos*, uns montes que estiveron fortemente vencellados coa agricultura e a gandería, entón as definicións dos dicionarios sábennos a pouco por imprecisas, e gustaríamos dunha definición que diga algo semellante a esta de Abel Bouhier: «Los montes de Galicia son en realidad landas de tipo atlántico ou subatlántico» (1984: 11), na que se define o monte galego, as terras a monte, pola natureza da súa vexetación; ou deixando a un lado palabras estrañas á nosa lingua como *landas* e utilizando as palabras propias, propoñeríamos, sempre que valesen as redundancias: *Os montes de Galicia son en realidade terras cubertas de monte*.

A estas terras cubertas de monte é ás que se refire a xeneralidade dos vellos documentos galegos⁽⁴⁾, o Catastro de Ensenada, e os escritos de ilustrados como Cornide ou Somoza de Mousoriu cando falan de *monte*⁽⁵⁾. E son tamén as *terras a monte* expresión coa que se salienta que o feito de ser *monte* é unha dedicación, algo transitorio e transformable, unha condición adxudicada polo home.

Como exemplo do que se entendeu habitualmente en Galicia como monte vexamos o que nos di don Joseph Cornide:

Pueden dividirse los montes de Galicia en montes de Leña, en montes de media Leña, esto es de Tojo para el horno, y montes vajos, las primeras clases está generalmente cerrada, y cuidada con la misma atención que si fuese un sembrado (...). La segunda clase se conserba avierta en aquellos paraxes en que es mui abundante, y es libre a todo vecino el cortar lo que se necesita (...), pero en los Pais

escasos, y mui poblados los montes de esta clase se conserban con la misma atención que la primera.

La tercera clase, se halla generalmente franca en todas partes (...) los Arbustos que la componen son algún pequeño tojo, la Carqueixa, la Queiroga, el halecho, la Uz y algunas hierbas Gramináceas poco substantiosas, y menos delicadas por haberse producido sin cultivo; estas hierbas, y los renuevos de los tojos que aun vien no salen de tierra, quando perecen por el diente del ganado, son los famosos aviertos, son los decantados comunes ... (1983: 181-182).

Como se ve, a palabra *monte* era usada e úsase para nomear terreos concretos aos que non só caracteriza a forma de vexetación, senón tamén o seu aproveitamento e coidado. Isto aplícase ás clases de fincas que se corresponderon no pasado cos chamados *montes abertos* e *montes cerrados*, que aparecen continuamente, por exemplo, no Catastro de Ensenada. Claro que desde entón os apresamentos, o aramio de espiño e o abandono de terras déronlle un novo sentido aos cerrumes como símbolo do *perfeccionamento* da propiedade. A pesar de todo, esta vella clasificación dos montes en abertos e cerrados garda parte do seu anterior interese ao relacionárenas coa extensión superficial e a situación xurídica dos montes. Entre un monte de dous ferrados e outro de dúascentas hectáreas hai unha diferenza de magnitude tras a que están realidades diferentes, aínda que aos dous lle chamemos o mesmo.

Temos así, por unha banda, montes de gran superficie que foron tradicionalmente abertos (monte aberto, abertal), e que non sempre corresponden a accidente xeográfico. Por exemplo: monte de Leboreiro, da Braña, de Escourido, de Estelo. Moitos deles figuran deste xeito nomeados en documentos de hai setecentos ou oitocentos anos e manteñen hoxe o seu nome⁽⁶⁾. Así son a meirande parte dos montes comúns que chegaron a nós.

Por outra, as parcelas de monte de propiedade particular de non moi grande extensión corresponden aos antigos montes cerrados, aínda que son moito máis abundantes polos apresamentos e reparticións. Para estes é normal usar outros nomes como *chousa*, *prado*, *curro*, *tapada*, *cerrado*, etc., de acordo coa localidade e utilización.

Pero volvendo a monte como forma de vexetación. Enténdese hoxe por *monte* en Galicia o que se entendeu tradicionalmente?

(4) Hai documentos que aparentemente contradín esta concepción de monte como a seguinte cita de Mariño Veiras: «Pedaço de monte (...) según como está plantado de castaneyros» (1983: 388) que pensamos se refire a unha transformación de monte en souto: as plantacións de castiñeiros fíciáanse frecuentemente sobre monte común aberto, pero só se adquirían dereitos sobre as árbores, xa que o terreo seguía a ser común. Desta outra de Saavedra Fernández (1982: 203) «que en las fragas y montes de dho. concejo puedan hazer la dla. madera» soamente cómpre dicir que o monte non tiña por que carecer de arboredo.

(5) O termo foi usado con frecuencia polos agrónomos. Sanz de Andino (1934) e Sineiro García (1984: 199). Recentemente por Benxamin Casal Vila (1992) nun artigo en La Voz de Galicia.

(6) Poden consultarse diversas coleccións publicadas de documentos históricos. Por exemplo: Ferro Couselo (1967) e Cal Pardo (1990).

Monte en galego e monte en castelán

Coidamos que o significado da palabra *monte* varía co papel e conformación das terras incultas nas distintas partes da Península Ibérica en que foi e é de uso común. Visto así, na súa forma máis xenérica, *monte* podería ser a mesma cousa en galego que en castelán. No portugués, *monte* ten no norte do país veciño un uso semellante ao do galego, pero isto é soamente considerado unha variante local, pois nesta lingua úsase normalmente *mato* en lugar de *monte*. Mato emprégase en galego como forma de vexetación pero aplicado só á arbustiva.

Esta igualdade xenérica da palabra non quere dicir que en todas partes o *monte* teña as mesmas funcións e comprenda exactamente os mesmos tipos de terras. En fin, que o que se poida dicir respecto ao monte en Murcia ou en Castela non ten por que aplicarse sen máis en Galicia.

Tampouco tivo a palabra o mesmo significado sempre. No mesmo castelán parece variar o seu contido co tempo e o lugar, desde versións semellantes á actual de terras non cultivadas ás semellantes a tradicional galega (Ruíz de la Torre 1990).

Os problemas que se veñen dando xa de vello en Galicia coa aplicación de versións castelás da palabra *monte* son de dous tipos:

1°) A versión castelá comprende os bosques como formas de monte, no que diverxe da apreciación galega que os considera algo distinto, aínda que os límites poidan en casos seren difusos.

2°) A esta concepción do bosque como forma de monte responde unha terminoloxía técnica forestal na que as diversas clases de arboredos teñen a súa correspondencia en termos de monte: *monte alto*, *monte baixo*, *monte bravo*... (Neira & Martínez Mata 1968). Cada unha destas formas de monte ten o seu tratamento forestal. A este tratamento forestal, coidaron, os enxeñeiros de montes e unha cada vez máis importante base social, que non debían escapar os montes galegos.

Pero como ben di Ramón Villares desde unha perspectiva histórica:

O primeiro que cómpre dicir é que se parte dun principio non sempre evidente para os estudiosos dos bens comunais: que o monte en Galicia significaba algo distinto que noutros territorios peninsulares, dado que se trataba dun espacio próximo ás aldeas e casais, integrado nas mesmas labranzas, agricolamente útil por máis que se catalogue de «inculto» e, ademais, humanizado (1990: 10).

Esta diferenza de significados do monte, deu lugar á esquizofrénica interpretación técnica da que fala María Luz Corral Uzal:

Se nos cinguimos a un senso técnico podemos observar que en Galicia se distinguen dúas acepcións da verba «monte», segundo se fale en galego ou en castelán. No castelán, ó falar de monte pénsase nunha terra orientada á explotación forestal case exclusiva, mentres en galego ten unha aplicación gandeira e agrícola ademais da forestal (1987: 295).

Coidamos que convén dicir que a sobredita acepción castelá é soamente a específica do seu vocabulario técnico forestal; pois na práctica común do galego e do castelán en Galicia, cando se usa a palabra *monte*, non se fan distincións segundo a lingua na que se estea falando. A diferenza non está na lingua senón na mente do falante.

A palabra *monte* estivo vencellada ata tempos recentes a usos nos que non figura máis que excepcionalmente o arboredo, xa que as distintas clases de terras arboradas galegas: fragas, carballeiras, soutos, devesas, etc., non formaban parte, en principio, do *monte*.

Pero o monte galego sufriu importantes cambios ao longo dos dous últimos séculos. A paisaxe agraria que transloce o Catastro de Ensenada ou os escritos dos nosos Ilustrados, apenas pode hoxe recoñecerse en moitas partes de Galicia. O monte común aberto dominante hai 250 anos, deixou en parte de selo para pasar a cerrado e particular, facilitando a expansión do cultivo de árbores, cousa que empezou co piñeiro bravo ou do país. A partir dos anos 20 do século XX estendeuse a plantación ao monte común aberto a través de accións como as iniciadas pola Deputación de Pontevedra e continuadas pola Administración Forestal do Estado. Co piñeiro mantíñanse os usos antigos do monte: sementábanse canda o centeo nas estivadas e permitía a produción e recollida dos esquilmos que medraban embaixo deles. Así o monte, malia o arboredo, non deixaba de producir *monte*, de ser *monte* no senso máis tradicional. Por este camiño a palabra *monte* seguiu a aplicarse ás terras de monte plantadas con árbores.

O proceso de plantación de piñeiros xeneralizouse impulsado pola actuación de institucións públicas e unha reafirmada iniciativa privada; perdéndose a relación estreita do monte coa explotación agraria. Os *montes* plantados dedicáronse á produción de madeira en exclusiva e separáronse, fixéronse *autónomos*, nos seus usos respecto ao resto do sistema agrario, coa madeira como a súa única utilidade económica, tal como propoñían, de acordo cos seus mestres alemáns, os técnicos forestais españois⁽⁷⁾.

Nesta transformación, os montes plantados non deixaron de seren montes nin as formacións de arboredo tradicional (fragas, carballeiras, soutos, devesas...) pasaron a ser tales,

(7) Convén aclarar que esta separación non é exclusiva da produción de madeira; pois o fenómeno non é distinto do que sucede noutras áreas da produción agraria.

a ollos das xentes da aldea; pero para moitos nas cidades, desvencellados xa do mundo agrario, o asunto non quedaba, como non queda hoxe, tan claro.

Finalmente, nos últimos anos, coa destrución do sistema agrario, o monte tradicional deixou a súa función. Non cambiou os seus usos, perdeunos. O que un día se chamou *crise do monte* era un capítulo do afundimento da agricultura vella.

Así, coa perda de funcións, ten lugar a evolución do uso, neste tempo de cambio, da palabra *monte*. Palabra que, a pesar de todo, segue a ser tan viva e cun contido posiblemente parello ao dos tempos de Pero Meogo.

Pero son de hoxe os problemas de uso da palabra *monte*? Vaise manter o senso tradicional en galego ou acabaremos usándoa exclusivamente, como xa se vén facendo, nun senso semellante ao que propoñen desde o castelán e a súa linguaxe técnica forestal? Responder á primeira pregunta require un pouco de historia, pero da segunda só o tempo dirá, aínda que coidamos que coa urbanización da sociedade galega, a interpretación que se fai desde o castelán e o seu vocabulario técnico forestal pode acabar facéndose a única. Por se serve de proba indirecta, digamos que os lumes no monte son hoxe *incendios forestais*.

É o monte forestal?

O termo *foresta* é de uso relativamente recente no galego como tamén o é no castelán, do que se tomou, e substituíu ao máis antigo e acreditado de *floresta*. Tense proposto sen éxito para o galego esta forma antiga, que é a usada no portugués, segundo recollen algúns dicionarios como o de Alonso Estravis. Pero foi *foresta*, e o seu derivado forestal, a forma que asentou no galego.

No *Diccionario Xerais da lingua* defínese *forestal* (chamarémolles entre nos *definición estreita*) como «relativo aos bosques» (e así noutros dicionarios galegos), pero o dicionario da Real Academia Española (chamarémolles *definición ampla*) di: «relativo a los bosques y a los aprovechamientos de leñas, pastos, etc.». Neste senso máis amplo, o seu uso foi patrocinado polos técnicos forestais desde a creación da profesión no século XIX, chegándose a vencellar o termo a calquera produción espontánea ou natural da terra.

O curioso das dúas definicións, *ampla* e *estreita* de *forestal*, é que de acordo coa *estreita*, o monte galego tradicional dificilmente pode ser considerado un espazo forestal, pero si o pode ser de acordo coa *ampla*.

De acordo co seu punto de vista, unha acepción ampla de forestal é a que sempre quixeron impoñer os técnicos. Esta concepción está vencellada a unha idea de *monte*

abarcadora da meirande parte das terras incultas, e coa produción de madeira como o seu máis axeitado destino⁽⁸⁾.

A definición que deu de *monte* Lucas de Olazábal é ben representativa:

Monte es todo terreno de considerable extensión cubierto de plantas espontáneas ó arbolado artificial, logrado con el fin directo de obtener madera ó leña, o de contener los dañosos efectos de la denudación (1883: 7).

Débase sinalar, aínda que sexa de pasada, a outra dimensión, contida na anterior definición, que os forestais atribúen a monte: os terreos a protexer da denudación. Esta interpretación, que apenas se considerou en Galicia, tampouco cadra coa nosa concepción tradicional de *monte*.

Pero axústase unha definición coma a de Olazábal ao monte galego tradicional? Coidamos que non, pois nel non se nomean dous dos que foron os seus principais fins directos: o cultivo de cereais e o pastoreo do gando. Pásanos isto tamén con definicións como a que dá para terreo forestal a Lei de Montes:

(...) la tierra en que vegetan especies arbóreas, arbustivas, de matorral o herbáceas, sea espontáneamente o procedan de siembra o plantación, siempre que no sean características del cultivo agrícola o fueren objeto del mismo. No obstante, se exceptúan de los comprendidos en dicho concepto los terrenos que forman parte de una finca fundamentalmente agrícola y sin estar cubiertos apreciablemente con especies arbóreas o arbustivas de carácter forestal, resultaren convenientes para atender al sostenimiento del ganado de la propia explotación agrícola y, asimismo, los prados desprovistos sensiblemente de arbolado de la dicha naturaleza y las praderas situadas en las provincias del litoral cantábrico (1957: artículo 1.2, cursiva nosa).

A definición anterior é moi longa. O lexislador estendeuse pola necesidade en que se viu de intentar precisar unha realidade complexa e abarcala nas súas palabras. Pareceunos interesante expoñela para entender as limitacións dos textos incluso máis próximos a posturas que poderíamos chamar *forestalistas*; pois de acordo co texto anterior, unha discusión sobre se o monte tradicional galego é ou non un terreo forestal debía centrarse no *carácter forestal* de toxos (non sempre espontáneos) e carpazas.

A continuación a mesma Lei di que son *montes* os *terreos forestais* e os que «sin reunirlos [as condicións], hayan sido o sean objeto de resolución administrativa» (*ib.*). Abonda nisto a *Terminología forestal* de Neira e Martínez Mata que di que un monte é «en sentido legal, un terreno que se ha declarado oficialmente como tal monte por una disposición especial» (1968: 217).

En que medida corresponden os montes galegos aos montes e terreos forestais da Lei? A cousa non é clara nas

(8) Excelente exposición en Balboa López (1990). Tamén en Gómez Mendoza (1992).

palabras, pero na práctica da administración forestal montes eran e son os *montes* e os bosques, e todos eles *terreo forestal*.

Pero máis aló das dúbidas que temos sobre a aplicabilidade dos termos legais forestais, é constatable desde hai tempo a confusión no uso común da palabra *monte*, e desta con *bosque* e *forestal*. Esta confusión chega a todos nós. Non é difícil atopar expresións como a seguinte: «O monte ..., é dicir o bosque, era o complemento da economía tradicional» nun artigo de periódico; ou fálase de repoboación forestal ao tratar da plantación de castiñeiros na Idade Media, cando era considerado e tratado como árbore froiteira; dáselle o apelido de *froito forestal* á castaña; afírmase que o bosque (por monte) foi lugar de pasto do gando no pasado, etc. Os exemplos pódense multiplicar.

Caso extremo disto son os documentos do Plan Forestal Galego. E non só pola confusión no emprego das palabras, senón polo uso interesado desta confusión. Nel faise bosque sinónimo de monte; invéntanse termos como o de *cultura forestal* «entendendo por tal o mecanismo simbólico de integración consensuado das diferentes formas de aproximarse ao monte» (Consellería de Agricultura, Gandería e Montes 1992: 67); defínese un *monte de vexetación espontánea* (o monte é vexetación espontánea); fálase dun *modelo de monte* que debería chamarse *modelo forestal*... E permítense a pequena trampa de dar como definición de monte a que na Lei se dá de *terreo forestal*.

Outra idea estendida é considerar a cuberta de mato dos nosos montes como recente e sen valor. Deste xeito a plantación de árbores é restauración do bosque perdido, de riqueza estragada por malos usos das comunidades gandeiras e labregas; a replantación ou *repoboación* (palabra estraña e inexacta pero provista dunha idea rexeneradora que se implantou na terminoloxía técnica e na fala común) veu substituír a máis precisa e tradicional *plantación* ou *plantío*.

Esta idea do *monte* como terras cun uso desaxeitado xa está meridianamente clara nos ilustrados, xeneralizándose a través de todo o século XIX. Os enxeñeiros de montes, como as outras novas profesións técnicas da época, propuxéronse desde un principio loitar contra os malos hábitos dos labregos, pola conservación de recursos, especialmente o arboredo, e a separación, para mellorar a xestión, do espazo arborado do resto.

As súas ideas penetraron no corpo social do país, especialmente nas clases urbanas, levando ás veces concepcións verdadeiramente curiosas. Tomaremos como exemplo pola súa significación un parágrafo de Castelao en *Sempre en Galiza*, eco ao fin do pensamento común nos galeguistas do seu tempo moi influídos polas ideas anteriores:

A enorme extensión dos nosos montes, denantes povoados de albres (foi Felipe II quén ordeou a derradeira tala) amóstranse agora enteiramente calvos i «en maldita esterilidade» cando podían constituír a nosa fonte principal de riqueza. N-eses montes está presente o ideal arrasador de Castela, nemiga dos albres e dos paxaros (1977: 272-273).

Débese aclarar, malia a súa obviedade, que sobre os bosques autóctonos galegos non foi posible establecer o cultivo e a gandaría sen a súa destrución. O bosque natural quedou reducido a lugares difíciles e afastados. De feito, unha das denominacións máis comúns do bosque autóctono é *fraga*, que nos refire a lugar abrupto, penedoso e pouco accesible, significado que ten no S. E. de Galicia e no portugués. Ademais, *esfragarse* significa en galego *despenarse*. E respecto da *maldita esterilidade* do monte, débese dicir que este monte, coa súa herba e mato, foi riqueza: soporte do cultivo e da gandaría tradicional, e fonte de moitos trazos da nosa personalidade colectiva. Podería entenderse a nosa sociedade labrega sen o papel que na súa vida xogou o monte?

A modo de remate

Tratamos algúns aspectos do uso de palabra *monte* no pasado e no presente. A nosa pretensión foi observar algo das luces e sombras que caen sobre o seu uso. Estamos nunha encrucillada na que conflúen o abandono e os cambios nos usos do monte e o terreo agrario en xeral; na que campa a idea cada vez máis xeneralizada no medio urbano de *monte* como equivalente, sen matices, a non cultivado; na que as propostas de manexo do monte fanse en base a un vocabulario técnico feito especialmente a partir do castelán, e que en moitos aspectos chocou e choca coa realidade tradicional galega do monte; na que é aceptada socialmente unha asociación de monte e arboredo: as discrepancias hai que buscalas no tipo de bosque⁹; e na que se impón o feito da separación do arboredo respecto do resto do espazo agrario. Moitos os camiños e moitas as incitacións de dispersión. E aquí, nesta encrucillada, preguntámonos: É hoxe *monte* o *monte*?

(9) As discrepancias entre grupos ecoloxistas e administración forestal sitúanse no tipo de bosque e as súas funcións. En xeral, os primeiros non se cuestionan posibilidades de uso do monte distintas do arboredo.

Xoán F. Fernández López

A versión orixinal deste artigo foi publicada no ano 2012 na revista Grial.

De aveas e castiñeiros. O paso de N. I. Vavilov por Galicia (xullo de 1927)

Resumo En 1927, o xenetista ruso N. I. Vavilov visita Galicia dentro dunha longa viaxe arredor do mundo para colectar sementes e plantas cultivadas. Do que encontra en Galicia interésase especialmente pola avea (*Avena strigosa*) e polo castiñeiro (*Castanea sativa* Miller). Da *Avena strigosa* pensa que Portugal e Galicia son o seu centro de orixe como cultivo. En relación á *Castanea sativa* Miller tamén considerou que Galicia era o punto

de irradiación do seu cultivado ao resto do mundo. Ademais, dase conta de que Vavilov apañou en Galicia diversas sementes de centeo, avea, trigo, liño e legumes.

Palabras chave Vavilov; Vavilov en Galicia; Vavilov en Portugal; Avea negra; *Avena strigosa*; Castiñeiro; *Castanea sativa* Miller; Centro de orixe

Aínda que o noso obxecto é examinar, á luz dos coñecementos actuais, o rastro do paso por Galicia en 1927 do agrónomo e xenetista ruso N. I. Vavilov, pensamos que non é sobrada unha pequena referencia á súa obra e á súa biografía. Vavilov (1887-1943) é coñecido tanto pola súa gran contribución á orixe e mellora das plantas agrícolas como polo seu encarceramento e morte por desnutrición no Gulag soviético⁽¹⁾. El foi o organizador da investigación en xenética agraria rusa nos anos vinte e trinta do pasado século como director do Instituto de Botánica Aplicada e Novos Cultivos –hoxe Instituto Vavilov da Industria das Plantas (en adiante VIR)–, e tamén un extraordinario colector de sementes e plantas cultivadas por todo o mundo en expedicións organizadas ou levadas a cabo por el mesmo; das últimas deu noticia no seu libro *Cinco Continentes* (en adiante *Five Continents*)⁽²⁾. As expedicións servíronlle para crear na antiga URSS a maior

colección viva de xermoplasma de plantas de interese agrícola do seu tempo, colección que segue viva no VIR e é considerada unha das máis importantes do mundo.

Fixo Vavilov unha considerable contribución teórica sobre a busca, observación e estudo da variabilidade das plantas cultivadas, como base na que asentar a súa mellora produtiva, indicando aos colectores como debían orientar as súas pescudas de acordo cunha teoría da súa orixe e a súa evolución. Vavilov observou que a variabilidade xenética das plantas cultivadas concentrábase en certas áreas xeográficas que denominou «centros de orixe», entendendo que variabilidade e domesticación ían xuntas –hoxe sabemos que non sempre é así⁽³⁾–. En cada *centro de orixe* concentrábase a variabilidade dun grupo de especies cultivadas. Clasificou os centros de orixe en *primarios*, con formas de variabilidade endémicas, propias

(1) A súa caída en desgraza foi en boa parte consecuencia da súa posición crítica fronte á concepción non mendeliana da mellora de plantas de T. Lisenko.

(2) O libro, de finais dos anos trinta, quedou sen rematar. Denominarémolo *Five Continents*, polo título da edición inglesa que manexamos: Vavilov (1997). *Five Continents*. Está completa a parte dedicada a España. Do que pensaba dicir sobre Portugal só dispoñemos dun guión.

(3) Posiblemente a principal contribución teórica posterior a Vavilov fose a de Jack R. Harlan. (vid. *Crops & Man*, 1975), que considera dous tipos de áreas de orixe: centros (domesticación de varias especies nun espazo xeográfico reducido) e non-centros (a domesticación produciuse en áreas máis amplas e difusas).

exclusivamente do lugar, e *secundarios*, con variabilidade non exclusiva. A teoría *vaviloviana* dos centros de orixe considerouse desde o primeiro momento importante para o estudo da cultura e das sociedades humanas. Os centros de orixe eran centros de civilización e así os entendeu Vavilov. Hoxe considérase que a orixe das plantas de cultivo debe examinarse especie por especie e, ademais da variabilidade xenética, debe terse en conta a información botánica, arqueolóxica e etnográfica, nun enfoque integrado.

Paso por Galicia

Chegou Vavilov a España nos primeiros días de xuño de 1927 procedente de Italia e despois de viaxar por Abisinia e o Mediterráneo Oriental. Desembarcou en Barcelona e dirixiuse a Madrid onde tiña como contactos os biólogos Ignacio Bolívar e Luis Crespí, do Museo de Historia Natural. Visitou despois Castela a Nova, Valencia, Murcia, Andalucía e Estremadura, e desde esta entrou en Portugal. Tras parar en Valladolid, veu a Galicia⁽⁴⁾, e desde acó seguiu por Asturias, o País Vasco e Navarra para pasar a Francia. Do seu paso por Galicia dispoñemos do seu testemuño persoal en *Five Continents*, ademais do de Luis Iglesias⁽⁵⁾.

Pode que o 16 de xullo de 1927, de mañá⁽⁶⁾, Luis Iglesias, Luis Crespí e Gonzalo Nieto⁽⁷⁾ recibiran a Vavilov na estación de Ponferrada. Na mesma mañá tomaron un autobús ata Pedrafita do Cebreiro onde dedicaron a tarde do mesmo día á recollida de sementes de varios cultivos. Ao día seguinte viaxaron no coche do médico da localidade ata Becerreá, parando nas Nogais, e volvendo a Pedrafita a pasar a noite; desde alí, ao outro día, Vavilov marchou a Lugo para coller o tren de camiño a Asturias.

As plantas polas que se interesou Vavilov

Vavilov fala en *Five Continents* do castiñeiro, a avea negra, o liño, o toxo, os legumes de gran, a nogueira, o centeo, as verzas, as patacas e o millo; quedando fóra das súas observacións e comentarios especies de importancia no país coma os nabos, a vide e as froiteiras; por non dicir

outros cereais: trigo e orxo, mais coidamos que tal cousa se entende ben se temos en conta os seus intereses como colector e os seus puntos de vista como observador da agricultura.

Sabemos que, ademais de ter moi presentes as necesidades agrícolas da URSS, mostraba un grande interese pola *teoría xafética* de N. Y. Marr, e coidamos que tiña moi presentes os achados que acababa de facer en Portugal. Como observador, interesábanlle os elementos peculiares e característicos da agricultura do país, de aí o seu interese no toxo, nas verzas e no castiñeiro. A *teoría xafética* propoñía unha orixe común dos idiomas e das culturas caucásica, etrusca e euscará, e aínda que máis adiante foi desacreditada, converteuse en referente na Unión Soviética nos anos 20 e 30 do século XX. Da consideración en que a tiña sirva o seguinte comentario na parte de *Five Continents* dedicada a Asturias:

Así, desde a agronomía e a botánica foi posible establecer unha interesante conexión entre o norte de España e Xeorxia. As especies cultivadas e o instrumental agrícola son tan específicos e tan típicos que dificilmente se pode dubidar da fonda importancia desta conexión. Recordo con que axitación o académico N. Y. Marr me escoitou falar sobre o asunto. Para el estes feitos poden probar a veracidade da súa hipótese, de acordo coa que o pobo do norte de España está relacionado pola lingua a unha familia xeral de pobos antigos do Mediterráneo e do Cáucaso (1997: 130, tradución nosa).

A N. Y. Marr volve referirse cando trata da «Terra dos Vascos» en *Five Continents*. Na parte de Galicia poden tamén relacionarse as observacións de carácter etnográfico e o que nos di sobre os legumes de gran:

En contraste co sur e co interior de España, os tipos de leguminosas que cultivan: pedrelos, lentellas, garavanzos e ervellas son evidentemente de orixe asiática, posiblemente introducidas en tempos moi remotos desde o Cáucaso ou o sueste de Asia (1997:129, tradución nosa).

Vavilov acababa de atopar nas aveas negras do norte de Portugal, e en Galicia confirmara, probas da súa emerxencia como cultivo desde mala herba. Era algo que viña buscando e, de seguro, lle pensou dedicar ao asunto o apartado «Mimetismo en cereais» previsto para a parte de Portugal en *Five Continents*. Pensamos que lle debeu de ser

(4) Vavilov (1997: 128). Da viaxe por España hai unha tradución para o castelán na revista El Catoblepas (Vavilov 2005). Da viaxe hai tamén testemuños na prensa da época, en especial do seu paso por Asturias, obxecto dun recente traballo: Hurga Melcón (2012).

(5) Iglesias Iglesias (1929). A información de Iglesias sobre a avea xa fora recollida na prensa da época: El Correo de Galicia (11.09.1927: 10), periódico publicado en Buenos Aires.

(6) En razón das manifestacións de Luis Iglesias e de Luis Crespí en dúas cartas a Ignacio Bolívar –Arquivo do Museo de Historia Natural. Madrid. 04 a 24.08.1927 (ACN0285/014)– deberon de recibir a Vavilov entre o 15 e o 16 de xullo. Inclínome polo 16, porque Crespí e Iglesias chegaron a Ponferrada o 14 e foron de excursión a Torneo, feito que non menciona Iglesias, seguramente sen a compañía de Vavilov. Este chegou a Asturias (Pola de Lena) o día 20.

(7) Luis Crespí era catedrático de instituto e investigador no Museo de Historia Natural de Madrid, moi vinculado a Galicia; Luis Iglesias era profesor de bioloxía na Universidade de Santiago e Gonzalo Nieto era catedrático no Instituto de Ourense.

tamén de interese o que viu nos castiñeiros, xa que lle reservaba outro apartado (Vavilov 1997: x). E non esquezamos o que puido escoitar dos seus compañeiros na viaxe. Vavilov recolleu sementes de aveas, centeo, liño e legumes que hoxe se gardan no VIR e noutras coleccións mundo adiante, e deixounos da visita unha impresión na que non faltan erros nos detalles, mais que non deixamos de considerar xusta:

Por todos lados un ten a impresión dunha cultura vella, estática e primitiva, mais ao mesmo tempo orixinal. En esencia Galicia é xeograficamente única no que concirne á súa paisaxe, composición de cultivos, variedade de animais e idioma (1997: 129, tradución nosa).

Nos apartados que seguen trataremos de aveas e castiñeiros, dúas das especies que máis lle interesaron, e das que Luis Iglesias deu noticia do que comentaron con Vavilov.

Avea negra ou afreita (*A. strigosa* Schreb)⁽⁸⁾

A taxonomía do xénero *Avena* está en discusión segundo se empregue unha concepción morfolóxica ou biolóxica de especie. Cultívanse tres especies biolóxicas: *A. strigosa* (diploide), *A. abyssinica* (tetraploide) e *A. sativa* (hexaploide, na que se inclúe *A. byzantina*). Acéptase que a especie biolóxica diploide *A. strigosa* comprende as seguintes especies morfolóxicas: *A. atlantica*, *A. brevis**, *A. hirtula*, *A. hispanica**, *A. lusitanica*, *A. nuda**, *A. strigosa**, *A. wiestii* e *A. matritensis*⁽⁹⁾.

A avea negra, conforme Lloveras Villamanya *et alii* (1983), coñécese en Galicia tamén como *avea do país*, *de monte*, *de pendón* e *moura*. Tamén como *afreitas* en documentos do século XIX (*Avea freita* é un dos sinónimos de *Avea hispanica*). O lugar da avea negra na obra de Vavilov é importante, e o seu interese por ela é anterior á viaxe por España e Portugal. En 1926 dicía, en relación con esta especie: «A área de distribución xeográfica da *A. strigosa* e *A. brevis*, ambas como cereais cultivados ou como malas herbas en cultivos de cereais, parece estar relacionada só co oeste de Europa» (1992: 56, tradución nosa). En 1929, despois da viaxe, deu así conta do que encontrou en Portugal e Galicia:

*Feitos de interese unidos a unha certa localización apareceron relacionados coa Península Ibérica. Tales especies de plantas cultivadas, *A. brevis* e *A. strigosa* –aveas típicas de solos areosos– están, no que afecta a formación dos seus tipos, asociadas claramente coas montañas ao oeste dos Pirineos, mentres que o leste e o resto da Península Ibérica son estraños a estas especies. A enteira xénese deste*

*grupo de aveas-cultivadas-medio-malas-herbas pode seguirse neste lugar. Todos os feitos descubertos por tales estudos poden avaliarse tomando a estas aveas como exemplo. Ata hai pouco, os botánicos sabían de dúas ou tres variedades destas especies: *A. brevis* e *A. strigosa*; agora poden distinguir varias dúcias (1992: 164, tradución nosa).*

O que concorda co testemuño de Luis Iglesias:

*De los datos que dicho señor fue adquiriendo en esta inspección, nos parece útil y de interés consignar que según esta autoridad mundial, la especie de avena conocida como *Avena strigosa* tiene su origen como planta de gran cultivo en Galicia, y de ella encontró en la localidad del Cebrero buen número de variedades nuevas que oportunamente dará a conocer (1931: 4).*

O comentario coidamos que supón, aínda que en absoluto se fale de Portugal, que os seus achados xa estaban claros cando chegou a Galicia, como o propio Vavilov nos confirma en *Five Continents*:

*A avea negra é unha planta característica endémica de aquí e amplamente cultivada en solos superficiais, lixeiros e ácidos. Aquí, e no límite noroeste de Portugal, tiven con toda certeza éxito en elucidar a conexión entre este cultivo e a especie brava xeneticamente moi próxima. Non hai ningunha dúbida de que a xénese das aveas negras e das especies próximas a elas se produciu nos territorios do noroeste dos Pirineos. Mentres infestan outros cultivos, en particular o trigo, estas aveas impuxéronse ao trigo que demanda máis do solo, e desenvolvéronse como cultivo independente. Aquí hai dúas clases de aveas negras: *A. strigosa* subsp. *strigosa* e subsp. *brevis*. As dúas cun gran número de variedades descubertas descoñecidas en calquera outro país (1997: 128, tradución nosa).*

A orixe do cultivo de *A. strigosa* en Galicia e Portugal segue manténdose hoxe á luz da moita maior información de que dispoñemos. I. G. Loskutov (2008), do VIR, dixo recentemente que da análise da diversidade das variedades locais da especie na colección do VIR, na que están moitas das recollidas por Vavilov, dedúcese que a variabilidade concéntrase en Gran Bretaña, Alemaña, España e, especialmente, Portugal; e para as formas de gran espido Gran Bretaña. E dinos dunha difusión da especie cara ao norte:

*A distribución de *A. strigosa* cara ao norte na Gran Bretaña foi acompañada por cambios ambientais, expandindo os habitats das formas de *A. strigosa* subsp. *brevis* e máis tarde producindo mutacións recesivas do tipo característico das formas espidas de *A. strigosa* subsp. *nudibrevis* que foron descritas por Linneo como *A. Nuda* L. (2008: 217, tradución nosa).*

E conclúe:

*O centro de orixe e diversidade para a especie diploide *A. strigosa* é España e Portugal; para as formas de gran espido (*A. strigosa* subsp.*

(8) No sucesivo suprimimos o autor do nome científico.

(9) As formas con (*) son as cultivadas.

nudibrevis) designada por Linneo *A. nuda* é Gran Bretaña (2008: 219, tradución nosa).

A *avea negra* ou *afreita* foi ata trinta anos atrás a máis importante das aveas cultivadas en Galicia e no Norte de Portugal (Lloveras Villamanya *et alii* 1983)⁽¹⁰⁾, como o fora na propia Inglaterra ata o século XVIII e, máis ao norte, nas illas de Shetland e Orkney, case o único cereal cultivado. A súa presenza en Gran Bretaña e Irlanda documéntase, polo menos, na Idade de Ferro, época en que se dataron con seguridade os restos arqueolóxicos máis antigos⁽¹¹⁾.

As aveas, ademais de utilizarse na alimentación animal, foron tamén utilizadas en Galicia e Portugal para a alimentación humana. As *afreitas*, fariña pouco muda, semellantes ao *porridge* escocés e ao *gruau* francés, foron de consumo habitual nalgunhas áreas de Galicia ata entrado o século XX. Posiblemente as aveas nunca tiveron aquí a importancia alimentaria á que chegaron en Escocia e Irlanda, pero nas montañas da antiga provincia de Mondoñedo –a Irlanda galega– as aveas, aínda que por detrás do centeo, eran un cultivo importante nos séculos XVI e XVII⁽¹²⁾. Outras aveas (*A. hirtula* e *A. lusitanica*, tamén do grupo *strigosa*) utilízanse nalgunhas zonas do sur de Galicia en sucesión co millo para a produción invernal de forraxe. Non foi tampouco estraño o cultivo das aveas con outro cereal. Un exemplo antigo son as *auenas triigais* dunha das máis antigas mencións de aveas en documentos galegos medievais⁽¹³⁾.

Hai pois, a través das aveas negras, un antigo vencello agrario –e cultural– entre as vellas terras atlánticas europeas. Hoxe en día, o cultivo das aveas negras case desapareceu en Galicia e no Norte de Portugal. O mesmo sucede en Gales, Escocia e Irlanda⁽¹⁴⁾. En Inglaterra xa fora substituída pola *A. sativa* no século XVIII. Mais fronte a esa desaparición do cultivo onde tivo a súa orixe e tradición antiga, o cultivo da avea negra está a florecer como cultivo invernal de cobertura para forraxe do gando en Arxentina, Uruguai, Brasil e Chile dun xeito semellante a como se cultivaba no sur de Galicia e Portugal. O cultivo da avea negra chegou a estes países e a algunhas illas (Azores, Madeira, Canarias) seguramente levado polos

colonizadores portugueses e galegos, cousa dos últimos cincocentos anos.

O castiñeiro (*Castanea sativa* Miller)

O que Vavilov puido ver no castiñeiro no norte de Portugal debeu de chamarlle moito a atención, pois no guión da visita ao país que escribiu para *Five Continents* reserváballe un apartado especial; e no resumo das súas observacións sobre a agricultura en España (que deben estenderse a Portugal), cualifícao de «cultivo endémico» (1997: 132, tradución nosa) só aquí descrito⁽¹⁵⁾ xunto coa avea negra, a *escanda*, o toxo e algunhas verzas.

Na parte de *Five Continents* dedicada a Galicia di así da importancia do seu cultivo, que el sitúa por riba do carballo:

Soutos e castiñeiros (Castanea sativa) son típicos de Galicia e cobren decenas de milleiros de hectáreas. O castiñeiro é a árbore dominante nos bosques galegos. Encóntrase tanto bravo como cultivado. As castañas serven como alimento para a xente así como, penso, para os animais (1997: 128, tradución nosa).

E conforme Luis Iglesias lles comentou:

También fijó en Galicia el punto de irradiación del castaño cultivado en el resto del mundo donde el árbol se utiliza por sus frutos (1931: 4).

Un supón que o comentario de Vavilov, ben recente a visita a Portugal, se asentaba no que o agrónomo ruso viu alí, e que o que estaba a ver en Galicia era a súa continuación. Pode que tamén nas supostas conexións culturais entre o Cáucaso e o norte da Península Ibérica. A falta de maior información, inclinámonos a pensar que no noroeste de Portugal puido observar unha gran variabilidade nas poboacións de castiñeiros bravos⁽¹⁶⁾, pois esta tamén se dá no sur de Galicia (Vavilov 1997: 128). A época da súa visita, comezos de xullo, en plena floración do castiñeiro, non podía ser máis propicia. Coidamos que así é posible entender o seu comentario no Cebreiro.

(10) Neste traballo dan como especies cultivadas en Galicia *A. byzantina*, *A. sativa* e *A. strigosa*, así como *A. hirtula* e *A. lusitanica*. *A. strigosa* era a de cultivo máis frecuente e xeneralizado.

(11) É difícil poder distinguir as distintas especies do xénero *Avena* nos restos arqueolóxicos. Está determinada a presenza do xénero, non se sabe se de aveas bravas ou cultivadas, na Idade do Bronce en Gran Bretaña. En Escocia encontráronse restos claros de *A. strigosa* da Idade de Ferro.

(12) Saavedra Fernández (1985: 146). Os achados arqueolóxicos para o círculo lítico da Mourela (As Pontes) confirmanos ao situar as aveas como segundo cereal despois do centeo para a mesma época. Vid: Antolín & Alonso (2009).

(13) Tombo de Lourenzá, documento número 176, s.d. (Rodríguez González & Rey Caiña 1992).

(14) Hai un renovado interese por ela nas Highland escocesas, e nas illas Orkney e Shetland.

(15) Ao cualifícalo de endémico parece estar a consideralo un dos centros de orixe primarios.

(16) Esta gran variabilidade das poboacións de castiñeiro bravo do sur de Galicia, que debe prolongarse polo norte de Portugal, foi examinada recentemente: Fernández-López et alii (2010).

A variabilidade do castiñeiro, que case con seguridade supoñemos que Vavilov observou no noroeste da Península Ibérica, encontra confirmación nos traballos recentes de paleopalinoxía e xenética de poboacións, aínda que non se siga o fío dos seus comentarios. Así, considérase moi probable que se localicen na Península Ibérica (Krebs *et alii* 2004) dúas áreas de refuxio do castiñeiro na época glacial: unha delas na costa Cantábrica que chegaría ao norte de Galicia, e outra no sur de Galicia e o norte de Portugal. O que indican os datos palinolóxicos parecen confirmalo os estudos xenéticos das poboacións de castiñeiros bravos (Fernández-López *et alii* 2005 e 2010). Nestes traballos propónse a división das poboacións galegas (e peninsulares) en tres grupos: cantábricas, mediterráneas e do sur de Galicia⁽¹⁷⁾, correspondendo as primeiras e as terceiras ás dúas áreas de refuxio posibles. A singularidade das poboacións de castiñeiros do norte da Península tamén se apoia nos particulares haplotipos⁽¹⁸⁾ encontrados en poboacións de Galicia e Asturias (Fineschi *et alii* 2000). Estes datos indican o carácter autóctono das poboacións galegas de castiñeiros bravos e das castes domésticas tradicionais. Aínda que apenas dispoñemos de testemuños arqueolóxicos da súa utilización anteriores á época romana, un pensa que se había castiñeiros, seguramente se utilizaba tanto a súa madeira como as castañas. Outra cousa é que abundasen nunha economía asentada na gandería e o monte. En función da información palinolóxica, arqueolóxica e documental propúxose (Conedera *et alii* 2004) que o cultivo chega coa incorporación do país ao Imperio Romano e a súa expansión prodúcese durante a Alta Idade Media, malia con variedades de orixe local. A hipótese non é nova.

Suxeriuse recentemente (Buck, s.d.) que as poboacións de castiñeiro do sur de Inglaterra e Irlanda teñen unha forte relación coas ibéricas. Os restos arqueolóxicos en Gran Bretaña remóntanse ao Imperio Romano, e xa entón non sería estraño que chegase material procedente de aquí; pero debeu de haber tamén introducións posteriores de acordo co que nos di Miller, o botánico que lle deu o seu actual nome científico á especie, que recomendaba para semente as castañas procedentes de España e Portugal fronte ás doutras procedencias⁽¹⁹⁾.

(17) Ou dúas: cantábricas e mediterráneas/sur de Galicia.

(18) Haplotipo: combinación específica de alelos (xenes) ligados que se transmiten xuntos a un cromosoma.

(19) Miller (1754: vol. 1, Voz: *Castanea*, The Cheftnut-tree). Nela dise: «as mellores castañas para sementar son como as traídas de Portugal e España e que se venden normalmente en inverno para comer, sempre que non se sequen no forno». Tradución nosa.

(20) Seguindo os pasos de Vavilov, o VIR levou a cabo expedicións no país en 1977 e 1986.

O material vexetal recollido por Vavilov en Galicia

Iglesias conta como pasaron o primeiro día en Pedrafita do Cebreiro:

Empleamos la tarde en reconocer los sembrados de centeno, avena, trigo, lino y legumbres donde el señor Vavilov recogió muestras de semillas para importar a su país y someterlas a detenido estudio durante su desarrollo en los numerosos y bien dotados campos de experimentación que a su disposición tiene (1931: 4).

O mesmo fixeron ao día seguinte nas Nogais.

Examinando a base de datos do VIR encontramos accesións de avea negra, centeo e liño colectadas por Vavilov ao seu paso pola montaña luguesa⁽²⁰⁾. Ata onde sabemos, estas son as máis antigas mostras de sementes colectadas en Galicia que se conservan en bancos de xermoplasma. Na base de datos *Pasaporte* do Centro de Recursos Xenéticos do INIA (CRG) as máis antigas procedentes de Galicia son dúas de trigo de 1933, unha de orxo de 1935 e dúas de aveas de 1940-41.

Repercusións da viaxe

Do paso de Vavilov por Galicia e do que comentou aos seus acompañantes, apenas chegaron a nós os comentarios de Luís Iglesias dos que máis adiante se fixo eco López Cuevillas (1955).

A importancia das viaxes de Vavilov para as súas teorizacións sobre a orixe da agricultura e as plantas cultivadas son abondo coñecidas, pero o seu paso por Galicia non é máis ca un ben breve capítulo de *Five Continents*. Maior transcendencia na obra de Vavilov foi o seu achado en Portugal, e acó, de probas de como unha mala herba (*A. strigosa*) se transforma en cultivo.

En certo xeito, consecuencia tamén o foi a creación en Galicia, bastantes anos despois, de bancos de xermoplasma. O groso das coleccións galegas foi organizado a partir dos anos oitenta do pasado século,

cando agricultura tradicional estaba a piques de desaparecer.

Para os seus acompañantes, o paso de Vavilov pola montaña luguesa foi o prólogo dunha viaxe aos Ancares que se prolongou durante todo o mes de xullo de 1927 e que se continuou polo Invernadoiro e A Queixa no mes seguinte. Viaxe financiada pola Junta de Ampliación de Estudios e as deputacións de Pontevedra e Ourense. Desta viaxe temos o testemuño de Luis Iglesias e unha serie de artigos publicados polos participantes no *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural* nos anos seguintes sobre varios asuntos: prados, castiñeiros, etnografía, proposta de creación dun parque rexional galego, etc. En calquera caso pouco do que trouxo a Vavilov ata acá.

Unha nota final

O obxecto das coleccións de sementes e plantas –os bancos de xermoplasma– que motivaron as viaxes de Vavilov non só está no estudo e valoración do material nelas recollido e no seu uso na mellora de plantas; interesa tamén a súa conservación ante a forte perda de variabilidade das plantas de cultivo que está a favorecer a agricultura actual, co abandono dos métodos tradicionais

de produción e os cambios no uso de moitos dos espazos agrarios, interesa porque seguimos, e seguiremos, a depender das plantas cultivadas, e a conservación da súa diversidade asegúranos que seguirán a sernos útiles, e interesa porque son parte esencial da nosa historia e da nosa cultura: parte viva do noso pasado.

Material recollido no país témolo tanto nos bancos existentes en Galicia (CIAM-Mabegondo, EVEGA-Leiro, CIFL-Lourizán e Misión Biolóxica de Galicia) como noutros de España e doutros países, tal é o caso das sementes colectadas por Vavilov. É bo que así sexa. O material que se garda nos bancos está encomendado a investigadores e técnicos para a súa conservación e estudo; mais da súa existencia e valor debería ter coñecemento toda a sociedade, pois só co aprecio de todos é posible asegurar a súa conservación.

Bo exemplo das vicisitudes que poden sufrir os bancos de xermoplasma ofréceas o propio VIR. Neste momento, unha parte das coleccións, as de froiteiras da estación experimental de Pavlovsk, preto de San Petesburgo, corren perigo de perderse porque o estado ruso quere transformar os seus terreos en soares. Non lles resulta familiar?

Sobre a historia do castiñeiro en Galicia: as técnicas de cultivo e a distribución xeográfica

Resumo Segundo os datos polínicos, a presenza do castiñeiro en Galicia é moi anterior á romanización. No entanto, a expansión do seu cultivo produciuse ao longo da Idade Media. A través de diversas fontes, especialmente dos documentos medievais, faise unha aproximación ao que foron as técnicas de cultivo e aproveitamento do castiñeiro, e á evolución da súa distribución xeográfica, ao longo do período medieval. Faise, tamén,

unha descrición do que foi a presenza do castiñeiro en cada unha das sete provincias galegas do período do Antigo Réxime.

Palabras chave Castiñeiro; Historia do castiñeiro; Cultivo do castiñeiro; Castiñeiro na Idade Media; Castiñeiro na Idade Moderna; *Castanea sativa* Miller.

Indican os estudos palinolóxicos que o castiñeiro é especie antiga en Galicia e en todo o noroeste da Península Ibérica, moi anterior á romanización⁽¹⁾. Nun recente traballo (Krebs *et alii* 2004) sobre os posibles refuxios glaciais da especie durante o cuaternario propónse á costa cantábrica como unha das áreas en que, posiblemente, se conservou a especie, xunto co Cáucaso, o noroeste de Anatolia e certas partes de Italia. Tamén se considera probable que a área cantábrica alcanzase Galicia e o norte de Portugal.

En calquera caso, as probas de que se aproveitase a castaña no noroeste da Península Ibérica antes da conquista romana son escasas, e fannos supoñer que tiña, en todo caso, pouca importancia. Aínda que a especie non fose introducida, o inicio do seu cultivo e a súa extensión presúmense posteriores.

Na última revisión que coñecemos sobre a orixe e difusión do cultivo en Europa (Conedera *et alii* 2004) dise que a

romanización puido introducir as técnicas de cultivo e aproveitamento da especie, pero que o desenvolvemento e extensión do cultivo son posteriores e deben asociarse coas estruturas socioeconómicas medievais.

Abonda na idea de relacionar o cultivo coa romanización que tanto o nome da especie como unha parte importante do léxico relacionado co castiñeiro sexan, nas linguas peninsulares, de orixe latina.

Neste marco pode inscribirse o que ata hoxe sabemos sobre a orixe e difusión do cultivo do castiñeiro no noroeste da Península Ibérica. E así como non temos indicios claros do seu cultivo antes da romanización, a partir do século VIII aparecen, cos primeiros documentos medievais galegos, tamén os primeiros testemuños escritos sobre a especie e o seu aproveitamento, e non como novidade senón como algo xa plenamente establecido.

(1) A presenza de pole de *Castanea* xa se sinalou para o Plioceno e Pleistoceno inferior en Galicia. Continúa a aparecer tamén durante o Holoceno como mostran os estudos feitos en diversos lugares de Galicia (Aira Rodríguez *et alii* 1989 e 1994; Santos Fidalgo *et alii* 1997; Ramil-Rego *et alii* 1996; etc.).

Este desenvolvemento do cultivo, posterior á romanización, correspóndese cos resultados dos estudos polínicos que presentan, en Galicia e Norte de Portugal, niveis baixos de pole de *Castanea* antes da ocupación romana e aumentos importantes do mesmo nos últimos 2000 anos. Na recente revisión de Conedera *et alii* (2004), ao trataren os datos polínicos da zona, apreciaron un forte incremento a partir do ano 600 D.C. Ou sexa, a expansión do cultivo produciríase na Alta Idade Media.

No presente traballo centrarémonos en dous asuntos: as técnicas de cultivo e a distribución xeográfica. Quedan a un lado cuestións importantes como o seu papel na alimentación humana, o seu lugar na produción agraria, no pagamento de rendas e na paisaxe, entendida esta última como forma en que se organiza o aproveitamento das terras. O traballo é, polo tanto, limitado xa nas súas intencións.

O cultivo do castiñeiro en Galicia na Idade Media

Os primeiros testemuños: soutos, castiñeiros e castañas

O *saltus* ou *sauto* dos primeiros documentos medievais tiña xa un significado semellante ao que hoxe ten en galego e portugués: plantación de castiñeiros⁽²⁾; pois desde o primeiro momento aparecen diferenciados de devesas e carballeiras (rovoreta)⁽³⁾; e aínda que non son frecuentes nos primeiros documentos as alusións á composición dos soutos, as que coñecemos fan referencia a castiñeiros⁽⁴⁾.

Ademais, sabemos de soutos que o eran hai máis de mil anos. Sirva de exemplo o mosteiro de Santa Cristina de

Ribas de Sil, fundado no ano 876 nun sauto, «*o sauto de Merilan*», no que se atopa⁽⁵⁾.

As mencións de soutos, castiñeiros e castañas nos documentos están evidentemente relacionadas co seu aproveitamento e cultivo, pois senón dificilmente se encontrarían máis que como referencia ocasional. *Sauto* aparece xa como topónimo de forma illada nun documento do século VI⁽⁶⁾ e de forma habitual nos documentos a partir do século VIII⁽⁷⁾.

As mencións de castiñeiros e castañas son menos frecuentes que as de soutos en documentos anteriores ao ano mil. De castiñeiros: *castiniaries*, *castanarias*, *etc.*, coñecemos só tres mencións do século IX, das que dúas son topónimos⁽⁸⁾. Fanse comúns a partir do século X. Estas mencións refírense a árbores de forma xeral, entre outras especies froiteiras, pero en casos fálase explicitamente de plantacións ou de árbores illados e da súa situación⁽⁹⁾.

Por todo o anterior, coidamos que o cultivo do castiñeiro, de exemplares illados ou en plantacións, xa estaba plenamente establecido en Galicia nos séculos VIII-X, e debemos supor que tamén queda testemuñada a produción de castañas⁽¹⁰⁾, o principal obxecto do seu cultivo.

A superficie dedicada ao castiñeiro debía de ir entón en aumento. Os estudos polínicos dan unha frecuencia máxima de pole de *Castanea* en Galicia e Norte de Portugal do 4.5% sobre o ano 600, que se fai do 25% para o ano 1020; ou sexa, cinco veces maior (Conedera *et alii* 2004). Coidamos pois que a expansión do cultivo do castiñeiro debe asociarse, para o noroeste peninsular, coas estruturas económicas da temperá Idade Media, unha época para a que apenas temos documentos⁽¹¹⁾.

(2) En latín o *saltus* orixinal é bosque, selva, floresta. En castelán, bosque á beira dun río.

(3) Samos, 226-947, «*molinos, devesas, sautos*». Celanova, 163-932, «*sua roboreda et sua salta*». Nos exemplos que daremos, indicarase a fonte do seguinte xeito: colección documental, número de documento–ano, «*texto que se cita*», lugar e concello actual. Non todos estes elementos aparecerán en todas as citacións.

(4) Celanova, 423-957, «*et de ipso sauto qui ad ipso villare pertinet medietatem de XX castanarias*»; *ib.*, 197-975, «*de ipso sauto medietatem integram ... exceptis Illis castanarios de Froilo*».

(5) Santa Cristina, 1.

(6) España Sagrada, apéndice V, 342-569 «*Petroneto. Equisis ad saltu*».

(7) Documentos odoarianos, 1-747, «*et in Sauto Maiore ecclesia*», «*et suos sautos ab integro*».

(8) Diplomática astur, T. 1, 25-816, «*et per illa Formaza de rio Castanios*»; Sobrado I, 34-887, «*ad Castanaria Pescoso*».

(9) Celanova, 165-963, «*et alia terra calva que iacet ante illam portam cum suos kastaniales*».

(10) A primeira mención que coñecemos dunha renda de castañas é do século X. Celanova, 446-959, «*quarta integra et de castanas similiter*».

(11) Segundo os datos polínicos manexados por Conedera (2004), o cultivo do castiñeiro desenvolveuse xa en época romana en Liguria, Toscana e Insurbria (Italia e Suíza), as outras zonas con altas porcentaxes polínicas na Idade Media.

As técnicas de cultivo na Idade Media

Aínda que os primeiros documentos non tratan sobre as técnicas de cultivo do castiñeiro, pensamos que, de forma indirecta, podemos facernos unha idea sobre os seus tres principais elementos: *plantación*, *enxerto* e *poda*. Como veremos, os tres estaban implantados en Galicia entre os séculos VIII a X, o que non debe estrañarnos porque as técnicas destes traballos xa foran descritas polos agrónomos latinos⁽¹²⁾; con todo, será a través da documentación baixomedieval, e especialmente dos foros, que se nos amosen de xeito explícito, da man dos escribáns, unhas formas de cultivo e aproveitamento que chegaron intactas a nós, ata no seu léxico⁽¹³⁾.

A partir do século X as referencias a soutos e castiñeiros fanse moito máis frecuentes e detalladas. A abundancia responde fundamentalmente á existencia de moitos máis documentos, non a unha maior proporción de mencións, que como veremos máis adiante, non se producen máis que nalgúns casos. Que se dean maiores detalles, procede, principalmente, das propias necesidades do contido dos documentos. Aínda así, non se debe desbotar, polo menos en certas zonas, unha crecente importancia do cultivo do castiñeiro, algo semellante ao que se produciu noutras áreas de Europa Occidental.

Plantación

A soa existencia e constitución dos soutos fai evidente a plantación. Os documentos que falan de *chantar* e *plantar*, *poñer* e *pobrar*, ou de *entrenchantar*⁽¹⁴⁾; ou sexa, tratan de novas plantacións, ou de aumentar a densidade de plantacións xa existentes, ou de repoñer as perdas de árbores nos soutos xa establecidos.

Das técnicas de plantación non hai descrición nos documentos, pero coidamos que as formas eran as practicadas ata tempos recentes, podéndose dar por boa a descrición de Fernández Crespo de finais do século XIX:

Siembran la castaña en las huertas una aquí y otra allá de manera que no puede llamarse semillero, lo que obedece a que el agricultor no precisa mas que unas cuantas plantas para la repoblación de sus castañas; y de plantar algún

castañal compra las plantas a los que les sobran de su repoblación.

Cuando las plantas tienen desarrollo suficiente (2,50 metros de alto por 6 u 8 centímetros de diámetro) se trasplanta de asiento en forma que queda citada al hablar de su cultivo en general (09.11.1898).

As árbores debían soportar, en todo momento desde a plantación, o pastoreo e todos os traballos do souto. Ademais, moitas plantacións establecéronse en terras abertas, comunais, onde as condicións de uso non as fixaba o dono da árbore.

Enxertado

O enxertado sempre foi un traballo delicado no caso do castiñeiro, pero necesario para a propagación de variedades á que estivo sempre vencellado⁽¹⁵⁾. Por iso, aínda que as primeiras mencións explícitas do enxertado que coñecemos son do século XII, débemolo supor anterior, pois as técnicas eran xa coñecidas polos romanos e sabemos da mención dunha variedade, a *Rubial*, no século X, denominación que chegou ata hoxe⁽¹⁶⁾.

As mencións do enxertado e dos enxertos non son raras na documentación medieval, estando referidas, a meirande parte delas, ao castiñeiro. Se atendemos só aos documentos, mesmo é unha técnica case exclusiva desta especie. Dáse ata o caso en que *enxerto* faise sinónimo de castiñeiro⁽¹⁷⁾. O enxertado do castiñeiro era práctica xeneralizada, pero non obrigada para a produción de castaña.

O método tradicional de enxertado máis común foi o *de coroa*. A técnica foi así descrita por Boedo Cardois⁽¹⁸⁾:

Entre todas las prácticas de los buenos injeridores es sumamente laudable el injerto que en el castaño hacen los labradores de este país. Si el árbol va crecido y notan que no produce buen fruto, a últimos de marzo, ó á los primeros días del mes de abril lo sierran horizontalmente á unos ocho ó nueve pies sobre tierra: afinan bien con una navaja la cabeza del patrón, y colocan las púas como se ha dicho en el injerto de coronilla; las tapizan con el excremento fresco de ovejas, repasando bien todo el borde del patron (1836: 78).

(12) Non hai máis que ver a *Historia Natural* de Plinio o Vello ou o *Tratado de Agricultura* de Paladio.

(13) Para o rico e variado vocabulario sobre o castiñeiro e as castañas poden verse os traballos de Ebeling & Krüger (1952) e de Rivas Quintas (1997).

(14) Oseira, 1232-1293 «*et o al que e por chantar, deve[molo a chantar de] castineyros*»; Celanova, 9, «*ad soutu quem Donnnon plantavit*»; Pombeiro, 115, «*e ponades a dita cortiña de Çenfogos de castineyros*»; Pombeiro, 55, «*e entre-chantedes e enxertedes*».

(15) Atribúese ás variedades Presa e Luguesa (Elorrieta y Artaza 1949) que as árbores obtidas de semente producen bo froito sen necesidade de enxerto.

(16) Carboeiro, 18, «*de castinario ruuiale*», Negreiros-Silleda.

(17) Santo Estevo, 87-1370, «*Item duas leiras aa Estrada hua con enxertos e outra se, elles*», Nogueira.

(18) Esta descrición é unha das poucas con xeito nun libro curioso por disparatado.

Déixase ben claro que o enxertado non era obrigado, pois só se practicaba «si el árbol va crecido y notan que no produce buen fruto»⁽¹⁹⁾. Por outra parte, a altura á que se practica «ocho o nueve pies» é a que se ve aínda nos soutos tradicionais, e dificulta que o dane o gando ou os traballos do souto. Continúa a descrición de Boedo Cardois explicando a protección que se dá ao enxerto, dun xeito que chegou ata hoxe.

Del resto del madero que se cortó despegan dos ó tres cortezas como de palmo y medio de largo con las que forman una especie de embudo alrededor de la cabeza del patrón atándolas por abajo con unos mimbres, de modo que no toquen ni muevan alguna pua ni antes ni después de la atadura. En esta disposición le macizan una poquita de tierra entre la corteza del patrón y las cortezas postizas, para que, aunque estas vengan á arrugarse con la sequedad del tiempo, tampoco puedan tocar á las puas encerradas. Echan además de tierra enjuta la suficiente hasta cubrir las puntas de las puas: dan otra ligadura inmediata á la corona del cascarrón ó cortezas, tápase ó cúbrese todo con un césped ó terrón que impida el agua de las lluvias. El terrón queda al mismo tiempo clavado en las puntas de dos varillas sostenidas á lo largo de las cortezas por las ligaduras de los mimbres. Desde las puntas de las puas, o desde la tierra que está dentro del embudo al terrón dejan un hueco de tres á cuatro pulgadas (ib.: 78-79).

Fernández Crespo (1898-1899) e outros autores dan tamén este sistema como o habitual, e facíase no segundo ano despois da plantación. Considerábase que era o que mellor resultado daba cando se enxertaba no propio souto. Tamén se practicaron tradicionalmente os enxertos de *caña, frauta e xema*.

As alusións a castiñeiros «*presos de garfeo e de rays*», que aparecen en documentos galegos desde o medievo, indican que se consideran cumpridas as condicións pactadas de plantación de castiñeiros cando as raíces da árbore prenderon no terreo de asentamento definitivo e tiñan a puga ou garfo como enxerto.

Co enxertado buscábase asegurar a calidade do froito e/ou da madeira. Está polo tanto vencellado á existencia de variedades ou cultivares de características contrastadas e normalmente con denominacións concretas. O castiñeiro é a especie froiteira da que se atopan máis mencións de denominacións varietais na documentación medieval galega.

Algunhas das denominacións antigas que continúan sendo utilizadas, como *Verdeal e Negral*, xa foron mencionadas noutros traballos sobre os soutos na Idade Media (Ríos Rodríguez 2001); pero na documentación publicada hai outras con nomes que, en casos, aparecen nas actuais coleccións de cultivares de castiñeiros, tales como *Abarcal*⁽²⁰⁾, *Branco, Calvo, Rubial e Temperano* (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). Hai outras denominacións para nós descoñecidas hoxe como *Abana, Asadeyro, Soutilao* (hai *Soutiña*), *Tounal, Badial, Colibrinia*. As dúas últimas responden, seguramente, a cultismos empregados polo escribán. Dada a lonxevidade do castiñeiro, non sería estraño que moitas das variedades que chegaron ata nós xa fosen coñecidas na Idade Media, e que, nalgúns casos, o sexan sobre un enxerto feito entón.

Poda

Hai testemuños do *cepado*: poda de formación ou de renovación da copa para a produción de froito ou madeira-froito, en documentos dos séculos X e XI⁽²¹⁾. Coidamos tamén que é indicio desta práctica a mención dalgunha “*castanaria cova*” (co toro furado) o que, cos anos, pode ser consecuencia do cepado; ademais de indicar unha árbore xa vella⁽²²⁾.

O tipo de poda depende da orientación produtiva do souto. A información que dan os documentos é escasa, pero utilizando testemuños próximos das prácticas tradicionais, e tendo en conta que as técnicas responden a pautas comúns en distintos lugares e especies arbóreas, podemos facer unha pequena achega ao asunto, distinguindo entre os tratamentos das árbores enxertadas e os das bravas.

Árbores enxertadas

Fernández Crespo (1898-1899) di respecto á poda que debe formarse unha copa aberta para a produción de froito e que para madeira deben seleccionarse pólas verticais. Estes dous xeitos de poda corresponden ás descritas en soutos tradicionais, como de produción de froito propia do sueste de Galicia ou de madeira-froito propia da montaña de Lugo (Fernández-López 1984).

A observación de Fernández Crespo (1898-1899) dun maior esmero nas podas no val do Sil que na área central de Lugo pode explicarse pola maior intensidade e importancia do cultivo no val do Sil:

(19) De acordo cos documentos, en zonas de cultivo intensivo como Pombeiro, o enxerto aparece como prescrito, unha obriga.

(20) En diversos documentos de coleccións das que se dá conta na bibliografía. Por exemplo, *abarcal*, atopouse varias veces na documentación: San Clodio do Ribeiro, 428-1404, «*a sobre llos castineiros abartaes*», Devesa-San Clodio; Oseira, 108-1276, «*in qua stat unus castinarius abarcal*», Ribadavia. A denominación atópase hoxe en zonas próximas.

(21) Celanova, 165-963 «*usque plega in illo zepo*»; ib., 197-975-1011, «*et lles zepos*»; ib., 368-975-1009, «*et feret in cepo de illo castanario*».

(22) Carboeiro, 15-961.

La poda, si bien la practican con algún esmero en Quiroga por ser más estimado allí el árbol, en los demás puntos, especialmente en las comarcas del centro desmochan todo el árbol quedando el tronco con pequeños muñones de las ramas que causa verdadera tristeza el mirarlos. (9.11.1898).

A poda para froito produce madeira de pouco grosor que pode utilizarse nas viñas para a rodriga das cepas e para facer emparrados. Non é pois estraño que se utilizasen formas de poda intensivas nas zonas vitícolas. As mencións de uso da madeira de castiñeiro para isto non son raras nos documentos medievais⁽²³⁾, como non era rara a asociación de viñas e soutos da que xa deu conta Huetz de Lemp (1967).

A forma de madeira-froito facilitaba pezas de maior tamaño, útiles para a construción ou para cerrumes de fincas como foi tradicional no Courel.

En calquera caso, o enxertado e a dedicación á produción de froito limitaron tradicionalmente o tamaño das pezas de madeira que se podían obter, tanto en longura como en diámetro. Isto foi xeral en toda Europa, e o castiñeiro utilizouse de forma limitada para grandes pezas estruturais na construción.

Árbores bravas

Practicáronse en Galicia dúas formas de cultivo do castiñeiro sen enxertar:

O *bravádego*⁽²⁴⁾, *trepezal*, ou *souto bravo*⁽²⁵⁾. Cultivo en cepa baixa sen enxertar.

Castiñeiro bravo ou de *madeira*⁽²⁶⁾ (trabe ou viga).

O *bravádego* utilizouse en Galicia como forma intensiva de producir madeira de baixo diámetro e quenda corta para tonelaría, cestería, artes de pesca, etc. O sistema de cultivo describiuno Columela como forma de produción de madeira con que rodrigar as viñas, o seu principal obxecto ata tempos recentes en boa parte de Europa, coa excepción de Galicia e todo o noroeste da Península

Ibérica, en que a madeira para as viñas procedía das árbores de froito (Pitte 1986: 131). Coñecemos só unha mención medieval de bravádegos (Universidade de Santiago, 315-1438: «*et deuses et aruores, arrôôs et barbadegos*»).

Sabemos tamén só dunha mención de *castiñeiros bravos*⁽²⁷⁾ en documentos medievais, así como outra de castiñeiros de *madeira*, que xa citamos, e que consideramos case equivalente. Nos dous casos trátase de árbores illadas. Non atopamos mencións explícitas de soutos sen enxertar, aínda que seguro que non eran raros, dado que, probablemente, ao igual que as árbores illadas, atopábanse por toda Galicia. Hai tamén mencións de pezas de madeira que, polas súas características, seguramente procedían de árbores sen enxertar⁽²⁸⁾.

Sabemos de mencións de soutos de castiñeiros bravos de épocas posteriores. Aparecen, por exemplo, no libro interrogatorio de Cerdedo (Pontevedra) no Catastro de Ensenada. Neste caso, a densidade de plantación, doce árbores por ferrado, era case o dobre que para árbores de froito, e a quenda de corta era de corenta anos. Fernández Crespo (1898-1899), a finais do XIX, indica que na zona de Becerreá eran frecuentes os soutos sen enxertar para a produción de madeira. Ás árbores bravas podábaselles progresivamente as pólas laterais para conseguiren toros altos e uniformemente grosos para trabes. O famoso souto de Catasós en Lalín é deste tipo.

A madeira de castiñeiro tradicionalmente usábase para táboas, pontóns, mobles, estruturas interiores das casas e de retablos nas igrexas, etc. Son raras as mencións do seu uso para trabes. En relación á calidade da madeira, hai variedades caracterizadas pola súa excelencia desde antigo, como a *De parede*, da montaña de Lugo e do occidente de Asturias, e a *Toubesa*, do sur de Lugo. En moitos lugares apreciábase, especialmente pola súa calidade, a do castiñeiro bravo criado en terreos de calidade⁽²⁹⁾.

(23) Mencións explícitas de madeira para viñas aparecen por exemplo no Minutario Notarial de Pontevedra, 107-1434, «*et avedes de ayer et tomar de madeira dos meus castiñeiros a que ouverdes mester para elo [cubir cas, lagar e viña]*»; Santo Domingo de Viveiro, 64-1448, «*para pobrar e madeirar as ditas viñas*». A presenza de castiñeiros ao pé das viñas aparece en documentos de Celanova, 325-1034, «*et alia leira de vinea levat se de illa carraria et vadit cum sua capezaria de salto*». Tamén en San Clodio do Ribeiro, Oseira e outros.

(24) Tamén denominado *terrestal*, *braval* e *arcal*.

(25) A mención máis antiga de souto bravo que coñecemos é a que fai o Padre Sobreira nas súas *Papeletas* (1979) como sinónimo de *bravádego*. Con todo, a contraposición manso-enxertado fronte a bravo-sen enxertar xa estaba asentada no medievo.

(26) Utilizamos adrede a denominación do documento que segue: Baixo Miño, 19-1447, «*Iten mais Hun castineiro de ma dera enno souto*».

(27) Álvaro Pérez, 156-1457, «*que cortou hñu castineyro brabo que era de Sã Justo de dentro da vjna*».

(28) Minutario Notarial Pontevedra, 46-1434, «*cinquenta e cinco dusias de taboas de castaño serradas dos toros et maderias que vos eu mostrey, as quaes tavoas han de ser desta guisa: de tres palmos de ancho et de dous medio et de palmo et medio*». Pola anchura (palmo=20 cm) e pola mención dos toros posiblemente se trate de castiñeiros sen enxertar.

(29) Goy Diz (2007: Vol. 1, 463), 916-1633, «*esceto los traseros y adornos que an de ser de buen castaño bravo y de buena ebra y color*».

Outros traballos e aproveitamentos

Dáse tamén nos documentos noticia ocasional doutros traballos no souto. A *roza*⁽³⁰⁾, precisa para facilitar a recolección e o pastoreo; e o *marcado*, que pode ser da propia tenza de souto⁽³¹⁾, importante cando a propiedade das árbores e o solo van xuntas, ou do toro das árbores⁽³²⁾, utilizada para identificar a propiedade das árbores sobre terras comúns.

Tamén hai mencións ocasionais de cultivo⁽³³⁾ e pastoreo⁽³⁴⁾. Que moitos dos traballos dos soutos non aparezan nos documentos só indica que a xuízo dos seus redactores non era necesario falar deles.

Recolección e tratamento da castaña

A recolección e o tratamento da castaña foron descritos por diversos autores e coñécense ben os seus detalles e rico vocabulario⁽³⁵⁾. Algúns termos recollidos nestes, como *castañas cascudas*, *castañas peteladas*, *castañas pisadas*, *estelos*, *corripa*, etc., foron utilizados nos documentos medievais.

O primeiro traballo era o *varexado* ou *sacudido*⁽³⁶⁾ das árbores, que se facía coa axuda de longas varas (baloira, vara, rebolo, etc.) o que permitía unha rápida recolección dos ourizos. Testemuño indirecto desta práctica é a mención dos *estelos* ou *destelos*⁽³⁷⁾ (castañas caídas ao abrírense os ourizos na árbore, e de menos valor) e das *ouriceiras* ou *corripas*.

O varexado tamén se practicaba en Francia e Italia: Vivarais, Cantal, Córcega, Toscana, Piemonte, etc. En Galicia non foi xeral, pois non se facía no sueste e no val do Sil, onde as castañas se recollían directamente do chan.

Xa se practicaban os dous procedementos tradicionais de conservación da castaña: o curtido na *ouriceira* ou *corripa*, e o secado no *canizo*. A ouriceira non priva do secado.

A ouriceira

Aparece como *cisterna* en documentos dos mosteiros de Ramirás, San Clodio do Ribeiro e Oseira; como *corripa* ou *loriça* en documentos do norte de Galicia⁽³⁸⁾. As zonas en que se usaban *corripa* e *loriça* parecen ser as mesmas que aparecen nas modernas recollidas de léxico. As ouriceiras non aparecen nos documentos do sueste de Galicia onde, como dixemos, as castañas recollíanse directamente do chan e ían directamente para o canizo.

Préstase a confusión o termo *cisterna* que aparece en numerosos documentos e que entendemos que se usa no lugar de ouriceira, seguramente como un cultismo. Non coñecemos ningunha descrición da forma e do uso da *cisterna*, pero polos propios documentos sabemos que:

- 1) A cisterna atópase no propio souto⁽³⁹⁾.
- 2) Distínguense as castañas da cisterna das desteladas ou caídas⁽⁴⁰⁾. Ou sexa, as castañas debían entrar na cisterna no ourizo.
- 3) Podería tratarse dunha instalación de curado por auga, pero esta non chegou como técnica importante ata hoxe en Galicia. Ademais, iso só se fai coa propia castaña soa, sen ourizo.

A ouriceira é un sistema de conservación temporal da castaña que prolonga a súa conservación, á vez que fai máis rápida a colleita, facilita a extracción do froito do ourizo e pospón os traballos de tratamento do froito. Para unha longa conservación, pasara ou non a castaña pola ouriceira, había que recorrer ao secado no canizo.

(30) Pombeiro, 61-1396, «*que rozedes et reparedes*».

(31) Pombeiro, 146-1438, «*a meatade do noso souto de Seenço que foy de Iohan de Seenço, segundo que vos for partido e marcado*».

(32) Ferreira de Pantón, 127-1416, «*e por todas las árboles castaneiras e çerdeyras que o dito Johan de Carreira pẽẽgou e marcou*»; Baixo Miño, 19-1447, «*Iten mais hun castineiro de madeira ... que ten huna cruz eno teio*».

(33) Oseira, 1299-1300, «*et se hy [no souto] semeardes pam ou outro froyto dardes nos terça*».

(34) Pombeiro, 194-1459, «*et damosuos todo libre poder que posades leuar et meter uosos porcos en no dito souto cada et quando que quiserdes et por ben teuerdes*».

(35) Ebeling & Krüger (1952) e Rivas Quintas (1997).

(36) Santo Domingo de Viveiro, 41-1421, «*sacudido e colleyto enna corripa*», Mondoñedo.

(37) Oseira, 1617-1343, «*et meas de castanas tan ben desteladas commo da çisterna*».

(38) Ramirás, 25-1238, «*et castaneas in cisterna*»; Mondoñedo, 1251-1404, «*peteladas ao pe da corripa*».

(39) Oseira, 1901-1384, «*o meo do nosso souto da Rigueira da Granja que parte por la cisterna dos Lombardos*».

(40) Oseira, 1901-1384, «*tan bem das estaladas commo da cisterna*».

O secado

O secado da castaña practicouse en toda Galicia. Mentres o pagamento de rendas en castañas verdes é limitado, o de *castañas secas* ou *pisadas* foi xeral en todas as institucións e lugares. Pero no sueste de Galicia, de clima máis seco, non se utilizaba a ouriceira e as castañas, salvo as consumidas no momento, ían directamente a secar ao *canizo*. Este atopábase con frecuencia na mesma cociña das casas, pero nalgúns zonas había construcións especiais, os *sequeiros*⁽⁴¹⁾, para o secado das castañas no souto ou na mesma aldea, sobre todo cando os soutos quedaban lonxe dos lugares de habitación permanente. En moitos lugares de Galicia ao igual que había ribeiras de viñas, habíaas de castiñeiros; e os labregos da montaña, aínda de lugares afastados, procuraban ter os seus soutos. Así pasaba en Caldelas e Montederramo coa ribeira do Sil, en Porto (Zamora) no Bibeí, no val de Lóuzara entre a parte alta e a baixa. Por riba de certas altitudes, variando segundo as zonas, o castiñeiro non é produtivo en Galicia.

Distribución xeográfica do cultivo na Idade Media

Antes do ano mil

Tomando como base documentos anteriores ao ano 1000 de Celanova, Samos, Sobrado, Tombo A da Catedral de Santiago e Caaveiro, intentaremos facer algunha luz sobre a distribución xeográfica do castiñeiro, tendo en conta a sobriedade da información, a falta de uniformidade das coleccións de documentos que manexamos, e que apenas temos noticia para amplas zonas de Galicia⁽⁴²⁾. Na Táboa 1 pódense ver as frecuencias con que os soutos son mencionados nalgúns coleccións de documentos.

Comparamos as proporcións de mencións de soutos nas cinco coleccións documentais da Táboa 1⁽⁴³⁾ coa media xeral. Fíxose tanto para as mencións de plantacións como para plantacións + topónimos. Os resultados foron semellantes nos dous casos.

Aínda que son máis frecuentes os documentos con mencións de soutos en Celanova que en Samos e no

Tombo A, as diferenzas non son significativas entre estas coleccións documentais. Non sucede o mesmo no caso de Sobrado, en que a proporción de mencións de soutos é moito máis baixa, nin no caso oposto de Caaveiro, de altísima frecuencia, pero de dubidosa significación⁽⁴⁴⁾.

Se examinamos a orixe xeográfica das citas, as diferenzas toman un aspecto máis definido, pois aínda que os cinco mosteiros están apartados uns dos outros, algúns deles teñen soutos nos mesmos lugares.

Para o Tombo de Celanova a maioría das mencións atópanse na actual provincia de Ourense e no sur de Lugo: Bubal, Lemos e Quiroga, sobre os vales do Miño e do Sil.

No caso de Samos, de nove documentos, tres corresponden a un souto en Bubal, onde tamén tiña soutos Celanova, dous á zona de Lán cara, dous a Lemos, un a Sarria e outro en Camba. Chaman a atención a escaseza de mencións preto do mosteiro, que está nunha zona na que abundan os soutos.

Das catro mencións do Tombo A, tres sitúanse no val do Miño, entre o Ribeiro e Tui, e outra en Portugal.

No caso de Sobrado, tres estaban no val do Ulla, outra no actual Ribeiro, outra en Nendos, nas Mariñas, e outra no val do Eo. No Ribeiro tamén tiñan soutos Celanova e a Catedral de Santiago (Tombo A).

As mencións de Caaveiro corresponden ao seu couto.

As mencións explícitas de castiñeiro anteriores ao ano mil son moito menos frecuentes que as de soutos⁽⁴⁵⁾. A primeira noticia que temos de pagamento de renda de castañas é do século X⁽⁴⁶⁾.

Aínda que o conxunto de toda esta información non deixa de ser fragmentario, soutos e castiñeiros aparecen sobre todo no sur de Galicia, sobre os vales do Miño e do Sil, onde tradicionalmente o seu cultivo se asociou ao cultivo da vide; pero debía de estar espallado por todo o país, sempre que as condicións ambientais o permitisen. Nisto si que son significativas as mencións do Tombo de Caaveiro⁽⁴⁷⁾, algunhas de Sobrado, e as poucas e espalladas doutras institucións como a Catedral de Lugo, Carboeiro,

(41) Aparecen nos documentos de Pombeiro e Santo Estevo de Ribas de Sil. Pombeiro, 91–1419, «*et que façades hy un sequeyro*».

(42) A maioría das fontes documentais que se poden manexar proceden do territorio da actual provincia de Ourense.

(43) Comprobación das proporcións de cada mostra coa media xeral mediante a proba chi-cuadrado.

(44) No caso de Caaveiro, aínda que o número de documentos anteriores ao ano 1000 é pequeno, cítanse soutos no 50 % dos documentos; pero en 21 documentos do século XI non se mencionan. Nisto son máis coherentes as coleccións de Celanova, Sobrado e Samos.

(45) Coñecemos cinco mencións de Sobrado, outras tantas de Celanova, unha de Carboeiro e outra de Lérez.

(46) Celanova, 446-959, «*quarta integra et de castaneas similiter*».

(47) Caaveiro, 1, 10, 11, 12.

etc⁽⁴⁸⁾. Estas últimas observacións tamén apuntan ás Mariñas e ao val do Ulla como zonas onde os soutos terían unha certa importancia. Isto pódese ver representado no Mapa 1.

Esta distribución xeográfica do cultivo que se nos presenta un tanto borrosa a través da documentación da época,

verémola confirmada nos séculos posteriores e ata datas ben recentes. O seu patrón, se non ten unha orixe previa, debeu de establecerse e consolidarse neses séculos anteriores ao ano mil en que os estudos polínicos, como xa vimos, sitúan a grande expansión do cultivo do castiñeiro en Galicia.

Institucións	Número de documentos antes ano 1000	Mencións de soutos (topónimos + plantacións)		Mencións de soutos (plantacións)	
		Número de documentos	%	Número de documentos	%
<i>Celanova</i>	234	38	16,2%	26	11,1%
<i>Sobrado</i>	103	6	5,8%	1	1,0%
<i>Samos</i>	74	9	12,2%	6	8,1%
<i>Tombo A</i>	58	6	10,3%	4	6,9%
<i>Caaveiro</i>	8	4	50%	4	50%
Total	477	63	13,2%	41	8,6%

Táboa 1.- Frecuencias de mención de soutos en varias coleccións de documentos

Entre os séculos XI e XV

Os estudos polínicos (Conedera *et alii* 2004) indican que a importancia do castiñeiro desde o século XI ata o XV non deixou de aumentar, aínda que a un ritmo menor que nos séculos do VII ao X. Pasou do 25 ao 30%. A diferenza non é grande.

Nos documentos, o número de mencións de soutos, castiñeiros e castañas increméntase, así como tamén os detalles sobre o cultivo e o aproveitamento; pero este incremento débese, en liñas xerais e como veremos, a que coñecemos moitos máis documentos, pois a proporción de mencións, en termos xerais, baixa desde o século XI ao XIII, para aumentar de novo nos séculos XIV e XV. No relativo ao maior número de detalles, coidamos que están motivados por unha necesaria precisión dos contratos.

Non hai que confiar moito na frecuencia das mencións nas coleccións documentais, por non seren estas uniformes na súa composición, asuntos e estilo. Nin a abundancia de

mencións ten que ser proporcionada á importancia do cultivo, nin tampouco á escaseza.

Como na alínea anterior, utilizaremos a frecuencia de mencións de soutos, castiñeiros e castañas para intentar examinar a súa distribución xeográfica durante o período, e tentar facer algo de luz sobre a evolución do cultivo. Tomaremos como base dezasete coleccións de documentos que dividimos en cinco zonas, agruparemos as mencións por século e colección, reunindo as mencións ata o século X⁽⁴⁹⁾ nunha clase⁽⁵⁰⁾.

Examinamos mediante análise de varianza os datos tendo en conta dous factores: *século* e *zona*.

Hai diferenzas significativas entre *zonas* ($P= 0,006$) pero non entre *séculos* ($P= 0,1469$). A diferenza entre zonas débese fundamentalmente á distancia da zona do Sil respecto das demais. En relación ao *século* (evolución temporal), a diferenza non está lonxe de ser significativa ($P= 0,1469$). Quere isto dicir que hai evidencia de

(48) Pode consultarse a base de datos do Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (Codolga).

(49) Oeste: Tombo A, Sobrado, Carboeiro, Toxosoutos, Universidade de Santiago e Álvaro Pérez (provincias de Pontevedra e A Coruña ao sur das Mariñas); Leste: Samos e Ferreira de Pantón (provincia de Lugo agás a antiga provincia de Mondoñedo); Sur: Celanova, Ramirás, Oseira e San Clodio do Ribeiro (provincia de Ourense agás o val do Sil); Norte: Caaveiro, Vilourente e Xubia (antigas provincias de Betanzos e Mondoñedo); Sil: Santo Estevo e Pombeiro (val do Sil).

Desbotáronse os séculos de cada colección con menos de vinte documentos. No relativo aos séculos, todas as coleccións son incompletas.

(50) Nota dos editores: os datos analizados ían ir nun anexo. Dito anexo desapareceu, polo que non se inclúen nesta publicación.


diferenzas entre zonas como no período anterior, que examinaremos na seguinte alínea; e posiblemente tamén houbo cambios ao longo do período, pero estes non se presentan de xeito claro a través dos documentos.

As frecuencias por zona e a importancia do cultivo do castiñeiro

A zona do Sil (Pombeiro e Santo Estevo), destaca significativamente sobre as outras catro cunha frecuencia

media de mencións do 27,8 %. Nesta zona, xunto co sur, xa tiña grande importancia o castiñeiro no século X, e continuou sendo así ata tempos recentes.

Para o Sil, non hai máis que ver a densidade de detalles dos documentos de Pombeiro para apreciar unha actividade agrícola asentada sobre as castañas e o viño⁽⁵¹⁾, que aquí alcanzaba a súa maior intensidade. Ata o mesmo mosteiro de Oseira tiña acó unha parte importante da súa colleita de castañas (granxa de Oleiros).



Mapa 1.- Distribución das mencións de soutos e castiñeiros anteriores ó ano 1000 en Galicia.

Factores	Suma de cadrados	Graos de liberdade	Cadrados medios	F	Valor P
Século	0,094	5	0,019	1,79	0,147
Zona	0,191	4	0,048	4,53	0,006
Resíduo	0,295	28	0,011		
Total	0,581	37			

Táboa 2.- Análise da varianza da frecuencia de mencións de soutos, castiñeiros e castañas, séculos XI-XV, para ver se existen diferenzas significativas entre os séculos e catro zonas de Galicia descritas no texto

Ese forte peso da produción de castaña que aparece nos documentos de Pombeiro dos séculos XIV e XV debía de ser antigo. Non esquezamos que o mosteiro foi fundado no século X nun souto e que nesta zona xa se localizaban algúns dos soutos que se mencionaban en documentos anteriores ao século XI de Samos, Sobrado e Celanova.

As diferenzas non son significativas entre as outras catro zonas; pero se se baixase o nivel de significación ao 70% tamén se diferenciaría o sur das outras tres restantes zonas, con frecuencia media do 11,9 %. Nesta zona, especialmente no val do Miño, xa aparecían localizadas varias mencións de soutos anteriores ao ano mil.

Entre as outras tres zonas as diferenzas non son significativas, aínda que se ordenan de acordo coa importancia que soubemos que tiveron na Idade Moderna. A zona leste ten unha frecuencia media do 7 %. Só forman parte dela dúas coleccións, por tanto, o resultado é pouco fiable, aínda que a súa situación no conxunto de áreas estea dentro do esperable. Polo demais, a zona norte ten unha frecuencia media de 4,1 %; e a zona oeste do 3,3 %.

O castiñeiro seguía a ser máis importante no sur que no norte de Galicia, con frecuencia asociado á vide, pero dentro da zona vitícola había lugares en que adquiría unha especial importancia. Era así moito máis importante en Pombeiro que no Ribeiro.

As frecuencias por século e a importancia do cultivo do castiñeiro

As diferenzas na frecuencia das mencións non son significativas ao 95%, pero estando lonxe, merecen un exame e ser tidas en conta.

Os valores máximos alcánzanse nos extremos da serie: nos séculos X e XV cun 14,3% e 16,1% de mencións respectivamente. Do século X ao XIII (4,9%) diminúen de xeito case uniforme e aumentan nos séculos XIV e XV. Esta parece ser a pauta xeral nas coleccións de documentos examinadas, con algunhas excepcións, aínda que as coleccións estean lonxe de se comportaren de xeito consistente ao longo do tempo.

Este comportamento dos datos pode corresponder a cambios nos documentos como os que fixeron desaparecer deles aos *pumares* a partir do século XII, ou a unha diminución temporal dos soutos, da que se recuperan nos séculos XIV e XV. Non o sabemos. En calquera caso os cambios non semellan uniformes nin lineares.

(51) Lucas Álvarez (1996: 40) di para este mosteiro: «*La viña y los soutos constituyen la base de la agricultura en el patrimonio monástico*».

(52) Pero non están ausentes noutras coleccións como Rocas, Bispado Tui, Vilourente, etc.

(53) Celanova, 9-1009-1041, «*quem Donnon plantavit*».

(54) As mencións son moito máis frecuentes en Oseira, Ferreira de Pantón, Pombeiro e Ramirás que en Santo Estevo e San Clodio. As diferenzas entre Pombeiro, por un lado, e San Clodio do Ribeiro e Santo Estevo, polo outro, serían significativas ao 70%.

Unha regresión dos datos para o período dos séculos X-XV daría un crecemento medio por século do 2,2% durante o período, pero cunha correlación baixa: 0,30. O crecemento do cultivo debeu de ser moderado, no que coincide a nosa análise cos datos polínicos. En todo caso, non semella que houbera perda de importancia dos soutos, agás como veremos nalgunhas zonas.

As plantacións de castiñeiros

Podemos tamén tentar un exame da evolución do cultivo a través das mencións de novas plantacións de castiñeiros, as de replantación e renovación de soutos, así como as de substitución dos soutos por outros cultivos. Apenas temos mencións para o norte, leste e oeste de Galicia, polo que estas zonas quedan fóra do noso comentario. Centrarémonos no sur e no Sil: coleccións de documentos de Ferreira de Pantón, Pombeiro, Ramirás, San Clodio do Ribeiro, Santo Estevo e Oseira⁽⁵²⁾. As mencións sitúanse na súa maioría nos séculos do XIII ao XV, período ao que nos referiremos en adiante.

Que se fale de plantacións novas é sempre, no caso do castiñeiro, dada a súa lonxevidade, indicativo dunha expansión ou intensificación do cultivo. Por iso mesmo, cando se fala de substitución estase a falar de retroceso. O número de mencións de plantacións é, en conxunto, escaso, o que fai o seu valor moi limitado. Aínda máis escasas son as mencións de substitución por outro cultivo.

Da plantación de soutos xa se falaba en documentos máis antigos como no documento de Celanova do século XI no que se alude a quen plantou un souto⁽⁵³⁾.

Podemos dividir as plantacións de castiñeiros en dúas clases: 1) Replantacións para cubrir as perdas de árbores ou para recuperación e mellora de soutos; 2) Plantación de novos soutos ou de árbores espalladas en terras con outras dedicacións. A primeira supón un cultivo consolidado, a segunda expansión.

Xunto ás dúas clases de plantacións de castiñeiros, convén ter presente outro tipo de situación: a substitución de soutos por outros cultivos, proba do retroceso do seu cultivo.

Cando tratamos por análise de varianza as proporcións de documentos que falan da plantación de soutos e castiñeiros en relación co total dos que tratan do cultivo, das seis coleccións antes citadas, non atopamos diferenzas significativas entre *mosteiros* ($P= 0,27$) nin entre *séculos* ($P= 0,58$)⁽⁵⁴⁾.

Se pasamos a examinar as replantacións non hai diferenzas entre séculos ($P= 0,30$), pero si entre mosteiros ($P= 0,04$). Son moito máis frecuentes en Oseira e Pombeiro que en Ferreira de Pantón, Ramirás e San Clodio do Ribeiro, estando Santo Estevo nunha posición intermedia. En plantacións novas non atopamos diferenzas significativas entre mosteiros nin entre séculos. Semella que non hai diferenzas significativas no ritmo de plantación, nin no tempo, nin entre mosteiros; aínda que si entre mosteiros no que se refire a replantacións. Vexamos o que sucede nos dous casos extremos de mosteiros: Pombeiro, onde maior é a actividade, sobre todo replantadora, e San Clodio do Ribeiro, onde menos actividade de plantación aparece.

No caso de Pombeiro a balanza inclínase claramente do lado das replantacións, e aínda se inclinaría máis se tivéssemos en conta as condicións de coidado e conservación dos soutos que, de xeito xeral, figuran nos numerosos documentos da colección que tratan de castiñeiros e soutos; pois cando se di neles *et que reparedes todo ben en tal maneira que se non percan os novos delo per mingoa de lauor et de bõõ paramento*⁽⁵⁵⁾ está implícita, entre outros traballos, a reposición das árbores perdidas. Os soutos de Pombeiro aparecen, sobre todo no século XV, como plantacións consolidadas nunha zona en que as novas plantacións non fan máis que reafirmar o papel capital que tiña alí o cultivo.

No caso de San Clodio do Ribeiro o número de mencións de plantacións novas e replantación é baixo. Nese momento estaba en plena expansión o cultivo da vide, e como veremos, a substitución de castiñeiros por vides no Ribeiro. No mesmo sentido de diminución de importancia do castiñeiro no Ribeiro vai a observación de Lucas Álvarez (1996: 92) para San Clodio do Ribeiro dunha perda de importancia do castiñeiro na zona entre os séculos XIII e XV⁽⁵⁶⁾.

No seu conxunto, para toda Galicia, semella que as plantacións, a un ritmo máis ou menos uniforme, non deixaron de medrar durante todo o período: as mencións que coñecemos de plantacións e replantacións son 72 fronte a 7 de substitución de soutos por outros cultivos.

Substitución de soutos por viñas

Atopamos nos documentos algunhas substitucións de viñas por soutos, pero son casos illados na documentación

e non sabemos se se trata dun retroceso da viña fronte o castiñeiro ou cambios en zonas máis ou menos marxinais. En xeral, nos documentos preséntase unha preferencia xeneralizada polo cultivo da viña e dos cereais ao castiñeiro: estes só se poñen «*onde non tolla pan nen viño*»⁽⁵⁸⁾.

Pero chama a atención, na colección de Oseira, a presenza dunha serie de documentos, todos na zona do Ribeiro, nos que se fai explícita a substitución de soutos por viñas a cabalo dos séculos XIV e XV⁽⁵⁹⁾. Polo menos nese momento debía de estar producíndose unha expansión do cultivo da viña que estaba a eliminar unha parte dos soutos.

O castiñeiro en Galicia na Idade Moderna

As técnicas de cultivo do castiñeiro, tal como aparecen na documentación medieval, son as mesmas que chegaron ata nós. Non semella que os cambios, se é que os houbo, fosen máis aló de certos detalles. En testemuños modernos do cultivo tradicional como as de Fernández Crespo (1898-1899) e Ebeling & Krüger (1952), e ata nos máis recentes, non apreciamos mudanzas.

Con respecto á distribución xeográfica do cultivo en Galicia, as pautas que segue na Idade Moderna e ata mediados do século XIX son claramente herdeiras da distribución medieval, aínda que, ao estaren máis próximas, podemos velas con maior detalle.

O principal documento de que dispoñemos para isto é o Catastro de Ensenada. Sobre el elaborou Bouhier (1979) un mapa no que se representa a importancia do castiñeiro de acordo coa porcentaxe que ocupa da superficie cultivada, aínda que só sobre unha parte de Galicia, como se pode ver no Mapa 2. Esta distribución está de acordo, en liñas xerais, co que sabemos sobre a súa distribución baixomedieval, e mesmo da que podemos deducir dos testemuños anteriores ao ano mil.

A información fornecida por Bouhier deixa fóra amplas zonas do país: a meirande parte das actuais provincias da Coruña e Pontevedra (antigas provincias de Santiago e A Coruña) e a case totalidade da de Ourense. Nas antigas provincias de Santiago e A Coruña o cultivo do castiñeiro sempre foi escaso, como xa vimos nos documentos

(55) Pombeiro, 91-1419.

(56) O mesmo autor destaca a maior importancia do cultivo dos cereais que o da castaña no Ribeiro durante toda a Idade Media.

(57) Oseira, 1180-1433, Partovia. Pombeiro, 278-1491.

(58) Catedral de Ourense, 387-1266, «*et non plantetis arbores nisi in loco ubi non tollant panem uel uinum*»; Id, 498, 499, 500-1289. Ferreira de Pantón, 35-1310, «*e se fezerdes y souto fazérdello en lugar que non tolla pan nen viño*».

(59) Hai polo menos cinco documentos que tratan do asunto: 1232, 1542, 1707, 1718 e 1808.


medievais, pero na antiga provincia de Ourense foi importante ata hoxe. Intentaremos completar a súa información coa que nos ofrecen outros traballos xa publicados. Achegarémonos á situación para cada unha das provincias do Antigo Réxime.

Provincia de Tui

En 1752 na antiga provincia de Tui había soutos na meirande parte das parroquias, pero dunha superficie reducida. Segundo Pegerto Saavedra (1996) o souto ocupaba o 2,4 % da superficie cultivada. Isto contrasta co testemuño de Fernando Colón (1988), no século XVI, que fala da abundancia de castiñeiros na zona de Vigo, Porriño e Tui. Bouhier (1979) interpreta que isto se debeu a un

retroceso do cultivo do castiñeiro relacionado coa expansión do cultivo do millo, iniciada no século XVII.

Do pouco fiable testemuño de Fernando Colón e dos datos do Catastro de Ensenada pensamos que non se pode deducir que o castiñeiro estivese en retroceso na antiga provincia de Tui. Nun estudo sobre a zona en plena Idade Media (Portela Silva & Pallares Méndez 1971), aparece unha agricultura baseada nos cereais e o viño, sendo habituais rotacións bienais dos primeiros, e onde o castiñeiro ten un papel máis ben pequeno na produción de alimentos, aínda que aumentaba un pouco na parte oriental. En todo caso, o patrón de distribución que mostra, baseado nas mencións documentais, semellábase xa ao do Catastro.



Mapa 2.- Superficie dos soutos como porcentaxe de superficie agraria no Catastro de Ensenada (Fuente: Bouhier, 1979: Mapas fora do texto nº 20). 0: menos de 5%; 1: 5 %; 2: 10%; 3: 20%; 4: 30 %; 5: 40 %⁽⁶⁰⁾.

(60) Os concellos que non teñen cifra figuran en branco no mapa de Bouhier.

Abundan nisto os poucos documentos medievais da zona que falan de soutos e castiñeiros, nos que aparece a preferencia do cultivo do viño e dos cereais sobre o castiñeiro e a plantación de árbores espalladas arredor das terras de cultivo⁽⁶¹⁾.

Provincia de Santiago

O castiñeiro estaba xeneralizado na antiga provincia de Santiago, pero seguía a ter escaso peso, e en moitos lugares non se consideraba do castiñeiro outra utilidade que a produción de madeira (Rey Castelao 1995: 106). Segundo Pegerto Saavedra (1996) ocupaba o 1.3% da superficie cultivada. A castaña apenas tiña importancia nos décimos. Esta escasa importancia confírmana estudos feitos para o século XVIII en diversas bisbarras: Trasdeza, Ulla, Xallas, etc. No Salnés o castiñeiro utilizábase especialmente para facer arcos de pipas, indicador claro do cultivo en *trepezal* (ou *arcal*) (Pérez García 1979: 185).

Pero nalgúñas zonas moi localizadas da provincia o cultivo era importante. Rey Castelao (1995) encontrou parroquias nas que as castañas tiñan un peso apreciable nas declaracións do décimo como en Paleo (3,8%), Quembre (13,1%) e Beira (4,1%), do actual concello de Carral, nas Mariñas. Na Xurisdición de Arzúa, segundo o memorial de Don Juan Codesido, citado por Presedo Garazo (1997), a produción concentrábase en certas parroquias: Arceo, Bures, Arca, Touro, Turces e Viñós, que tiñan todas máis de 100 ferrados⁽⁶²⁾ (16,15 hl.) de produción, e Bama, que chegaba a 602 ferrados (97,22 hl.). Convén sinalar que nas parroquias de Arca e Bama sitúanse catro das dez mencións de castiñeiros e castañas da colección de documentos do século XIV da Universidade de Santiago.

Provincias da Coruña e Betanzos

Na antiga provincia da Coruña a superficie de souto era pequena, 0,4% da superficie declarada, equivalente a 1,3% da cultivada, (Rey Castelao 1995 e Saavedra Fernández 1996).

Na provincia de Betanzos era máis alta, entre 1,7 e 6,2%⁽⁶³⁾. Nas Mariñas, a superficie de souto era arredor das 40 has. por concello, e no norte da provincia (Ortigueira, As Somozas, Moeche, etc.) a súa importancia era aínda maior (Bouhier 1979). Tense posto de relevo (Rey Castelao 1995) que as carballeiras e os soutos tiñan especial importancia

en determinadas parroquias do norte da provincia, na zona próxima á antiga provincia de Mondoñedo: Narahío (25,45 has.), Devesos (42,7 has.), Insua (43,5 has.), Mañón (53,3 has.) e As Somozas (88,6 has.)

Da importancia do souto nesta zona tamén temos o testemuño coetáneo do Padre Sarmiento (1950: 59)

Es de la feliglesia de Vilarrube sobre la ría de Cedeira. (...) La cuesta es la mas amena que he visto, pues a imitación de la de San Esteban de Ribas de Sil y mucho mejor, toda está llena de castaños mansos [enxertados], y azia Vila Rube y San Roman al Oriente tiene legua y media de largo este hermoso castañoal.

Os documentos medievais de Sobrado, Caaveiro e Xubia xa sinalaban unha presenza importante do castiñeiro nas Mariñas.

Provincia de Mondoñedo

Na antiga provincia de Mondoñedo (Viveiro, Xove, Oulol, Valadouro, Mondoñedo, etc), o castiñeiro ocupaba espazos aínda maiores, continuación dos soutos do norte da antiga provincia de Betanzos. Segundo Pegerto Saavedra (1996) chegaba ao 6,8% da superficie cultivada, só por detrás da provincia de Ourense.

A distribución nesta zona, seguindo o catastro de Ensenada, foi tamén examinada por Pegerto Saavedra (1985) con detalle por zonas de características xeográficas homoxéneas. En 1752 non había soutos na Rasa Cantábrica e na Montaña. A área de cultivo, 1.146 ha., segundo as declaracións, distribuíanse polo resto da costa, os vales de Viveiro, Valadouro, Cabarcos e Lourenzá, e as zonas de transición á Montaña. Parece como se o castiñeiro fuxise das beiras do mar máis expostas e non excedese os 400-500 metros de altitude, en contraste co sur de Galicia, en que chega en condicións produtivas ata máis de 1000 metros. Estes soutos, a través dos vales do Eo e do Navia, están vencellados aos soutos da montaña oriental galega e aos da parte occidental de Asturias. Parte das variedades eran comúns⁽⁶⁴⁾.

A importancia dos soutos do norte de Galicia xa se nos amosaba a través dalgúñas coleccións de documentos como as de Vilourente e Santo Domingo de Viveiro a finais da Idade Media.

(61) Por exemplo: Bispado de Tui, 54-1329, «e devedes dos castineyros aa chantar pelos risios do dito lugar»; ib., 62-1337 «e non chantedes castineiros hu collades pam nen vino».

(62) As medidas tradicionais pasáronse ao sistema métrico de acordo coas equivalencias de cada localidade.

(63) 1,7% a 5% segundo Rey Castelao 1995; 6,2% segundo Saavedra Fernández 1996.

(64) Por exemplo, a De parede esténdese das Nogais ata Mondoñedo e Lourenzá, e polo occidente de Asturias.

Provincia de Lugo

O castiñeiro tiña escasa presenza na Terra Chá e aumentaba progresivamente de Lugo cara ao sur, sendo especialmente forte nas zonas de Chantada, Lemos e Quiroga. Ocupaba, como media, o 6,2% das terras cultivadas (Saavedra Fernández 1996)⁽⁶⁵⁾ da provincia e nas declaracións decimais supoñía o 10% do total (Rey Castelao 1995).

Da montaña oriental destacan na parte norte Navia e A Fonsagrada, cos soutos localizados por baixo dos 700 metros nos vales do Navia e do Rodil, pois nas parroquias máis altas da zona non había soutos (Saavedra Fernández 1979); diminúe a súa presenza na zona central, Cebreiro, Becerreá, para volver aumentar no Courel. A zona en que tiña máis peso era arredor do curso do Sil: O Courel, A Pobra de Brollón, Carballedo, etc., do mesmo xeito que no século XV xa destacaba Pombeiro.

Nesta zona superaba en importancia aos cereais. Por exemplo en Allo (Sober) o décimo eran 1.200 ferrados (176,6 hl.) de cereais e 3.000 (550,5 hl.) de castañas; e en Coba (Carballedo) 500 ferrados de centeo (78,6 hl.) e 2.000 (420 hl.) de castañas (Rey Castelao 1995). Na granxa de Oleiros, do mosteiro de Oseira, situada na zona, as rendas de castaña triplican e ata cuadriplícan ás de centeo no século XVIII (Eiras Roel 1987).

No sur da provincia de Lugo o cultivo do castiñeiro foi crecente ata datas relativamente próximas, algo que tamén atoparemos no sueste ourensán. Villares Paz (1982: 193) apunta, que entre o Catastro de Ensenada e 1880, o souto incrementou a súa importancia xunto co prado, en detrimento do labradío, dentro do proceso de intensificación produtiva⁽⁶⁶⁾. O millo e a pataca non substituían aquí ás castañas, os tres eran parte do proceso de intensificación.

Provincia de Ourense

Era, entre todas as provincias galegas do Antigo Réxime, onde o castiñeiro tiña máis importancia. Saavedra Fernández (1996) estimou que en termos xerais o castiñeiro ocupaba aquí o 9,9 % das terras de cultivo; distinguindo a zona na que non se producía millo, onde o castiñeiro chegaba ao 17,2%, daquela na que si se cultivaba: 16,1%. Rey Castelao (1995), na súa mostraxe, atopa un maior peso na zona oriental, 12% da superficie total declarada no catastro (22,6% da superficie cultivada),

fronte ao da occidental, 3,1% (4,9% da superficie cultivada), semellante ao da provincia de Betanzos.

Sobre a zona oriental hai que destacar a alta importancia do castiñeiro no val do Sil e a evolución do cultivo castiñeiro nas montañas do sueste.

Da importancia do castiñeiro no val do Sil xa falamos para a Idade Media. Para a Idade Moderna xa comentamos en parte a situación ao falar da provincia de Lugo. A intensificación dos soutos levou tamén, nalgúns lugares, ata a rega dos soutos, como se practicaba nas zonas de Quiroga (Rey Castelao 1995: 80) e Caldelas (Sotelo Blanco 1992: vol. 2, 141).

En relación co sueste de Galicia, Bouhier (1979) dá conta da enorme diferenza entre a superficie declarada no Catastro de Ensenada e a dos anos sesenta, pois pasaba de 175,16 ha a 989,14 ha. Con independencia da gran marxe de erro á que están sometidas estas cifras, tanto as do catastro como as modernas, como recoñece o propio Bouhier, isto pode, en parte, corresponder a unha expansión do cultivo do castiñeiro posterior ao Catastro de Ensenada e, curiosamente, parella á da pataca, como apunta Gabriel Quiroga (1988) no seu estudo da terra do Bolo. A castaña viña ser, segundo este estudo, e baseándose en información de inventarios, un 2,33% do volume da colleita⁽⁶⁷⁾ no período 1600-1609, do 6,14% en 1750-59 e do 17,56% en 1800-1819, en que aparece a pataca cun 34,9%. Esta expansión moderna do cultivo do castiñeiro tamén pode apoiarse na observación de Bouhier (1979) sobre a orixe, próxima no tempo, das plantacións de castiñeiros en orde frouxa sobre as terras de cereal (*faceiras*), propias da zona.

A modo de remate

A información que manexamos é incompleta. En boa parte da Galicia occidental a presenza do castiñeiro sempre foi escasa, pero iso non quita que en certas parroquias e ata bisbarras tivese unha apreciable importancia.

Na zona oriental de Galicia e boa parte da provincia de Ourense foi onde, desde a Alta Idade Media, tivo máis importancia, e aínda hoxe o é. Así foi, polo menos, ata mediados do século XIX.

O que veu despois foi un retroceso do cultivo, retraéndose a presenza dos soutos á Galicia oriental, ao que se engadiu máis recentemente o progresivo abandono dos soutos.

(65) Segundo Rey Castelao (1995) ocupaba o 1,2 % das terras declaradas, 3,6% da terra cultivada.

(66) O souto pasaría do 9,2% das terras de cultivo en 1753 ao 12,7%, cun incremento relativo do 58%. O labradío pasaría do 48,2% ao 37,1%, cunha diminución do 12%.

(67) Contando os cereais, castañas e patacas.

Con todo, a maior perda foi a dos soutos do norte de Galicia, os das antigas provincias de Betanzos e Mondoñedo, practicamente desaparecidos.

O papel que neste retroceso xogaron, por unha banda, os cambios nos sistemas de cultivo, e, pola outra, as enfermidades, tinta e cancro, quedan xa fóra deste exame.

Os *pumares* na Galicia altomedieval

Resumo *Pomar* e outros termos afíns teñen unha grande presenza na documentación medieval galega. Partindo deste feito, analízase o que os *pomares* representaron en Galicia no período medieval: as formas de propiedade, o papel das súas producións, como eran aqueles *pomares* (tamaño, cerramento, especies froiteiras, etc.). Alén diso, e partindo do número de referencias nos documentos da época, tentase facer unha aproximación a como foi a súa evolución e á súa distribución xeográfica. Para finalizar, o artigo inclúe o Anexo 1 de Denominación de variedades

medievais de maceiras e o Anexo 2 coa descrición do «*Pumare Vetulum*» en Untia, no actual Betanzos, nun documento de Sobrado do século XIII (470-1242), na súa versión orixinal en latín.

Palabras chave *pomares*; *pumares*; *pomares medievais*; *pomares en Galicia*; *maceiras*; *sidra*; *variedades medievais de maceiras*; *Pumare Vetulum*

Pumar⁽¹⁾ (ou *pomar*), non sendo palabra de uso moi frecuente no galego de hoxe, continúa viva, como tamén o está noutras linguas próximas como o portugués e o castelán. Os dicionarios danlle dúas acepcións: 1- Terreo plantado de árbores froiteiras, especialmente maceiras. 2- Sinónimo de maceira. Mais o seu uso debeu de ser frecuente na Galicia altomedieval e en áreas próximas, se facemos caso aos numerosos documentos, especialmente aos anteriores ao século XII, en que aparecen *pumar/pomar* e outros termos afíns. A súa frecuencia chama a atención porque vai máis aló do papel que

razoablemente puidese corresponderlle entón, dentro do sistema produtivo, ao cultivo de árbores froiteiras⁽²⁾.

O presente traballo tratará de aproximarse ao que os *pumares* foron dentro da economía agraria altomedieval, e tentará facelo a través dos propios documentos. Mais, antes de emprender calquera exame do que eran os *pumares* entón, coidamos que é necesario dar resposta a dúas cuestións que consideramos básicas para entender a súa abundante presenza nos documentos:

Como era entón a propiedade das terras, e do arboredo?

A que se lle chama *pumar* nos documentos da época?

(1) Aínda que nos dicionarios actuais aparece *pomar*, usaremos preferentemente a forma *pumar* por ser esta forma moito máis frecuente na documentación medieval. No dicionario da Real Academia Galega e nos dicionarios portugueses aparece *pomar*. Débese ter en conta que, as dúas formas, *pomar* e *pumar*, eran utilizadas na documentación medieval, como o son aínda hoxe no país. Na nosa toponimia actual tamén é máis frecuente *pumar*.

(2) Está recoñecido que os *pumares* están sobrerrepresentados nos documentos altomedievais. Sirva de exemplo o seguinte comentario: «Sin embargo, esta realidad no puede conducirnos a la imagen de un dominio en un gigantesco pomar. Los manzanos son un complemento de las tierras de labor, ya sean viñedos o tierras de cereal, lo que supone que estos frutales no dejarían de tener una importancia real secundaria en el conjunto de la producción dominical». (Andrade Cernadas 1995: 132).

As formas de propiedade

Nos documentos medievais⁽³⁾: inventarios, testamentos, doazóns, compras, foros, etc., trátase a miúdo da propiedade parcial e compartida de diversos bens de natureza agraria⁽⁴⁾, cousa que non nos é descoñecida hoxe mesmo, aínda que moitas veces se nos presente transformada e perfeccionada — máis individualizada— que na Idade Media, como é no caso das leiras das agras. Mais noutros casos, montes de voces e árbores sobre terras comunais, mantívose apenas tocada ata case hoxe mesmo nalgúns lugares.

No caso das árbores, a súa propiedade podía non coincidir coa da terra na que asentaban: árbores situadas nunha mesma peza de terreo que podían ter distintos donos e ata era posible que unha soa árbore tivese varios. Vexamos algúns exemplos en *pumares*:

Propiedade parcial dunha plantación: «*medietate de pomare quod est hic in Corissumario*» (Sobrado, 124-860).

Propiedade de determinadas árbores dentro dunha plantación: «*faceremos cartam de ratione que habemus in pomare quod plantavit Geldemirus in uilla vocabulo Gunderedi, et sunt XX mazanarias cum suos terrenos*» (Sobrado, 98-952); «*faceremus vobis carta de mazanarias X que habuit pater meo Anson in pomare de Uilla Gunderedi*» (Sobrado, 99-952).

Propiedade compartida de árbores: «*et duas mazanarias et media in ipso pomare*» (Samos, 129-1009); «*de illa peraria III^a, et de illo lovio cum suas mazanares VI et de sua figares medietate*» (Celanova, 318-1010).

Así, cando se di nos documentos «*pumares cum suo terreno*» estase a indicar a propiedade das árbores e da terra en que están. En casos, sinálase a propiedade de determinadas árbores nunha mesma peza de terreo: «*Vimara Vilifonsiz mazanaria I^a, Guazzino Elias mazanarias IIas, ... Pelagio Fernandiz medio de uno castanario*» (Celanova, 515-1093).

A separación da propiedade das terras e do arboredo, e a propiedade parcial dunha e doutro, fan necesaria a presenza nos documentos de elementos dos que, nun

sistema de propiedade perfeccionada, non sería necesario falar. Este, coidamos, é un dos principais motivos de porque con tanta frecuencia son mencionadas árbores e plantacións en documentos altomedievais.

A independencia da propiedade das árbores e plantacións respecto da terra na que asentan chegou ata hoxe mesmo nas *postas* de árbores sobre terreos comunais, especialmente en carballeiras e soutos.

Pumar/pomar e outras palabras afíns nos documentos

Pumar vén do latín *pomum*, termo que comprende toda a froita de pebida (mazás, peras, marmelos, etc.) e óso (ameixas, cereixas, pexegos, etc.) ou froita en xeral. Entre os seus derivados está *pomaria/pomorum*, plantación de froiteiras, e equivalente latino do noso *pumar/pomar*.

Nos documentos aparecen tamén outros termos próximos como *pomifera/ferum*, «que produce froito»; e outros como *pomerii, pomeria, pomito, pomorum*, etc.

Tentaremos achegarnos ao significado dos termos derivados de *pomum* que aparecen en documentos medievais galegos a través das súas mencións no Codolga⁽⁵⁾.

Coidamos que máis que nas dúas acepcións que aparecen nos dicionarios debemos pensar en tres: 1) Plantación de froiteiras (de óso e de pebida), en especial maceiras. 2) Maceiras. 3) Árbore froiteiras en xeral, ben en plantación ou espalladas polo *ager*. A esta última responde normalmente o uso de *pomifer/is*, e pensamos que pode aplicarse en certos casos a *pumares*.

Pumar/pomar

Pumar/pomar e tamén *pumare/pomare* son as formas máis frecuentes nos documentos⁽⁶⁾ (71% das mencións no Codolga dos derivados de *pomum*⁽⁷⁾).

En xeral, *pumar/pomar* pode facer referencia a calquera das tres acepcións anteditas. Nunha parte importante dos casos faise difícil saber a que clase de bens concretos, de entre os tres, se refiren os documentos porque os *pumares*

(3) Nos exemplos que daremos en adiante indicárase do seguinte xeito a fonte: (colección documental, número de documento - ano).

(4) Algúns exemplos: «*una portiones de ecclesia*» (Celanova, 6-858); «*omnem ipsam terciam portionem in ista uilla cum cunctis terminis*» (Sobrado, 43-818); «*de duodecima portione sexta integra de ipsa sexta medietatem integram vobis damus atque concedimus de valatare de agro*» (Celanova, 128-955).

(5) *Corpus Documentale Latinum Galleciae*, base de datos de latín medieval en Galicia. *Vid.* bibliografía.

(6) Hai tamén *pomarem* (4) e *pumaribus/pomaribus* (10).

(7) Tomamos en adiante como referencia para as nosas estatísticas a base de datos Codolga. A porcentaxe será en relación ao total de termos derivados de *pomum*.

simplemente menciónanse entre outros bens, aínda que seguramente estivese claro para os redactores.

Sen chegar a facerse norma, *pumar/pomar*, en singular, refírese maiormente á plantación de froiteiras ou a maceiras, especialmente nos documentos de Samos; e en plural, a árbores froiteiras, maceiras e outras. A frecuencia das mencións en singular e plural son da mesma orde no Codolga.

Exemplos de mencións en singular (34%) poden ser:

De plantación de froiteiras: «*et est ipsum pumare in villa que uocitat Presares iuxta flumen Tamare in omni giro per suam clausuram*» (Sobrado, 53-931). Coidamos que a este uso corresponden a meirande parte das mencións en singular.

De maceiras: «*et ad illa fonte I pumare*» (Samos, 24-982/990). Esta utilización é especialmente frecuente en documentos deste mosteiro.

As mencións en plural (37%) fan referencia a árbores, sexan froiteiras en xeral ou maceiras, e en menor medida a plantacións.

Maceiras: «*terras cultas et incultas, pumares, perares, amexenares, auelanares*» (Sobrado, 22-931) ou «*et pumares et alii pumiferis*» (Samos, 5-904). Aquí *pumares* é sinónimo de *maceiras*.

Árbores froiteiras en xeral: «*damus ipsas uillas cum domos et uineas, pumares, terras cultas*» (Celanova, 233-886), «*et hereditatibus cum pomares*» (Diplomática astur, 1-718/37), «*tam in terris quam in pumares*» (Sobrado, 25-931). Este uso non exclúe que o redactor estivese especialmente pensando en maceiras. Nun caso indícanse as variedades: «*et de Otura a casa de Pelagio VII pumares ruviales et uno beato et una asturiana*» (Samos, 164-989).

Pomifer/is

Ten unha presenza do 12% das mencións no Codolga dos derivados de *pomum*. En latín: *que produce froitos, froiteira* (árbore froiteira). Case sempre, desde os primeiros documentos, foi usada con este significado, «*uineis et pomiferis*» (Documentos odoarianos, 4-757); ou para referirse a outras froiteiras distintas da maceira como no exemplo de Samos antes mencionado «*pumares et aliis pumiferis*» (Samos, 5-904).

Aínda que ás veces préstase a confusión, como nos seguintes exemplos: «*pomiferis et arboribus fructuosis*» (Tombo A, 34-922); «*in vineas in pumares, in sautos, árbores fructuosas, pomiferis*» (Celanova, 13-918). Nestes dous exemplos pensamos que alude aos froitos de óso e pebida fronte a outros; mais temos as nosas dúbidas, e podería tratarse especificamente de maceiras. En todo caso, o termo refírese a árbores froiteiras de óso e pebida,

que non a viñas nin a soutos como no seguinte: «*tam pomiferis quam et saltis*» (Celanova, 504-950).

Pomeri/ii e Pomeria/o

Pomeri/ii ten unha presenza do 8% das mencións no Codolga dos derivados de *pomum*. *Pomeri/ii* alude a plantacións de froiteiras como nos seguintes exemplos: «*medietatem pomerii qui iacet super fontem*» (Sobrado, 471-s.d.); «*et similiter cum decimo pomerii Palatii*» (San Martiño Pinario, 3-912); «*terris, uineis, pomeriis, saltos, uel omnia ligna fructifera et arboribus*» (Celanova, 257-929). Tamén a árbores froiteiras en xeral como *pomiris*: «*terras, pumares et pomeris, devesas landiferas et omnia genera arborum*» (Celanova, 204-1005); «*demus inde vobis terciam partem tam in pomeriis et vineis*» (Celanova, 527-950).

Pomeria/o ten unha presenza do 2% das mencións no Codolga dos derivados de *pomum*. É usada como *pumar/pomar*, tanto para plantacións como para árbores. As plantacións: «*octauam de uno pomerio de Sarantes de ripa de mare*» (Sobrado, 611-s.d.). Como simples árbores froiteiras: «*villas cum suis saltis roboratis et pomerias, ortos olerum*» (Caaveiro, 1-742/936). A maior parte das mencións corresponden a coleccións documentais da Galicia occidental, tendo especial relevancia os tomos de Sobrado, sobre todo os escritos na primeira etapa do mosteiro. Aparecen tamén formas como *pomarium*, *pumari*, en singular, e *pomarii* e *pumaris*, en plural.

Outros termos derivados de pomum que aparecen nos documentos

Como *pumar/pomar* (Plantación): *Pumario/pomario*: «*loci de uno pumario quod habeo in ualle de Trasanquis*» (Sobrado, 580-1167/74); *Pomito*: «*ipsa terra, uinea, pomito, ficares*» (Sobrado, 34-842); *Pumarega*, que apenas aparece no Codolga, foi máis frecuente na documentación baixomedieval: «*qui sunt subtus ipsam ecclesiam pumaregas duas*» (Diplomática astur, 175-905). Era a denominación no norte de Galicia.

Froiteiras en xeral: *Pomorum*, refírese sempre a froiteiras en xeral como *pomifer/is*: «*cum domos, edificiis, com omnia genera pomorum*» (Sobrado, 1-952).

Froitos ou árbores: *Poma*: «*plantauit in ipsa uilla, id est, de tres montes de poma medietatem*» (Sobrado, 105-921); *Pomis*: «*et de pomis arborum quanta mandaverit cellararius*» (Oseira, 1975-1269) ou árbores: «*in ipsa hereditate, cum pomis, cum aquis*» (Oseira, 1035-1273).

Os pumares baixo outros nomes

Como *plantato* e *chantado* aparecen nos documentos toda clase de cultivos leñosos: *pumares*, viñas, soutos e carballeiras. Tamén as árbores froiteiras (*arbores*

fructuosas) como tales ou formas próximas como «*ligna fructifera*», ou «*fructibus arborum*».

Plantato: frecuente en documentos galegos altomedievais. No Codolga, *plantato* e formas próximas: *plantata*, *plantatione*, *plantatio*, etc., co significado de plantación, plantío, alude a calquera clase de árbores, incluídas as froiteiras, e viñas: «*et de omni nostro plantato, vineas, pumares, et omnes arbores*» (Samos, 129-1009); en soutos e pumares: «*totum meum quinionem de plantato quod habeo uobiscum in soutu et in pomerio de Couas*» (Sobrado 612-s.d.). Noutros casos, que sexan de froiteiras somente, podemos supoñelo: «*et VIª de illa cortina de Barreiro cum suo plantato*» (Caaveiro, 18-1174); «*damus ibi IIIª integra de una larea cum suo plantato sicut est divisa in totoque giro per suos comaros*» (Sobrado, 451-1194). Na Baixa Idade Media é menor a súa presenza nos documentos⁽⁸⁾.

Chantado: non aparece no Codolga máis que como topónimo. Frecuente na Baixa Idade Media (séculos XIII-XV). Do seu uso como sinónimo de *plantado* sirvan os seguintes exemplos: «*de quanta herdade et chantado esse Johan Fernandez auia in Quintaa*» (Lourenzá, 133-1266); «*a sobe lo chantado, et outra leyra d-erdade*» (Oseira, 1091-1275).

Sobre as maceiras

De entre as froiteiras de óso e pebida, a maceira foi sen dúbida a máis importante das especies cultivadas en Galicia e nas áreas próximas durante a Idade Media. Así nolo indican os documentos, pois a maceira aparece mencionada con maior frecuencia que calquera das outras especies aínda que só se teña en conta cando aparece como *mazaria*, *mazaneira*, etc., ao longo do tempo ata o século XV (*Vid.* Táboa 7).

Tamén cando nos documentos se detallan os números de árbores de cada especie, acostuman preponderar as maceiras como nos seguintes exemplos: «*ipsa mea larea cum VI mazanarias integras et una peraria integra, et una cersaria media*» (Celanova, 196-1009); «*et illa casa de viliares de gaudinas cum suo casale et VI in llos pumares barradas; et alio mazanario integro; et in alia III et Iª cersiale integra*» (Samos, 8-1020); aínda que haxa excepcións: «*agrum qui fuit de domno Barva ... cersarias Illlor mazanarias llas, castanarios llos*» (Celanova, 197-975/1011).

Ademais, as mencións doutras especies froiteiras son menos frecuentes que as da maceira (*Vid.* Táboa 7).

Houbo importantes razóns para que así fose:

A diversidade e precocidade das variedades de maceira é grande. Hai froitos madurando desde finais de xuño ata outubro-novembro, e aínda máis aló deste período. Téñase en conta que hai variedades de longa conservación, chegando ata a seguinte primavera. Variedades así xa as había na Idade Media como nolo indican algúns nomes conservados nos documentos: *Sartale* e *Sempre nova* (Apéndice 1). Só na pereira se dan condicións semellantes.

A elaboración de sidra nunha época en que o viño era escaso, cousa que trataremos no apartado Os produtos do pomar.

A maceira aparece nos documentos como *mazanaria*, *mazaneira*, etc., e como *pumar*. O froito como *maça* e máis raramente como *poma*. As primeiras, moi estendidas na Península Ibérica, fanse vir da construción latina (*mala*) *mat(t)iana* coa que se referían ás mazás de *Mattius* das que falon Columela, Plinio e Isidoro (Alvar 1962). O nome asentou de antigo entre nós, posiblemente en orixe como un tipo de mazá, e acabou acó aplicándose a toda a especie.

A introdución da maceira debeu de ser moi anterior aos documentos aínda que a coñecemos por estes desde o século X.

Características dos pumares medievais

Quizais para ben entender o que era un *pumar* deberamos pensar nunha horta tradicional do país, con diversas especies de árbores froiteiras e cultivos de horta mesturados con máis ou menos orde nun terreo cerrado, e a partir diso tentar ver a realidade fragmentada que nos dan os documentos.

Situación dos pumares

Os *pumares* (plantacións) aparecen dentro do *ager*, entre as terras de cultivo e outros *pumares*, á beira dos ríos ou regos, ou preto das fontes, as casas e os camiños; en situacións semellantes ás que chegaron ata hoxe mesmo⁽⁹⁾.

(8) No *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) en 2004 aparecían 32 casos de *plantados*, sempre en plural e todos do século XV.

(9) Exemplos poden ser os seguintes: **Casas:** «*alio pumare qui est super domum genitoris mei*» (Celanova, 380-961) e «*ipso pumare de Chantelos que est inter casa de Petro et casa de Didaco*» (Caaveiro, 73-1092). **Fontes:** «*pumare super illam fontem*» (Samos, 164-989); (e) «*et de pumare que iacet iuxta fontano*» (Documentos odoarionos, 3-993). **Hortas:** «*et cum suo hortale et suo pumare et cum sua figare media*» (Celanova, 368-975/1009). **Leiras:** «*unius laree que iacet super pumare de Niurigui*» (Sobrado, 592-1201). **Muíños:** «*et de alio pumare qui se levat de illo molino*» (Celanova, 364-1018). **Pomares:** «*et iacet ipso pumare iuxta pumar domnico*» (Celanova, 254-942). **Regos:** «*in pumare de Sando de arrogio*» (Samos, 99-854?). **Ríos:** «*pumare in uilla que uocitant Presares iuxta flumen Tamare*». (Sobrado, 53-931) e «*pumare quos iacet in ripa Sorga*» (Celanova, 368, 975/1009). **Viñas:** «*et ipso pumare que iacet sub ipsas vineas*» (Celanova, 49-935).

Un bo exemplo, no que se dan todas as lindes dun *pumar* poden ser: «*alio pumar qui iacet su vestra terra levat se de vestro ortale et fere in illo vestro pumar et de Froila quomodo conclude per illo rio et de alio pumare que se levat de illo molino et vai per illo rio et fere in vestro pumare et conclude per ipso vallato de ipso pumar.*» (Celanova, 364-1018). Os *pumares* soían estar preto doutros *pumares*.

As árbores froiteiras, en xeral, *pumares* ou *pumiferis* (case sempre en plural), aparecen ademais espalladas polo *ager*, sobre terras de diversa dedicación produtiva⁽¹⁰⁾. Non atopamos *pumares* en montes.

Cerramentos

As plantacións froiteiras facíanse necesariamente en terreos cerrados. Era o único xeito de lles daren protección contra o gando e os herbívoros salvaxes. Nisto diferéncianse as froiteiras de óso e de pebida dos castiñeiros, que poden permanecer en espazos abertos sen protección especial. O cerrume non aseguraba entón ningunha propiedade, senón protección. Sobre os terreos cerrados non deixaba de haber usos comunitarios como foi a apertura das agras ao gando despois da colleita, ou a das viñas despois da vendima, e coidamos que algo semellante puidera suceder nos *pumares*, aínda que non teñamos noticia. As mencións dos cerrados dos *pumares*: *clausura*, *clusa*, *comaro*, *conclavio*, *sepe*, *vallato*, etc., son frecuentes⁽¹¹⁾.

Sobre o tamaño e disposición dos pumares

Aínda que nos documentos se nos fale de *pumares grandes* e *pumariños*, non coñecemos referencias á súa superficie, e poucas a un dato que coidamos de maior interese: o *número de árbores*. Non sucede o mesmo coas terras de cultivo, das que non son raras as informacións sobre a súa superficie.

O maior problema para facérmonos unha idea do tamaño dos *pumares* é que estes, en boa medida, tiñan varios donos, e do que se fala nos documentos é da parte que corresponde só a un deles. Sirvan os seguintes exemplos: «*mazanarios X que habuit prater meus Anson in pumare de uilla Gunderedi*» (Sobrado, 99-952)⁽¹²⁾; «*et duas*

mazanarias et media in ipso pumare» (Celanova, 405-964), que só tratan dalgunhas árbores do *pumar* ou de árbores espalladas polos agros, leiras, viñas, etc.

Os documentos sobre *pumares* dinnos dunha propiedade moi fragmentada nas plantacións e das árbores froiteiras en xeral. Nos documentos de Sobrado, os números de maceiras son de 4 a 20, en Samos de 1 a 20, e en Celanova de 1 a 8; e en moitos dos casos só se transmite unha parte da propiedade. Isto non quita que houberse propietarios de numerosas árbores como no seguinte caso: «*et pumares novos cum nostras manus plantavimus, CC mazanales*» (Samos, 19-1020). O volume dalgunhas das partidas de *sizera*, como veremos nasección Os produtos do pomar, apuntan a que había propietarios dun número grande de maceiras e que os *pumares* tiñan, en moitos casos, un papel nada secundario.

A denominación dun terreo como *pumar* é tamén unha referencia e as froiteiras non teñen porque ser o seu principal cultivo. Para entendela só é preciso observar os usos dunha horta tradicional con froiteiras das que aínda hai abundantes exemplos no país, e das que non falta confirmación nos vellos documentos: «*et illas terras qui iacent in pumare de Eirico*» (Samos, 8-1020/1052); «*pumare integro que iacet super illa fonte de Pumare Grande quomodo est fundatum cum sua vinea et sua casa*» (Celanova, 325-1034); «*vobis frater Gundino concedo vobis alio petazo super ipsas vineas et de ipso pumare cum suas cerasares et cum suas vites et vinea de illo pumare*» (Celanova, 335-1008).

Os actuais terreos de cultivo cerrados próximos ás casas en que se mesturan cultivos diversos e froiteiras poden darnos unha idea do que eran a maioría dos *pumares*.

Especies froiteiras nos pumares (plantacións)

Como especies froiteiras presentes nos *pumares* aparecen nos documentos, ademais das maceiras, que era a principal especie, pereiras, cerdeiras, ameixeiras, figueiras, castiñeiros, nogueiras: «*perarias, amexenarias de ipso pumare integro*» (Sobrado, 65-905); «*pumare meum propium quod habeo in uilla Gunderedi, id est, VII mazanarias integras, et in Villa mazanaria, Villam*

(10) Exemplos poden ser os seguintes: **Agros**: «item I pumare qui est in cabo de ipso agro» (Celanova, 380-961). Posiblemente unha maceira. **Campos**: «medietatem de illo campo cum suis pumaris» (Samos, 218-1085). **Cortiñas**: «Et I cortina cum IIII pumares» (Samos, 8-1020/1052). **Eiras**: «sub illa eira V pumares cum suo terreno integro» (Samos, 218-1085). **Leiras**: «et laria cum suas pumares VII integras illas rationes de Odoario et de Anaya» (Samos, 1020-1052). **Terras**: «et illa terra de Pumare regem que dedit domno Suario et domna luxta cum VIII pumares» (Samos, 8-1020/1052). **Veigas**: «in illa veiga ad illa lama cum III pumares» (Samos, 218-1085).

(11) Exemplos poden ser os seguintes: **Clausura**: «*pumare in uilla que uocitat Presares iuxta flumen Tamare in omni giro per sua clausuram*» (Sobrado, 53-931). **Conclavio**: «*vendimus III^o de illo conclavio cum sua vinea et suo pumare quomodo concludet*» (Celanova, 85-1026). **Comaro**: «*in loco qui uocatur Pumar Vetulum et ipsa hereditas est diuisa per suos comaros*» (Sobrado, 470-1202). **Sepe** (Sebe): «*qui est iuxta carral maior per sepe per ipsa carral usque dividet cum Somna et inde sic per sepe iuso usque in vinea*» (Celanova, 391-956). **Vallato** (Valado): «*in vestro pumare de Palatiu intus vallato et alia que se levat de ipso vallato*» (Celanova, 405-964).

(12) Parece deducirse que este *pumar* era único na *villa* e que nel tiñan árbores varios propietarios, como sucedía en agros e cortiñas.

portionem, amexenarias, perarias, castineiros» (Sobrado, 101-931); «*tres quartas de pumar de Porta excepta quarta de una nugaria*» (Sobrado, 454-1190). A maceira é a especie máis mencionada e moitas veces a única: «*mazanarias X que habuit pater meus Anson in pumare de uilla Gundererdi*» (Sobrado, 99-952).

Reproducción, enxertos, variedades

Creemos que, dependendo da especie e da variedade, se utilizaban a reprodución por mergullo, por estaca, por rebento de pé e por enxerto. Na maceira pensamos fundamentalmente en dous destes métodos:

De estaca: chegaron ata nós variedades que se reproducían por estaca como a *chantapau* e o *pero bicudo*. Non hai traza nos documentos, mais coidamos segura a súa práctica.

Por enxerto: a mención non é frecuente como no caso do castiñeiro, mais non falta en documentos (Sobrado, 470-1242).

En relación cos patróns nada nos din os documentos, mais pensamos que en boa medida debería de ser frecuente.

No Apéndice 1 vai un cadro coas denominacións de variedades medievais de maceira que coñecemos. Dentro das froiteiras, as súas variedades son as máis numerosas nos documentos despois das do castiñeiro. Son máis abundantes nos documentos dos séculos IX-XII que nos posteriores, ao contrario da pauta común ás outras especies de froiteiras. A meirande parte das denominacións de variedades responden ás características

dos froitos (7 de 12), especialmente a cor: *alvariña, barrada, rubial, verdeal, vermella*; ou forma: *pero*; outras dúas aluden á súa conservación: *sartale* e *sempre nova*; e outras dúas á procedencia: *asturiana* e *ourantes*.

Os produtos do pumar

A froita en xeral, e as mazás en particular, deberon de ser utilizadas como alimento especialmente por dúas vías:

Consumo directo do froito, ben en fresco ou cociñado: asadas, en compotas e ata para o caldo⁽¹³⁾.

Sidra. Boa proba da súa importancia é o seu uso como medio de pagamento en especie durante a Alta Idade Media, cousa que non sucede con ningún outro froito. Nalgunhas zonas deberon de ter bastante importancia pola falta de viño.

A sidra (*sicera/sizera*) atopámola desde o século X en Samos (5 documentos), Sobrado (4), Celanova (3), Lourenzán, Xubia e Carboeiro, segundo o Codolga. A meirande parte deles corresponden a zonas non vinícolas. Así sucede nos documentos de Samos: da área de Sarria, O Incio e Valcarce; e nos de Sobrado, en Présaras. Mais nos de Celanova está presente en áreas de cultivo da vide tales como en Abeleda (Castro Caldelas) ou na área da mesma Celanova, o que nos indica que a súa produción convivía, en moitos lugares, coa do viño.

As cantidades veñen expresadas en diversas medidas: *cuba, sestario, modios, canados*, etc. Na Táboa 1 pode verse un resumo das cantidades de sidra nos documentos. As cantidades maiores corresponden a Samos.

Unidades	Número de documentos	Mínimo de unidades	Máximo de unidades	Media	Litros por unidade	Media en litros
Modios	5	1	50	16.2	130	2106
Sextarios	5	11	340	85	2	170
Canados	2	3	4	3.5	32,5	113,75
Cubas	2	5	1	3	?	--

Táboa 1.- Cantidades de sidra en documentos do Codolga

A produción de viño debeu de ser moi limitada ata ben avanzada a Idade Media. Boa indicación é o que nos di o Tombo Vello de Lugo (65-1213)⁽¹⁴⁾ a conta da concesión por Alfonso IX de 140 modios de viño á Catedral de Lugo dos celeiros de Castrelo e Ribadavia, pois boa parte do ano os coengos non tiñan viño, senón sidra.

Plantación de pumares

Hai nos documentos un bo feixe de referencias á creación/plantación de *pumares*, mais postos a ver se poden darnos algunha información sobre os ritmos de plantación, o número redúcese considerablemente. Os que

(13) Así define Aníbal Otero Álvarez (1977) a variedade *fada*, importante a comezos da Idade Moderna no comercio de exportación: «Aplicase a una variedad de manzana pequeña, parda, dulce y dura. Son muy estimadas porque se conservan mucho tiempo y se emplean, a veces, por su dureza hasta para echar en el caldo».

(14) «*Idcirco, Ego Alfonsus - Dei Gratia Rex Legionensium et Gallecorum, per hoc scriptum perpetuo ualiturum, notum facio Omnibus tam Presentibus quam Futuris quod - cum essem in Ecclesia Beate Marie Lucensis constitutus in Festo Sancte Pasche - comperi de Canonis Eiusdem Ecclesie, in maiori parte anni, non uinum de Portione Canonica propinabatur sed Sicera*».

o fan refírense ao feito de plantar ou a quen o fixo, e non ao número de árbores que foron plantadas.

A noticia máis antiga, se a damos por certa, que temos de plantación no Codolga é do século VIII: «*et plantauimus uineis et pomiferis*» (Documentos odoarianos, 3-757).

Nos documentos dos tombos de Celanova, Samos e Sobrado encontramos referencias a plantacións das que se di o autor ou do feito de plantar. A súa distribución por século aparece na Táboa 2.

Os números de mencións de plantacións de *pumares* de cada un dos tres mosteiros é inversamente proporcional ás mencións de viñas, aínda que é posible falar de plantación de viñas e *pumares* nun mesmo documento: «*et uineam et pumares quos Felix ibi plantauit*» (Sobrado, 124-860).

De acordo co esperable, dada a situación dos mosteiros e dos seus bens, onde se di menos de *pumares* e máis de viñas é nos documentos de Celanova, o contrario acontece en Sobrado. O ritmo de plantación de *pumares*, neste período, parece tamén superior nos casos de Sobrado e Samos ao de Celanova, se tomamos como base o número de documentos en que se mencionan *pumares*: 8,1% de Sobrado, 8,5% de Samos e 2,8% de Celanova, para os séculos en que se recollen máis noticias de plantacións, que son o X e o XI. Fóra da Táboa 2, nos séculos XII-XIII, hai tres casos de Sobrado na segunda etapa do mosteiro, un deles de replantación.

Poderíamos en casos como o de Sobrado falar dunha economía agraria na que a produción froiteira estaba a adquirir un gran peso? Nós entendemos a plantación de *pumares* neste período como parte dun proceso de crecemento e intensificación produtiva do *ager* (o espazo

cerrado, cultivado), no que se establecen entre outros cultivos os de froiteiras, en especial maceiras, e que esta plantación de froiteiras parece ter maior interese nas áreas non vitícolas do país, como é o caso de Sobrado. A mazá non só interesaba para a preparación de sidra senón tamén, no caso de certas variedades, era un alimento que se conservaba nos meses máis duros do inverno e que podía ter certa importancia nunha situación de escaseza de cereais.

Podemos tamén examinar os datos que serven de base á Táboa 3 por mosteiro e segundo fose a referencia das plantacións a *pumar* (plantío) ou *pumares* (árbores).

Os datos son moi escasos e variables segundo os mosteiros, mais a proporción de plantacións que se refiren a *pumar* en singular (plantacións), fronte a *pumares* (árbores) é moito máis alta en Sobrado que nos outros dous mosteiros. Se agregásemos os datos doutras coleccións documentais da Galicia occidental como Caaveiro, Xubia e Sobrado, e por outra parte, tomásemos os datos da Galicia oriental, estas diferenzas manteríanse⁽¹⁵⁾.

Así, o establecemento de plantacións faise máis frecuente na Galicia occidental fronte á maior proporción de mencións de plantacións e árbores na Galicia oriental e do sur. O desenvolvemento da produción parece estar evolucionando por dous camiños distintos: dun lado o establecemento de novas plantacións en Sobrado, por outro, a plantación de árbores no xa cultivado, caso de Samos e Celanova. Pode que isto se deba tanto ao desenvolvemento de plantacións novas para sidra como a unha menor implantación das froiteiras na área de Sobrado nese tempo.

	Século IX	Século X	Século XI	Total	De viñas
<i>Celanova</i>	0	2	2	4	12
<i>Samos</i>	0	1	3	4	3
<i>Sobrado</i>	1	7	0	8	1
Total	1	10	5	16	16

Táboa 2.- Número de documentos que tratan de plantacións de *pumares* e viñas nos tombos de Celanova, Samos e Sobrado nos séculos IX-XI

	Pumar (plantío)	Pumares (árbores)	Total	Proporción
<i>Celanova</i>	3	2	5	1,5
<i>Samos</i>	2	2	4	1
<i>Sobrado</i>	7	1	8	7
Total	12	5	17	2,4

Táboa 3.- Proporción de referencias a plantíos e a árbores nos tombos de Celanova, Samos e Sobrado nos séculos IX-XI

(15) Dúas fontes: Lourenzá e Vilar de Donas por clima e localización deberíamolas situar na zona occidental.

Un exemplo de pumar nos dominios de Sobrado (século XIII)

A mellor e máis detallada descrición dun *pumar* que coñecemos está nun documento de Sobrado do século XIII (470-1242) no que se pacta a replantación dun vello *pumar* –«*Pumare Vetulum*»– en Untia, no actual Betanzos. A transcripción deste documento figura no Apéndice 2. Trátase de:

- 1.- Un terreo cerrado e demarcado: «*et divisa per suos comaros et suos marcos*».
- 2.- A plantación de maceiras, a principal froiteira, ocupa o centro da parcela e está arrodeada de cerdeira e pereiras: «*debet esse plantata ex uobis integra de mazenariis et in circuitu de perariis et cerdarias*».
- 3.- Da froita que produza o *pumar* débese entregar metade aos frades, e, ademais, do que na terra se cultive débese entregar un terzo.
- 4.- Dáse o prazo dun ano para facer o cerrume da finca e dous para plantala.
- 5.- Hai sobre a mesma finca unha ducia de árbores froiteiras sobre as que se acorda que 2/3 da froita será para os frades e 1/3 para o levador. Que a renda se entregue como froito indícanos que para entón non era a produción de sidra o obxecto.
- 6.- Trátase da posibilidade de que no *pumar* se desenvolva calquera outro cultivo: «*et si uos alium fructum in ipsa hereditatem laboraveritis terciam partem integram debetis inde dare fratribus de Dombriti in a eyra*». Entendemos que non estaba pensada só para os primeiros anos, mentres non se producise un completo desenvolvemento da plantación, senón tamén aberta ao cultivo cando a plantación estivese en plena produción.
- 7.- O documento contén tamén outro pacto sobre outro *pumar*: «*illa nostra hereditate que iacet vallata iuxta as Nigraes et ista hereditas iacet super santum de caualeyros*» que debe plantarse de «*mazenarias enxertadas*» nas mesmas condicións que no *Pumare*

Vetulum. Neste último non se fala para nada doutras especies.

Aínda que non de forma clara, hai tamén algún outro documento que posiblemente nos fale dunha disposición semellante ao do «*Pumare Vetulum*»: «*et pumares de mea manu plantatum et cum omnibus arbustis in circuitu*» (Samos, 58-1009).

Hai tamén algunha alusión a froiteiras arrodeando outras terras de cultivo, unha disposición que chega ata nós, tal como se suxire nalgúns documentos: «*cum terris, uineis, in circuitu pomiferis et arboribus fructuosis*» (Tombo A, 34-922).

Presenza dos pumares nos documentos medievais. Tempo e distribución xeográfica

A presenza dos pumares nos documentos ao longo do tempo

Tanto como chama a atención a alta frecuencia con que *pumar/pomar* aparece nos documentos altomedievais, faino a forte diminución de mencións que se produce, sen chegar nunca á desaparición, a partir do século XII. Boa proba ofrécennola as bases de datos Codolga e TMILG (Táboa 4).

Tendo en conta que o número total de documentos nas dúas bases de datos é crecente desde o século VIII ao XV, é sorprendente que os *pumares* estean moito máis presentes nos documentos dos séculos X-XI, en que alcanzan a súa máxima presenza, para despois diminuíren ao longo dos séculos baixomedievais.

Hai tras esta información dos documentos dous elementos importantes: por un lado un proceso de cambio agrario que supón a expansión das terras cultivadas e a intensificación produtiva das mesmas⁽¹⁶⁾ e, polo outro, unha importante mudanza nos tipos de contratos de que tratan os documentos. Coidamos que merece a pena tratar de explicalo.

	Século VIII	Século IX	Século X	Século XI	Século XII	Século XIII	Século XIV	Século XV
Codolga	1	60	196	207	55	27	1	
TMILG					4	14	15	45

Táboa 4.- Número de documentos no Codolga e TMILG que tratan de *pumares* por século⁽¹⁷⁾

(16) Dos procesos de cambio agrario que estaban producíndose hai unha idea bastante clara respecto do viño, pero non sucede o mesmo co cultivo de cereais e a gandería.

(17) Só de *pomar/es* e *pumar/es*, sen ter en conta outros termos derivados.

Intensificación produtiva agraria e *pumares*

É coñecido o proceso de intensificación produtiva e de labrado de terras que se produce a partir do século XII, paralelo ao que aconteceu en toda Europa, e que supuxo unha expansión do cultivo dos cereais e do castiñeiro, no que non entramos, e sobre todo do viñedo, que debeu de relegar á sidra a un papel menor.

Tentaremos ver esta evolución a través da presenza dos *pumares* e doutras especie froiteiras na toponimia que aparece nos documentos.

Por exemplo, o que foi *pumar* pasa a ser terra de cultivo de cereais ou de viña. Queda o nome de *pumar* mais non o cultivo. Non son raros os casos de lugares co nome de «*Pumar de*» que aparecen con outras dedicacións. Así no TMILG dise: «*deinde per uineam de Pumar Uelio*» (Ramirás, 129-1255); «*o noso moyno de Pumar con súa leyra*» (Ferreira Pantón, 71-1380) e «*a quarta parte do agro de Pumar*» (Universidade Santiago, 313-1438).

E non estamos a falar dos nomes dos *pumares* (Pumar de Avolos, Pumar de Merobii, por exemplo, senón de aldeas, terras, paraxes que levan nome de *pumar* ou os seus derivados (Táboa 5), que nos documentos aparecen en maiúsculas (topónimos).

No Codolga a frecuencia de topónimos increméntase a partir do século XI e alcanza a súa máis alta frecuencia no século XIII, cando chega a 60% das mencións de *pumares*, e aínda máis alta é no TMILG (73-95%). Semella como se dos vellos *pumares* só quedasen os nomes dos lugares nos que estiveron.

Unha parte destes *pumares* de seguro que segue a estar nos documentos baixo termos máis xerais como *plantado*, *chantado*, *árbores fructuosas* ou simplemente *árbores*, que engloban e poden substituír os *pumares* e ás *arbores froiteiras* en xeral.

Dado que *pumar* (singular) se ven aplicando especialmente a plantacións e o seu plural ás *árbores*, entendemos de interese examinar a proporción en que as dúas formas se presentan ao longo do tempo (Táboa 6).

	Século VIII	Século IX	Século X	Século XI	Século XII	Século XIII	Século XIV	Século XV
Codolga	0	2	0,4	5,5	18,8	60,6		
TMILG						73,5	57,6	95,6

Táboa 5.- Porcentaxe de documentos con topónimos sobre *pumares* por século

	Século VIII	Século IX	Século X	Século XI	Século XII	Século XIII	Século XIV	Totais
<i>Pumar</i>	0	12	79	85	34	17	0	392
<i>Pumares</i>	4	59	145	110	13	5	1	458
<i>Pumar/Pumares</i>	---	0,2	0,54	0,77	2,62	3,4	---	0,85

Táboa 6.- Relación *pumar/pumares* por século no Codolga

O uso do plural é algo máis frecuente que en singular, mais examinado por séculos, isto sucede ata o século XI. Nos séculos XII-XIII, cando comezan a diminuíren as mencións de *pumares* nos documentos, as formas en singular son da orde de 2,6 a 3,4 veces máis frecuentes que no plural. Nesta altura hai moitas menos mencións, pero estas son de plantacións.

Ao paso, produciuse unha forte diminución das mencións de maceiras, pereiras, ameixeiras e cerdeiras. Na Táboa 7 podemos ver como evolucionou o número de mencións das especies froiteiras no Codolga e no TMILG.

Estes cambios, diminución do número de mencións en singular, veñen a dicir que nos documentos se fala menos de *árbores froiteiras* (ou que se fai noutros termos) e

cando se nomean, as referencias son sobre todo ás plantacións. No caso da maceira tampouco podemos atribuírlo a un troco de denominación.

No Codolga as formas plurais decaen moito máis que as singulares, pola necesidade de falar da propiedade das *árbores* ata os séculos X-XI, cousa que despois diminúe ata desaparecer como consecuencia das mudanzas na agricultura e nos contratos agrarios a partir do século XII.

Supuxo isto unha redución da produción froiteira desde o século XII? Coidamos que estes datos nada nos din sobre o asunto. Se se deixa de falar de *pumares*, maceiras, pereiras, etc., é, posiblemente, porque non se precisa facelo nos documentos.

<i>Especie</i>	<i>Codolga</i>						<i>TMILG</i>			<i>Total</i>
	<i>VIII</i>	<i>IX</i>	<i>X</i>	<i>XI</i>	<i>XII</i>	<i>XIII</i>	<i>XIII</i>	<i>XIV</i>	<i>XV</i>	
<i>Maceira</i>	0	6	30	47	10	0	4	9	9	115
<i>Pereira</i>	3	8	16	17	4		7	19	18	92
<i>Cerdeira</i>	0	5	29	37	8		8	2		89
<i>Ameixeira</i>	0	7	19	11	3	0	2	4	4	46

Táboa 7.- Número de mencións de varias froiteiras no Codolga e no TMILG

Os cambios na tipoloxía dos documentos

Mesmo no caso do Císter, que chegou a Galicia dedicándose directamente á explotación das súas terras, para mediados do século XIII tiñan esta forma de explotación totalmente abandonada.

Segundo Ríos Rodríguez (1993), no seu estudo sobre as orixes do foro, as relacións entre señores e labregos en forma de contratos de tipo enfitéutico levaron ao contrato foral. Sitúa o seu inicio entre os finais do século XII e comezos do século XIII como consecuencia dunha expansión, tanto económica como demográfica, que provoca unha grande acumulación de bens en mans das institucións eclesiásticas e unha maior capacidade dos labregos para facer valer os seus dereitos. Estes cambios fan entendible que as árbores froiteiras aparezan en menor proporción nos documentos, pois faise menos necesario a súa mención, por ser menos directo o control sobre os bens por parte da nobreza e da Igrexa.

Hai, con todo, un importante desfase entre as orixes do foro e o proceso de desaparición dos *pumares* na documentación. Esta desaparición prodúcese con

antelación aos cambios no tipo de contrato, o que ten sentido, se supoñemos que as mudanzas no tipo de contrato e a xénese dos contratos forais responden a un proceso de transformación nas relacións que viñan evolucionando de moito antes.

A distribución xeográfica dos *pumares*

A proporción de documentos que mencionan *pumares* é variable segundo as coleccións documentais dos mosteiros. Na Táboa 8 examinamos as relacións de Celanova, Samos, Sobrado, Caaveiro e Xubia segundo o Codolga.

A presenza de *pumares* e, seguramente, das froiteiras en xeral, é máis alta nas coleccións orientais de Samos e Celanova, mais as formas en singular son algo máis frecuentes nas occidentais: Sobrado e Caaveiro-Xubia. Pensamos que hai dúas posibles razóns para isto: as diferenzas nas datas entre as coleccións e as diferenzas na organización produtiva. Dunha análise de datos por séculos e mosteiros, os séculos son máis significativos.

	<i>Celanova</i>	<i>Samos</i>	<i>Sobrado</i>	<i>Caaveiro & Xubia</i>
<i>Pumar</i>	48	18	52	13
<i>Pumares</i>	115	36	85	9
<i>Total</i>	232	74	152	27
<i>Pumar/Pumares</i>	0,42	0,5	0,61	1,4
<i>Total de documentos</i>	795	339	1344 (?)	415
<i>% pumar/pumares</i>	29,2	21,8	11,3	6,5

Táboa 8.- Porcentaxe de documentos con *pumares* en varias coleccións documentais de mosteiros

Apéndice 1. Denominación de variedades medievais de maceiras que coñecemos

Nome	Fontes	Comentario
Alambre (?)	Crónica xeral, -1256. « <i>et unam mazanam alambre optimam</i> ». ⁽¹⁸⁾	Refírese a unha denominación de fóra do país.
Alvarina	Caaveiro, 25 -1153. Vitoriz – Bezoucos, A Capela?, Top.	No Apéndice de Rodríguez González (1958-1961) en (Lemos); en Goián-Tomiño (Pérez Alonso 1969); na Colección de Mabegondo (O Rosal) (Pereira Lorenzo <i>et alii</i> 2001).
Asturiana	Samos, 164-989. Triacastela, Arb.	Seguramente relacionada coa súa procedencia.
Barrada	Samos, 164-1020/1052. Corvelle-Sarria, Arb.	Relacionada co aspecto do froito.
Beato	Samos. (Vid cita <i>Asturiana</i>).	Terá que ver con <i>beato</i> ou con <i>veado</i> ?
Boydi (?)	Sobrado II, 535-s.d. Costantin, Arb.	Semellanza coa actual <i>bondo</i> (DDG, de Rodríguez González (1958-1961)).
Camoesa	Libro tomo de pergamiño de Oseira , 5-1475. « <i>huna çesta de maças camoeses ou d'ourantes</i> ».	A máis coñecida das variedades tradicionais en Galicia. Noticias dela en Herrera (1988) e Laguna (1969) no século XVI. Jerónimo del Hoyo (1950?) no XVII en Galicia. Grupo de variedades.
Ducar (?)	San Clodio do Ribeiro, 450 -1413. Anllo-Cenlle, Arb.	
Malariaha (?)	Sobrado, 47-s.d. Serant-Santiso, Ref.	Relacionado co latín <i>malaria</i> : <i>pumar</i> pomarega
Ourantes	Libro tomo de pergamiño de Oseira, [5]-1473. « <i>maças camoeses ou d'ourantes</i> ».	Posible sinónimo de Camoesa. Topónimo dunha parroquia do concello de Punxín.
Peros	Sobrado I, 436 -1174. Villa Untia de Donbrete, Froita. // Oseira, 1173-1285, 1100-1275, 1599-1339, 1978-1394, Oleiros–Carballedo, Froita. // Universidade de Santiago, 313 -1438, Lamela - Ames, « <i>a marquada do pereyro do Biquo da pereira</i> ». // ? Celanova 318-1010; « <i>mazanaria perale</i> »; Bobadela. Dubidoso. // Oseira, 1073 -1274, « <i>aliam vineam in Perario</i> » Top.	Os <i>peros</i> comprenden numerosas variedades. No <i>Diccionario da Real Academia Galega</i> (1997) defínese como: « <i>variedade de mazá alongada e de sabor agre</i> ». Caracterizacións semellantes en Dioscórides de Laguna (1969) e no <i>Diccionario de Autoridades da Real Academia Española</i> (1990). Hai variedades: <i>pero pardo</i> , <i>pero repinaldo</i> , etc. Unha variedade, <i>peros de nedo</i> , aparece nos Pergamiños de Caaveiro: « <i>et quatreçentos peros de nedos</i> » (49-1416). Os <i>peros</i> son citados como de cultivo e exportación en Galicia na Idade Moderna por Jerónimo del Hoyo (1950?).
Ruvial	Samos. (Vid. cita <i>Asturiana</i>).	Citado na Colección de Mabegondo, Veiga – Sarria (Pereira-Lorenzo <i>et alii</i> 2001).
Sartale	Celanova, 314-1020; Bobadela–Celanova, Ref.	Posiblemente do latín <i>sartus</i> , referido á súa capacidade de conservación.
Salvaroria	Ferreira de Pantón, 2-1075. Anllo-Sober, Ref.	
Sempre nova	Samos, 90-1057. Barbadelo-Sarria, Ref.	Posible referencia á boa conservación da froita.
Verdeal	Santa Cristina, 44 -1315. Lavandeiro - Seoane de Chavaga, Ref.	En <i>Etnografía Portuguesa</i> de Leite de Vasconcelos (1994-1995) en Lamego, século XV. <i>Verdella</i> , <i>verdía</i> , <i>verdosa</i> . Na Colección de Mabegondo (Pereira - Lorenzo <i>et alii</i> 2001).
Verdella	Sobrado I 86-942. Arb.	Equivalentes modernas: <i>roxa</i> , <i>encarnada</i> , <i>colorada</i> .

O símbolo ? indica a existencia de dúbidas sobre que a denominación corresponda a unha variedade. Decidimos a inclusión das dúbidas porque a relación de variedades coidámola aberta, ou sexa, incompleta e provisional.

(18) Esta citación non foi localizada polos editores.

Apéndice 2. Descripción do «Pumare Vetulum» en Untia, no actual Betanzos, nun documento de Sobrado do século XIII (470-1242)

470

A. 1242, Marzo 16 P.

DE DOMBRETH

Era Ma CCa LXXXa et quotum XVII kalendas aprilis. Notum sit omnibus presentibus et futuris quod ego frater Martinus magister Grangie de Donbriti cum consilio et uoluntate fratrum eiusdem Grangie, uobis Martino Petri et uxori uestre Azende Petri et uobis Petro Iohannis et uxori uestre Godine Petri et uobis Pelagio Petri et uxori uestre Marie Petri totique uoci uestre, facimus pactum et placitum firmissimum in Cm solidos roboratum de illa nostra hereditate que nos habemus in Untia in loco que uocatur Pumar Uetulum et ipsa hereditas est diuisa per suos comaros et per suos marcos, talem pactum facimus uobiscum quod ad completionem duorum annorum debet esse plantata ex uobis integra de mazenariis et in circuitu de perariis et de cerdarias et debetis eam claudere de bono uallato de ista pascua ad aliam, et si uos alium fructum in ipsa hereditate laboraueritis terciam partem integram debetis inde dare fratribus de Donbriti in a eyra, et uos debetis similiter habere duas partes in pace, similiter de fructum arborum ipsius hereditatis fratres de Donbriti debent habere medietatem integram et uos aliam medietatem. Et sciant omnes quod in ipsa supradicta hereditate stant ibi duodecim arbores de fratribus de Donbriti et supradicti fratres debent leuare duas partes de fructu ipsarum et supradicti homines terciam partem. Similiter ego frater Martinus magister supradicte Grangie et omnes fratres eiusdem Grangie uobis supradictis hominibus talem pactum facimus uobiscum de illa nostra hereditate que iacet uallata iuxta as Nigraes et ista hereditas iacet super sautum de Caualeyros, damus uobis per talem pauctum ut in isto anno debet esse plantata ex uobis integra de mazenarias enxertadas, et totum alium fructum que in ipsa hereditate uos lauoraueritis debetis dare fratribus de Donbriti terciam partem integram et uos debetis habere duas partes, ita tamen quod omnes partes debent dare unusquisque suam sementem, et postea de fructu arborum debent habere fratres de Donbriti duas partes et supradicti homines et generatio sua terciam parte integram. Si uero aliquis ex parte fratribus uel ex parte supradictis hominibus contra istum nostrum factum ad isrumpendum uenerit uel uenerimus et ipsi supradicti homines supradictum placitum non compleuerint, penam superius scriptam pectet supradicte parti. Regnante tunc tempore rege domno Fernando in Castella, in Legione, in Galletia. Archiepiscopo in Sancta Iacobo Ioanne Arie, Abbate in monasterio de Cinis I. Petri. Donno Roderico Gomet tenente Transtamar et Montem Nigrum et Montem Rosum. Qui presentes fuerunt: Frater Martinus Roderici magister Grangie ts., frater Petrus zapatarius ts., frater Martinus carpentarius ts., frater I. Menendi ts., frater I. Carnaritis ts. et stalarius, frater Martinus Suarius de Trasancus ts., I. de Deo ts., Petrus Dominici ts., Martinus Petri ts. et alii multi qui hoc uiderunt et audierunt. Martinus qui notuit.

Especies e variedades de froiteiras na Idade Media en Galicia

Resumo A partir dos documentos da época, identifícanse as especies e as denominacións varietais das árbores froiteiras da Galicia medieval. As especies tratadas son: *abeleira*, *ameixeira*, *amendoeira*, *castiñeiro*, *cerdeira*, cítricos (*laranxeira*, *limoeiro*, *ceuti*), *figueira*, *granada*, *maceira*, *marmeleiro*, *moreira*, *nespereira*, *nogueira*, *oliveira*, *pereira*, *pexegueiro*, *piñeiro manso* e *sorbeira*. Seguidamente, realízase unha análise das denominacións varietais encontradas: número de mencións, por especie,

distribución temporal das mencións, tipos de denominacións, tipos de mencións nos documentos, etc.

Palabras chave especies froiteiras medievais, variedades froiteiras medievais, *abeleira*, *ameixeira*, *amendoeira*, *castiñeiro*, *cerdeira*, cítricos, *figueira*, *granada*, *maceira*, *marmeleiro*, *moreira*, *nespereira*, *nogueira*, *oliveira*, *pereira*, *pexegueiro*, *piñeiro manso* e *sorbeira*.

Nos camiños dunha tradición iniciada polo Padre Sarmiento, na que se xuntan a utilidade de hoxe e os papeis de antonte, queren ir estas notas sobre a presenza de árbores froiteiras e de denominacións varietais das mesmas na documentación medieval galega.

Nestes documentos atopamos os primeiros testemuños escritos sobre moitas das nosas plantas cultivadas. Noticias anteriores, máis alá dos ben poucos textos clásicos latinos, han de virnos mormente da man da Paleobotánica e da Arqueoloxía.

Daremos razón dos testemuños documentais máis antigos que coñecemos de cada especie como proba da presenza ou vixencia do cultivo, e faremos relación das denominacións varietais anteriores ao século XVI de que temos noticia. Dicimos denominacións varietais e non *variedades* (ou cultivares) porque nos documentos só están, obviamente, os nomes.

As árbores froiteiras das que temos constancia polos documentos son: *abeleira*, *ameixeira*, *amendoeira*⁽¹⁾, *castiñeiro*, *cerdeira*, cítricos (*laranxeira*, *limoeiro*, *ceuti*), *figueira*, *granada*, *maceira*, *marmeleiro*, *moreira* (dúas especies), *nespereira*, *nogueira*, *oliveira*, *pereira*, *pexegueiro*, *piñeiro manso* e *sorbeira*. Especies, seguramente cultivadas, das que non temos constancia documental son: *albaricoqueiro*, *amendoeira*, *cidreira* e *guindeira*⁽²⁾. No relativo ás denominacións varietais só as coñecemos de *castiñeiro*, *cerdeira*, *figueira*, *maceira* e *pereira*.

Non consideraremos as especies naturais das que se consumiron tradicionalmente os froitos, ou hai noticia de que se consumiron, como é no caso de *amorodos* e *amoras*.

(1) De améndoas e amendoeiras hai noticia unicamente nos Cancioneiros, e en documentos de mosteiros en terra de fóra de Galicia.

(2) Da cidreira, albaricoqueiro e guindeira hai testemuños doutros lugares da Península Ibérica e de Galicia xa na Idade Moderna.

Neste traballo tampouco trataremos da *vide*, sen dúbida a de maior importancia entre as especies leñosas cultivadas en Galicia. Ela soa está presente en moitos máis documentos que todas as especies das que acó trataremos xuntas, e foi obxecto de numerosos estudos para a época medieval, como corresponde a un cultivo básico para a prosperidade, nese tempo, de vilas e cidades como Ourense, Ribadavia e Pontevedra.

As denominacións varietais da *vide* son moi escasas nos documentos e apenas foron examinados testemuños sobre elas, sendo merecentes dun estudo coidadoso.

Presentación da información sobre especies e denominacións varietais

Especies

Para cada especie daremos noticia sobre a súa orixe e os testemuños paleobotánicos da súa presenza no país. Para a súa aparición en documentos tomamos como base os tomos de Celanova, Samos e Sobrado, xunta ás bases de datos *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Codolga) e *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG). A información que nos dan alude a árbores e plantacións como bens concretos, a topónimos, ou ben a froitos como obxecto de renda.

Denominacións varietais

As mencións poderán comprender, na súa orde, os seguintes puntos: *fonte, número de documento-ano, lugar e concello actual en que está situado, cita literal e tipo de citación*. En casos poden faltar parte dos datos anteriores.

O tipo de citación, que coidamos importante, infórmanos da razón pola que se fai a mención nos documentos:

Arb.: Árbores obxecto do documento.

Ref.: Cando as árbores serven de referencias espaciais.

Top.: Topónimos.

Fr.: Froitos (por rendas, foros, etc.).

Daremos outros datos que consideremos de interese, non só históricos. Algunhas das denominacións varietais das que tratamos utilízanse hoxe, ou fan referencia a características que continúan a ser relevantes⁽³⁾. As denominacións varietais irán precedidas de:

(*) se é probable variante doutra citada.

(?) se temos dúbidas de que corresponda a unha

variedade. Decidimos a inclusión das dúbidas porque a relación de denominacións varietais coidámola *aberta*, ou sexa, *incompleta e provisional*.

Aínda que as cuestións agronómicas están sempre nun segundo plano nos documentos, as variedades ou cultivares foron no pasado, como hoxe, elemento esencial da actividade agrícola. Dado o carácter simple das mencións, e o feito de seren ocasionais, necesitamos criterios para dalas por boas como denominacións varietais. Estes son os nosos criterios:

Denominacións varietais das que existe constancia en tempos posteriores. Poden servir de exemplo *soldare*, usada para a cerdeira, aínda que hoxe non se utilice, e mencionada por Alonso de Herrera (1988) que a fai sinónima de *garrafal* na súa *Agricultura general*; e *verdeal*, de uso ata hoxe en diversas especies.

Denominacións varietais de cores (mormente dos froitos) como *loural*, *rubial*, *verdeal*, etc., aínda hoxe moi comúns.

Denominacións varietais que fan referencia a caracteres da planta ou dos froitos. Por exemplo *sartale* (do latín *sartus*, de boa conservación) que atopamos aplicado á maceira.

Denominacións varietais que son citadas varias veces en distintos documentos ou no mesmo, e das que é claro que se refiren a distintas árbores, non respondendo a caracteres descritivos comúns.

Denominacións varietais que aparecen nun mesmo documento xunta denominacións varietais xa coñecidas. Isto sucede en documentos de Cespón, Concello de Noia e Santa Comba de Naves.

Descártanse como denominacións varietais adxectivos que fan referencia a caracteres descritivos de árbores que nada teñen que ver con variedades. Por exemplo: *coua* (Carboeiro, 15-ant. 961, Saindres-Silleda, «*et de ipsa ripa super Castanaria Coua*», Ref.) ou *coual* (Catedral de Ourense, 218-1247, Brosende, «*et tendit ad castineyram coual*», Ref.) que fan referencia ao toro furado; ou *ripiado* (Universidade de Santiago, 254-a. 1391, Lodosa-Ames, «*et de Lamas per ilo castineirio ripiado que está ao canto do ryo de Lodosa*», Ref.), que pode asociarse a *ripo*, *ripar*⁽⁴⁾. Outros casos son *enteiro*, *entorto*, etc.

Daremos como boas denominacións varietais como *carruniosam* (cerdeira) e *sartale* (maceira) das que dubidamos que fosen de uso común e semellan ser formas latinizadas polo escribán.

No caso das que temos por dubidas daremos conta das nosas razóns para así tratalas. Aínda así, nin as que damos

(3) As características de cultivares actuais que manteñen nomes antigos pódense ver nalgúns casos, como no do castiñeiro, en Pereira-Lorenzo & Fernández-López (1997) e no da maceira, en Pereira-Lorenzo *et alii* (2001).

(4) Inclínase por interpretar *castiñeiro ripiado* como árbore á que se lle podaron as pólas laterais do toro nunha acción semellante á de ripar o liño.

por boas son totalmente seguras, nin as descartadas e dubidasos deben considerarse exentas de futura revisión.

Especies e denominacións varietais

ABELAIRA (*Corylus avellana* L.).

Autóctona. Presente nos diagramas polínicos ao longo de todo o Holoceno (Mourik 1986). Restos de froitos teñen aparecido en escavacións de xacementos arqueolóxicos ao longo de todo este período (Ramil-Rego 1993).

Aparece en documentos desde o século X. En Sobrado como *auelanares* (21-931, Codesoso-Sobrado), *avellanales* e *avellaneirola*. En Celanova *avellanares* (163-932) e *avelanarias*. En Samos *avellanares* (31-1059, Muro-Láncara). As mencións corresponden sobre todo a plantacións e/ou árbores. Non hai mencións explícitas de froitos.

Polas mesmas datas aparece como topónimo, tanto referente á planta como ao froito. En Celanova *Avellaneta/o* (Abelenda-Castro Caldelas), *Avellanas*; e en Sobrado: *Avelaale*, *Avelanaria*, *Avellanedo* e *Avellaneta/o*.

Non coñecemos mencións de denominacións varietais

A especie atópase silvestre en Galicia onde o cultivo tivo en xeral pouca importancia, ao contrario que en Asturias. Tampouco sabemos en que medida as mencións son de plantas silvestres ou cultivadas, aínda que debemos supoñer algún grao de cultivo, pois acostuman aparecer entre outras especies de froiteiras. Por exemplo: «*pumares*, *perares*, *amexenares*, *auelanares*» (Sobrado I, 22-931).

A reprodución facíase de rebentos ou fillos enraizados do pé. Posiblemente houbo cultivo diferenciado para varas e para froito. A abeleira úsase tamén para facer sebes protectoras dos eidos e as súas varas para arcos de pipas, cestería, aguilladas, varas para sacudir as castañas, etc.

AMEIXEIRA (*Prunus doméstica* L.)

A ameixeira considérase orixinaria do Cáucaso, Asia Menor e Persia. Apareceron en Galicia restos de froitos de época romana (Teira Brión 2010).

Considérase que o nome procede do latín *damascena*. Citada desde o século IX na carta de Pompeiano (Sobrado I, 76-860, Roade-Sobrado, *amexenarias*). En Celanova desde o século X (373-956). Aparece case sempre en plural e as citas poden referirse tanto a árbores como a plantacións. No Tombo de Sobrado aparecen como *amexarias*, *amexenales*, *amexenaria*, *amexenares* e *amexeneira* en 12 mencións entre os séculos IX e X; e no de Celanova como *amexinales*, *amexinares* e *admexinales* en 16 mencións entre os séculos X e XI.

Como topónimo non aparece nos tombos de Celanova, Samos e Sobrado. As dúas primeiras mencións no Codolga son *Amexeneta* (Tombo A, 1029) e *Amexenedo* (Meira, 74-1177, Ameixido-Castro de Rei).

A reprodución fíxose tradicionalmente a partir de rebentos ou fillos enraizados do pé ou por enxerto (Fernández Crespo 1898-1899).

Hoxe o nome de *ameixa* (froito) aplícase tanto á especie en xeral como aos tipos pequenos e redondos, distintos doutros tipos de froito máis grande, que posiblemente foron introducidos máis tarde, como *claudias*, *cirolas* e *fatós*, pois para encontrar referencias a estes nomes, como a calquera denominación varietal da especie no país, temos que situarnos xa na Idade Moderna.

Co nome de *Abruñeiro* coñécese tanto un tipo de ameixeira de froitos moi pequenos como a especie silvestre autóctona *Prunus spinosa* L., que aparece como topónimo: Xubia, 82-1169, Couto de San Martín-Narón, «*monte ... qui vocatur dos Abruñeiros*». Utilizábase tamén para facer sebes e como patrón para enxertos. Outra especie silvestre en Galicia é *Prunus insititia* L. coñecida polos mesmos nomes, ten os mesmos usos e dá froitos máis grandes.

AMENDOEIRA (*Prunus amygdalus* L.)

Posiblemente unha das primeiras froiteiras domesticadas, procedente de Oriente Próximo. Non coñecemos mencións de árbores nin de froitos en documentos, pero non son estraños aos textos literarios medievais os froitos: *almendra*, *amendooa*, etc. (vid. TMILG). Seguen presentes no Val do Sil e noutros lugares axeitados para o seu cultivo en Galicia.

CASTIÑEIRO (*Castanea sativa* L.)

A especie considérase autóctona. Aparece en diagramas polínicos ao longo do Holoceno (Aira Rodríguez *et alii* 1992, Muñoz Sobrino *et alii* 1997 e Mourik 1986). Suponse que durante as glaciacións a especie puido ter refuxio, entre outros lugares do sur de Europa, na costa cantábrica e na área de Galicia e norte de Portugal (Krebs *et alii* 2004). Existen escasos restos da época castrexa. O seu cultivo puido iniciarse despois da conquista romana, situándose a expansión a partir dos séculos VI-VII (Conedera *et alii* 2004).

As árbores son mencionadas desde o século IX en documentos de Sobrado e Celanova: *castaniaries* (Sobrado I, 34-840, Arb.); *castaniaries* (Celanova, 343-932, Quiroga, Arb.); *kastaniales* (Celanova, 165-963, Quiroga, Arb.). Máis adiante tamén aparecen como *enxertos*: (Santo Estebo, 87-1370, Nogueira de Ramuín, «*duas leiras aa Estrada hua con enxertos*», Arb.).

Os froitos aparecen a partir do século X: «*quarta integra et de castanas similiter*» (Celanova, 446-959), como pagamento de renda. Como topónimo figura no século IX

en Sobrado: (Sobrado I, 119-887, «*ad Gallegos, ad Castanaria, Pescoso. in Deza*», Irixe, Top.). Outros: *Castineira, Castanneras, Castaninam* e *Castaneda*. En Celanova, *Castenaria*.

As mencións máis antigas e abundantes son de *soutos* (do latín *saltus*: bosque, selva, floresta), plantacións de castiñeiros, na acepción galego-portuguesa. Como topónimo, aparece xa no Parroquial Suevo, do ano 569, na diocese de Braga: «*Petroneto, Equisis ad saltu*». A primeira mención clara é do século VIII, e alude a actual parroquia de Soutomaior-Taboadela⁽⁵⁾. O mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil aparece fundado no IX no «*souto de Merilan*» (Santa Cristina, 876-1). As formas máis antigas (século IX) son *saltus/a/is/os*; as formas *sauto/i* aparecen no século X; e *souto/i* no XII. Aínda que na meirande parte das mencións de *soutos* nada se di sobre o seu significado, coidamos que debía de ter o mesmo que hoxe polas seguintes razóns:

- 1.- Os *soutos* diferéncianse das *devesas*: «*molinos, devesas, sautos*» (Samos, 226-947); e de *roboreta* – carballeira–: (Celanova, 163-932, «*sua roboreta et sua salta*»).
- 2.- Aínda que escasas, as alusións a árbores fan referencia a castiñeiros: «*de ipso sauto medietatem integram ... exceptis Illes castanarios de Froilo*» (Celanova, 197-975).
- 3.- Ás veces, mesmo *souto* faise sinónimo de castiñeiro: «*pumares, zeresales, saltos*» (Celanova, 304-937).

Aínda que sen relación coa produción de froitos, senón coa de varas e vergas para cestería, pesca, viñas, etc., deben mencionarse os *bravadigos*: «*et chantados et deusas et arrôôs et brabadegos*» (Universidade de Santiago, 305-1336, San Pedro de Outes)⁽⁶⁾. E xuntamente con estes, os castiñeiros *bravos*, sen enxertar, que aparecen ocasionalmente nos documentos: Cespón, 9-1445, *Cespón-Boiro* «*e ontre brabo junto a el*», Arb. // Álvaro Pérez, 156-1457, Rianxo «*que cortou hñu castineyro brabo*», Arb. A madeira dos *bravos* considerouse tradicionalmente de maior calidade que a dos *mansos*, coa excepción dalgunhas variedades en zonas do interior de Galicia, na montaña luguesa.

A reprodución da especie facíase por semente e a das variedades, en boa medida, por enxerto. Nalgunhas variedades tradicionais consideradas variedades-poboación, como por exemplo a *De presa*, facíase tamén por semente (Elorrieta y Artaza 1947: 49).

Dada a longa duración das árbores desta especie, se recibiron un coidado axeitado, é posible que se manteñan hoxe en pé árbores enxertadas hai máis de cincocentos

anos; e ata sería posible que fosen as mesmas que figuran nos documentos da época.

Denominacións varietais

Abana (Sobrado I, 47-s.d., Villa Bidualdi-Serantes-Santiso, «*ad castinaria abana*», Ref.) Posiblemente se relacione con *abano, abanar*. No mesmo documento en que é citada aparecen outras dúas posibles denominacións varietais de cerdeira e maceira, tampouco doadas de interpretar: *carruniosam* e *malariaha*. Denominación varietal actual achegada foneticamente é *abadá*, que se atopa na Ulloa, non moi lonxe.

Alvariño (Historia da Coruña, 53e-1399, Goente-Vilachá-Monfero, «*voz de rem de dous castineiros albarinos que están ena cortina do Paazo*»; «*Yten dous castiñeiros alvarinos he un enteiro os tres cuartos*», «*e outro alvariño enteiro*»; «*Yten mais, un castiñeiro alvariño que esta en a eyra*», Arb.) Hoxe na zona de Viveiro (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). Denominación varietal que aparece tamén na maceira no século XII. Na pereira temos próxima a denominación varietal *alva*. Usada hoxe en varias especies de froiteiras, a máis coñecida é en vide. Refírese á cor máis clara ou a que o froito é de cedo (Sobreira 1979).

Asadeyro (Galicia Histórica, 9-1272, Gomariz-Leiro, «*pelo castineyro asadeyro*», Ref.) Seguramente teña relación con características do froito favorables ao asado (Rivas Quintas 1997).

Avarcal (Oseira, 108-1276, Ribadavia, «*in qua stat unus castinarius avarcal*», Ref.) Quizais tamén ***Abartae** (San Clodio do Ribeiro, 428-1404, Devesa-San Clodio, «*a sobre llos castineiros abartaes*», Ref). A denominación varietal *abarcá* ou *abarcal* utilízase hoxe na Bola, Lovios e Parada de Sil (aquí como sinónimo de *amarelante*, variedade da que está enxertado o famoso castiñeiro de Rozabales en Manzaneda-Ourense) (Fernández-López & Pereira - Lorenzo 1993). Atopámola tamén en Cortegazas-Avión (Pereira-Lorenzo & Fernández-López 1997). Denominación varietal próxima é *barcaleira*, citada por Rivas Quintas (1997: 96). O nome está relacionado con *barcal*: vacía de madeira.

Badialis (Ramirás, 96-1253, Guntemir-Torre-Cortegada, «*ad ripam de castanario Badialis de Redondelo*», Ref.). Quizais sexa a ***Bodial**: (Ramirás, 118-1254, «*deinde per castenarium Bodial*», Ref.). // (Santa Comba de Naves, 87-1304, Catedral de Ourense, «*entre o castineyro bodyal*», Ref.). Posiblemente estea relacionada con *badius*, latín: baio, castaño, referido á cor do froito.

Branco (Universidade de Santiago, 304-1436, Cambeiro-Outes, «*çinquo castineiros brancos*», Arb.). Citada polo

(5) Documentos odoarianos, 1-747. «*Et in Sauto Maiore ecclesia*», «*et suos sautos ab integro*».

(6) Aparecen *brabadegos* en seis documentos da Universidade de Santiago, entre os anos 1336 e 1466.

Padre Sarmiento (1970-1973) en Riazón-Carballedo. Ten unha distribución actual moi ampla: Petín, Río, Rúa, Bande, Monterroso, Becerreá, Chantada, etc. (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). Menciónase tamén en Paradelá (Pallares López 1990). Dado o común do termo e a súa extensión posiblemente englobe diversos cultivares. Hai outras denominacións varietais próximas: *blanquín*, *blanquiña*, etc.

Calvo (Galicia Histórica, 34-1270, Pontedeume, «*a o logar que chaman o castiñeiro caluo de san gíao*», Top.). Foi descrita a finais do XIX na provincia de Lugo, seguramente no val do Sil (Fernández Crespo 1898-1899) como sinónima de *marrón*. Citada actualmente no Bolo, A Rúa, Vilamartín e Ribas de Sil (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). En Asturias, en Allande e Cangas de Narcea (Rivas Quintas 1997). Próximas: *calvela*, *calvoa* e *calvona*. O nome vén pola escasa pilosidade do ourizo.

Colibrinia (Lourenzá, 200-1132, San Andrés de Masma-Mondoñedo, «*per ipsa castineyra que uocitant Colibrinia*», Ref.). Esta denominación podería ter que ver co latín *collibeo*: agradar, ser do gusto.

Dineyral (Santa Comba de Naves, 87-1304, Ourense, «*sesta parte de dous castiñeyros dineyraes*», Arb.). O nome refírese a moeda e podería ser indicación do valor do froito. Aínda así coidamos que é denominación varietal porque aparece nun documento xunto con outras denominacións varietais. O mesmo caso dáse na cerdeira coa denominación varietal *soldare*.

Dural (Santa Comba de Naves, 87-1304, Ourense, «*cabo duu castiñeyro dural*», Ref.). Pensamos que é denominación varietal por estar nun mesmo documento xunta outras denominacións varietais e por que estimamos que o nome está relacionado coa conservación do froito: *dura*, *duración*.

Estallada (Concello de Noia, 28-1412, «*hûa castineira estallada enteira*», «*a meedade de dúas castineyras estalladas*». Arb.). Podería asociarse a *estelos* ou *destelos* (castañas caídas naturalmente da árbore) de acordo coa seguinte mención de Oseira, 1435-1323, «*tan bem das estaladas commo da cisterna*» (castañas). Considérase boa a mención por aparecer nun documento xunto con outras denominacións varietais.

Gonçalvo (Cespón, 9-1445, Cespón-Boiro, «*o castynaryo nobeo et outro gonçalvo*», «*o castyneyro gonçalvo da Bouça*», «*e mays outro castyneyro gonçalvo*». Arb.). // (Concello de Noia, 27/28-1412, «*castineira gonçaluo*», Arb.). (Barreiro García 1995; citada por Pereira-Lorenzo & Fernández-López 1997: 7) // (Toxosoutos, 793-1289, «*huun castineyro Gonçaluo*», Arb.). As tres mencións proceden da mesma zona o que fai seguro que se trate dunha

denominación varietal. Así é considerado no *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (DDGM), onde se engade: «segundo a información proporcionada por Santiago Pereira, procede do norte de Portugal».

? **Junino** (San Clodio do Ribeiro, 357-1365, Gomariz-Leiro, «*Item. outro castineiro junino*» (dúas veces), Arb.). Aparece dúas veces no mesmo documento para citar árbores que coidamos distintas. Pode que se trate de castiñeiros novos (Ríos Rodríguez 2001).

Longarés (Álvaro Pérez 127-1457, Rianxo, «*fasta os castineyros que tẽ Fernand Seco longareses*», Ref.). O propietario, Fernand Seco, aparece noutros documentos, e *longareses* concorda no plural con castiñeiros polo que entendemos que se refire a eles. O nome é próximo a *longal* (froito alongado), nome de variedade do sueste de Galicia e no norte de Portugal, de grande importancia comercial hoxe, mais pensamos que pode proceder dun topónimo. No mesmo documento «*do tallo da Soueireira, que chama da Longarela*».

Luzal (Cespón, 9-1445, Cespón-Boiro, «*e mays a meatade do castyniuro luzal do ollo da Fonte*», Arb.). Consideramos que é denominación varietal pois aparece no mesmo documento que outras denominacións varietais. Aníbal Otero Álvarez (1960: 96) di sobre *luzo/a*: «es evidente que de *agua luzo* quiere decir de aguas claras». Entendemos que pode referirse ao brillo (*luzo*) do froito.

? **Marinam** (Oseira, 905-1263, «*In primis domnus Petrus Area ... de castaneam marinam*». Top.?). Non sabemos se o topónimo ten que ver cunha denominación varietal. Poderían relacionarse con este topónimo as *castañas mariñas*, un/s tipo/s de patacas desde o século XVIII? Ou debe relacionarse coa seguinte denominación varietal?

Martinga (Tenzas Santiago, fol. 65-1352), «*a castineira martijnga*», Arb.)⁽⁷⁾. Froito polo San Martiño (11 de novembro). Hai a denominación varietal *Martiñesa* en Entrimo (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993).

? **Miuyo** (Belvís, 51-1377, Lestedo, «*tres castineiros miuyos*», Arb.). Puidera ser variedade, aínda que a cita é única e non sabemos de ningún nome próximo.

Molar (Universidade de Santiago, 31-1315, Vilachá-Bama-Touro, «*ao castineyro molar que chaman do Carualal*», Ref.). Úsase na denominación de plantas, por exemplo *toxo molar*, ou de froitos: «dícese de la fruta que se abre facilmente con las manos» (Rodríguez González 1958-1961). Refírese ao ourizo.

Mourino / Moutyno (Cespón, 8-1440, Cespón-Boiro, «*que se torne bia do castyneyro moutyno*»; (Cespón, 9-1444, Cespón-Boiro, «*o castyneyro mourino*»; «*huun mourino*»; «*e mays outro mouryno*», Arb.). Aparece con outras

(7) Esta citación non foi localizada polos autores.

denominacións varietais no documento. Pola cor escura do froito.

Nigral (Catedral de Ourense, 218-1247, Brosende, «*demarchatur per castenariam nigral*», Ref.). // San Clodio do Ribeiro, 357-1365, Gomariz-Leiro, «*et outro castineiro negral*», Arb.). A denominación varietal *negral* mantense actualmente en Valdeorras –O Barco, Carballado, Petín, Rubiá, Vilamartín– (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993), tendo como sinónimos *queiroguesa* e *courelá*. Hoxe tamén está presente no Bierzo e Portugal.

? **Nobeo** (Cespón, 9-1445, Cespón-Boiro, «*logo o castyneiro nobeo*»; «*e mays dous nuvios*»; «*hun mourino e outro noveo*»; «*dous castyneiros noveos*». Arb.). Temos dúbidas de se será por castiñeiro novo, aínda que no documento se presente con outras denominacións varietais.

Paaçao (San Clodio do Ribeiro, 357-1365, Gomariz-Leiro, «*et jun castineyro paaçao*», Arb.). // (Santa Comba de Naves, 87-1304, Ourense, «*parte düu castiñeyro paaçao que está a ssu a dita cortyna*», Arb.). De pazo. Hai *pazau* como variedade actual de vide.

Redondo (Ferreira de Pantón, 14-1246, Castillón-Pantón, «*videlicet de ipso castinario Redondo de Ribela*», Ref.). A denominación varietal hoxe na Mezquita e Viana do Bolo úsase como sinónimo da variedade *rapada* (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). Tamén está presente en Portugal, na Terra Fria Trasmontana.

Rubial (Carboeiro, XVIII-963/970, Negreiros-Silleda, «*de castanario ruiale et de ipso castanario IIII^a portione*», Arb.). // (Celanova, 358-1025, Barredo- A Bola, «*et inde per illa castinaria ruvial*», Ref.). // (Cascas, 25-1200, Betanzos, «*ad castinarium rubeale*», Top.). A denominación varietal é citada en Vilar (?) –provincia de Lugo– (Ebeling & Kruger 1952) e na Fonsagrada (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). Tamén está en Asturias (Rivas Quintas 1997).

Souctilao (Oseira, 593-1247, Xuvencos-Boborás, «*ad castinario souctilao*», Ref.). // (Santa Comba de Naves, 87-1304, Ourense, «*e o outro castiñeyro soutelão d'yrmaos*», Arb.). Denominacións varietais actuais de nome semellante son: *soutiña* (Vilardevós), *souteliña* (Lovios) e *soutogrande* (Riós, Vilardevós) (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993).

Taral (Cespón, 9-1445, Cespón-Boiro, «*eno castineiro taral*» Ref.); («*outro castyneiro taral*»; «*e mays o castyneiro taral do Sebeyro*»; «*e mays os tres cartos do castyneiro taral*»; «*outros dous castyneiros taraas*». Arb.). Chegou ata hoxe a denominación varietal *Tarabelado*.

Temperana (Sobrado de Trives, 2-1201/1300, «*et per castineira temperana*», Top.). // (Concello de Noia, 28.81-1412, «*et da outra parte vay topar ao castineyro tenporaão*»). Hai denominación varietal *temperá* en A Golada, Lalín e Viana do Bolo; *temporá* en Parada de Sil e Riós, *temperán* en Taboada (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). É relativa a árbores que dan froito de cedo.

? **Tounal** (Vilourente, 13-1351, «*da nosa herdade por lo estreito do castineiro tounal*», Mondoñedo, Ref.). Non sabemos de ningunha denominación varietal de nome próximo.

Verdeal (Santa Comba de Naves, 87-1304, Ourense, «*dous castineyros uerdeaes*», Arb.). // (Universidade de Santiago, 304-1436, Cambeiro-Outes, «*Item huun castineiro verdeal*», Arb.). // (Oseira, 1901-1384, Guimerán-Moldes-Boborás, «*et vay topar a fondo a o castyneiro grande verdeal*», Ref.). // Concello de Noia, 28-1412, «*hũa castineira gonçaluo et de outra verdeal*», Arb.); (*ib.*, 28-1412, «*Jten ho oytauo dos castineiros vellos verdeás das Curujas*», Arb.). // ***Verdeloso**: (Concello de Noia, 27-1412, «*ata o castineyro de Garçia Vaasques verdeloso, trese castineyros et seys pereyras*», Ref.); (*ib.*, 28-1412, 39-1439, «*vay de longo ao castiñeyro verdeloso da boqua d'agra*», Arb.); (*ib.*, 27-1412, «*dous castineyros verdelosos enteyros et outro vello cabo deles*», Arb.); (*ib.*, 27-1412, «*tres castineyros enteyros verdelosos*», Arb.). Seguimos DDGM (Barreiro García 1995, citada por Pereira-Lorenzo & Fernández-López 1997). Citado para Portugal en 1550 (*verdeaes*) por Santa Rosa de Viterbo (1966). En Asturias (Dantín Cereceda 1943). Con distribución moi ampla, menciónanse hoxe as denominacións varietais *verde*, *verdeá*, *verdelo* e *verdia* (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993). *Verdella* é mencionada en Paradela (Pallares López 1990). Dado o común do termo, posiblemente englobe diversos cultivares.

? **Viesoso** (Historia da Coruña, 53c-1359, «*Iten a metade dos castineiros viesosos*», Goente-Vilachá-Monfero, Arb.). Non sabemos de ningún nome próximo. Se cadra, Vizoso?

CERDEIRA (*Prunus avium* L.)

A especie silvestre é considerada autóctona en Galicia. Hai restos de froitos de época romana (Teira Brión 2010).

As cerdeiras aparecen mencionadas desde o século IX: *cersares*⁽⁸⁾ (Celanova, 36-889). As mencións de cerdeiras, árbores e plantacións non son raras nos Tombo de Samos e Sobrado, e son moi abundantes no de Celanova (~ 60 documentos).

Os topónimos derivados dos nomes da árbore que aparecen son *Cerserelio* (Celanova, 449-961, Vilamarín),

(8) As variantes que aparecen nos documentos son numerosas: *cerciales*, *cerdarias*, *ceresales*, *ceresares*, **cersares*, **ceresarias*, *ceresiale*, *cersaria*, *cesares*, etc., ou *zersaria*, *zeresales* e *zeresares*.

Cersetello (Sobrado, 112-971), *Cerdaria* (Sobrado, 437-1190), *Cerderolis* (Samos, 53-1175). O froito que aparece como topónimo é *Ceresa* (Samos, 354-1175).

A reprodución da especie fíxose tradicionalmente a partir de semente ou plantas silvestres, e a das variedades por enxerto (Fernández Crespo 1898-1899).

Non coñecemos mencións de guindeiras (*P. cerasus* L.), nin topónimos relacionados con esta especie.

Denominacións varietais

Ambroesa (San Clodio do Ribeiro, 357-1401-1413, Gomariz-Leiro, «*hu esta a çerdeira anbroses*», Ref.). // (Historia do Galego-Portugués: 125, Lugo 50-1497), «*todas las nugueras t çerderas vos aforo a salvo as anbroses*», Arb.). Case con seguridade corresponde á actual *ambroesa*, *ambroesa* ou *ambrunesa*. Menciónase no século XVIII (Sobreira Salgado 1979), e son numerosas as citas por toda Galicia e en diversas épocas. Considéranse sinónimos galegos *ambroesa*, *amburguesa*, *imbroesa* e *calaces* (García González 1985). A denominación varietal é antiga e estendida, atopándose noutros lugares da Península Ibérica. En Portugal aparece a denominación varietal *imbroesa* como tradicional (Leite de Vasconcelos 1994-1995). Na *Enciclopedia del Idioma* (Alonso 1958) indícase que en castelán a denominación varietal *ambrunesa* úsase desde o século XVII, citando varias fontes. O termo pode relacionarse con *ambruiña/o* e *ambrullo*, utilizados para denominar variedades de ameixas. O Padre Sarmiento (1970-1973), relaciónaaas coas *apronianas* da *Historia natural* de Plinio. Como curiosidade diremos que no dicionario de Eladio Rodríguez González (1958-1961) dise que posiblemente sexa orixinaria de Ambroa-Irixoa, o que é pouco verosímil, aínda que a denominación varietal e o topónimo teñan a mesma raíz. A variedade *ambrunesa*, cultivada comercialmente, aparece na lista de variedades comerciais de plantas do *Catálogos nacionales y comunitarios de la Oficina Española de Variedades Vegetales*.

Carnale (Celanova 313-1016, Bobadela-Celanova, «*per illa cersaria carnale*», Ref.). Seguramente pola cor da carne do froito? Existe hoxe no val do Sil a denominación varietal *Carne de Vaca*.

Carruniosam (Sobrado I, 47- s.d., (Villa Bidualdi) Serantes-Santiso, «*ad Cersariam carruniosam*», Ref.). Derivado del latín *carrus*, por polo tamaño do froito ou polos ramos moi cargados. *Carraina* e *carrelo* (Otero Álvarez 1951: 92 e 90) aplícanse ás pólas cargadas de froitos. Hai unha variedade serodia na zona de Quiroga e Cadelas chamada *carreta* (Crespo Pozo 1963). No castiñeiro existen as denominacións varietais *carrelao* e *carrete*, da mesma raíz (Fernández-López & Pereira-Lorenzo 1993).

Loural Sobrado I, 450-1200, Dombrete-Untia, «*et inde ad cersariam Loural*», Ref.). Citada como sinónimo de *negral* no século XVIII (Sobreira Salgado 1979) pola cor do froito.

Negral (Celanova, 195-1009, Cañón-Celanova, «*et una zersale nigrate*», Arb.). // (Lourenzá, 200-1132, Masma-Mondoñedo, «*et per ipsa cersaria nigraria*», Ref.). Refírese á cor do froito. Sinónimo de *loura* (Sobreira Salgado 1979). Descrita a finais do século XIX para a provincia de Lugo (Fernández Crespo 1898-1899). Citada en *Etnografía* de Xaquín Lorenzo (1979), e no Baixo Miño (Alonso 1980). Tamén figura na Colección de Mabegondo (*Negra*).

Soldare (Celanova, 368-975/1009, Rabal-Celanova, «*et torna per illa cersaria soldare*», Ref.); (Celanova, 358-1025, Berredo- A Bola, «*ad illa cersaria soldare*», Ref.). Aínda que o adxectivo *soldare* é frecuente no mesmo Tombo de Celanova no sentido de valor do ben (o soldo era unha unidade monetaria medieval), coidamos que neste caso refírese á calidade da árbore, aínda que en orixe puidese relacionarse co valor. Alonso de Herrera, na súa *Agricultura General* (1988: 192), di: «Los cerezos son de muchas maneras, y de todos son los mejores unos que llaman soldares, en otros cabos llamados garroales». A denominación varietal é citada para Lamego-Portugal no século XVI (Leite de Vasconcelos 1994-1995). Sobre a etimoloxía e a historia das voces *garroval* e *garrafal*, de uso actual, ver o dicionario etimolóxico de Coromines (1967).

CÍTRICOS (*Citrus sp.*)

As especies mencionadas: *laranxeira brava*, *limeiro ou limoeiro ceutí* e *limoeiro* foron todas introducidas en Europa na Idade Media, e as citacións que coñecemos son dos séculos XIV e XV. A *Laranxeira doce*, o *mandarino* e o *pomelo* son de introdución posterior. Posiblemente estivese presente a *Cidreira* (*Citrus medica* L.), coñecida xa polos romanos, pero non sabemos de documentos que a mencionen en Galicia, aínda que os haxa de áreas próximas nese tempo. Quizais teña relación *Cidrás* (Álvaro Pérez, 77-1457, «*fillos legítimos de Lopo Martins de Çidrãas*», Top.). Hoxe é toponimo en Poio, Marín e Moaña.

Laranxeira brava (*Citrus aurantium* L.). «*furta da sua horta lymas e larajas*» (Álvaro Pérez, 170-1457, Rianxo). Hieronymus Münzer (1924), na súa viaxe de 1494, citaas nos arredores de Santiago. Tamén aparece en documentos da Universidade de Santiago (384-1504) e Rocas (395-1535). Debe de ser esta especie, pois a laranxeira doce (*C. sinensis* Osbeck) tróuxose despois. Utilizábase tamén como árbore ornamental.

Limeiro ou limoeiro ceutí (*Citrus aurantiifolia*) . «*huu pee de limo cebtý*» (Álvaro Pérez, 173-1457, Rianxo); «*que leuaua hūu limoeyro çebty que avia arrincado da orta*» (Álvaro Pérez, 174-1457, Rianxo).

Limoeiro (*Citrus limon* (L.) Burm. f.). «*que leuou hũu pee de ljmoeyro da orta de Saar*» (Álvaro Pérez, 165-1457, Rianxo). Hieronymus Münzer (1924), na súa viaxe de 1494, cita nos arredores de Santiago. Tamén sinalada en Ourense (Rocas, 395-1535, Santiaguesa-Velle). Non coñecemos denominacións varietais no país, nin na Idade Media nin na Moderna, aínda que a reprodución acostumaba facerse por probaxe aéreo. Tamén as sementes –por *apomixis*⁽⁹⁾– soen manter as variedades.

FIGUEIRA (*Ficus carica* L.)

De orixe mediterránea e cultivo moi antigo. Consérvanse restos de froitos da época romana (Teira Brión 2010). A figueira aparece nos documentos desde o século IX (Sobrado I, 34-842, «*ficares*»). Os nomes usados son: *ficare*, *figare*, *figaria*, *figales*, *figueiram* e *ficulnea*. Aparece con gran frecuencia no Tombo de Celanova (39 documentos)⁽¹⁰⁾ e en menor medida en Sobrado (4) e Samos (2).

Os froitos aparecen nos documentos máis tarde como pagamentos de renda foral (San Clodio do Ribeiro, 37-1224, «*cum ficus et cerasia per arbores*») // (Oseira, 594-1247, «*de ficis et de cerasiis*», Prado-Castrelo de Miño) // (Ramirás, 58-1248, «*ficus et prxicus*», Pontedeiva).

Como topónimo, *Figaria* e *Figariola* en Celanova no século X, *Figueyra* en Catedral de Santiago, *Figueyroa* en Toxosoutos, *Figariolas* en Sobrado e *Figueiredo* en Oseira.

Aparecen tamén nos documentos os figos secos (Rocas, 214-1445, «*a figueira dos Carbalos coa sua herdade por 500 figos secos*»).

A distinción entre *figueira* e *beboreira* en función do número de colleitas no ano non a atopamos nos documentos, pero coidámola moi probable. A reprodución fíxose habitualmente por acodo aéreo, estaca ou abrocho de pé. As denominacións varietais *alvar* e *negral* responden á cor dos froitos.

Denominacións varietais

Alvar (Oseira, 931-1265, (Cudeiro) Canedo-Ourense, «*et pol-la figueyra alvar do Fondado*», Ref.). // (Rocas, 200-1437, Velle-Ourense, «*hua alvar e outra negral*», Arb.). // (Catedral de Ourense, 366-1263, «*et terminat se ad ficulneam aluar postremam*», Arb.). Debe relacionarse coa cor dos figos (pénsese na cita de Rocas), aínda que a voz *alvar* tamén teña o significado de temperán, de cedo. Na *Etnografía Portuguesa* de Leite de Vasconcelos (1994-1995) aparece a denominación varietal *alvaroes*. Denominacións varietais semellantes: *alba*, *albicera*, *albicerata* e *albiceris* aparecen en autores latinos.

Bacorina (Oseira, 457-1239, San Miguel de Carballeda-Ribadavia, «*in loco quod vocatur Ficaria bacorina*», Top.). A denominación varietal *bacoriño* en figos tamén aparece no Padre Sarmiento (1970-1973) e nas *Papeletas* do Padre Sobreira Salgado (1979). Máis recentemente en Camposancos-A Guarda (Otero Álvarez 1962: 329) como «*de pequeno tamaño*». É denominación varietal tradicional portuguesa.

Negral (Oseira, 1160-1282, «*a a figueyra negral*», Ref.). // (Rocas (ver cita de *alvar*)). // (San Clodio do Ribeiro, 455-1415, Lebosende-Leiro, «*e vay topar a a figeira negral*», Ref.). Como a *alvar* debe asociarse á cor do froito. En Plinio aparece *nigra* (2002: 15, 70). En Goián-Tomiño (Alonso, 1980).

Regal (Catedral de Ourense, 749-1342, Calvelle (Pereiro de Aguiar), «*figeyra regal*», Arb.). // (Concello de Noia, 27-1412, «*hũa figeyra rregal*», Arb.). A denominación varietal *do Rei* aparece en Goián-Tomiño (Alonso 1980).

GRANADA (*Punica granatum* L.)

Ampla distribución da especie brava desde Siria a Asia central. No Oriente Próximo foi domesticada xa na Idade do Bronce inicial.

Granadeyra: «*e una granadeyra*» (Rocas, 395-1535, Santiaguesa – Velle, Arb.).

Milgradeira: «*que aja a milgradeira que está ao canto da casa*»; (Ferro Couselo vol. II, 175-1446, *Catedral de Ourense*, Arb). Citada por Sarmiento (1986) como *milgrana* e por Sobreira (1979) como *milgrandeyra* a árbore e *miligranda* o froito, no século XVIII. Hai citas posteriores.

Nunca foi unha froiteira importante. Hoxe ocasionalmente aparece nos vales do Sil e do Miño e nalgúns lugares das rías galegas.

MACEIRA (*Malus domestica* Borkh.)

Unha das froiteiras cultivadas desde tempos máis antigos procedente de Oriente Medio e sueste de Europa (Turquía, Albania, Montenegro). As formas silvestres (*Malus sylvestris* Mill.) son orixinarias de Europa e Asia.

As árbores aparecen mencionadas expresamente desde o século IX no Tombo de Sobrado (Sobrado I, 73-883; «*mazaneiras*»). No mesmo aparece en mencións dos séculos X e XI como *mazanaria* e *mazaria*; no de Celanova para o mesmo período como *macanaria*, *mazanaria* e *mazanares*; no de Samos como *mazanales* e *mazanaria*. Hai outras moitas.

Os froitos aparecen nos documentos máis tarde: *mazanas* (Lourenzà, 242-1125).

(9) As sementes teñen embrións que non proceden da reprodución sexual, do mesmo xenotipo da planta nai.

(10) Un documento do século IX, oito do X e 30 do XI. Os nomes usados son *ficare*, *figare*, *figaria*, *figales*, *figueiram* e *ficulnea*.

Como topónimo en Celanova: *Mazaneto* (84-986) e *Mazanaria* (173-922). Tombo A: *Mazanaria* (36-924). Posteriores en Samos e Sobrado: *Mazanaria*, *Mazaneta* e *Mazanedo*.

No Tombo de Samos atópase *pumar* como sinónimo de maceira: 69-1020, «*et pumares novos cum nostras manus plantavimus, CC mazanales*»; 8-1036, «*in II pumares barradas et alio mazanario integro*»⁽¹¹⁾.

O termo *pomar/pumar* é mencionado xa nos documentos máis antigos; aparece con moi alta frecuencia nos textos altomedievais. Coidamos que merecería un exame en detalle o seu uso e significación na alta Idade Media. A súa frecuente consideración como sinónimo de plantación de maceiras non sempre é exacta, pois nos pomares había outras especies de froiteiras. Unha descrición de como debía ser un pomar pode verse no documento número 470 do Tombo I de Sobrado⁽¹²⁾. Neste caso era unha plantación de maceiras, pereiras e cerdeiras cerrada por un valo e na que podían establecerse ademais outros cultivos.

Como topónimo en Celanova: *Pumare Grande* (325-1034). Samos: *Pumares* (74-1021, Barbadelo-Sarria) e Sobrado: *Pometino* (135-1138, Bandoxa-Oza dos Ríos).

Aparecen nos textos mencións da sidra: *sicera* ou *sizera*. As dos Tombo de Celanova, Samos e Sobrado son dos séculos IX e X⁽¹³⁾, e corresponden na súa meirande parte a pagamentos en especie en transaccións de bens inmobles, con cantidades entre un e cincuenta modios (1 modio – mollo– equivale a unha cantidade entre 125 e 200 litros).

Denominacións varietais

? **Alambre** (Crónica xeral, -1256), «*et unam mazanam alambre optimam*»⁽¹⁴⁾, Fr.). Coidamos que se refire a unha denominación varietal fóra do país.

Alavarina (Caaveiro, 25-1153, Vitiñiz – Bezoucos (A Capela?), «*illo agro quod vocitant Mazanaria Alvarina*», Top.). Aplicada á maceira é citada no apéndice do dicionario de Eladio Rodríguez González (1958-1961) para Lemos, e en Goián-Tomiño (Glosario). Figura na Colección Mabegondo (O Rosal).

Asturiana (Samos, 164-989, Triacastela, «*VII pumares ruviales et uno beato et una asturiana*», Arb.). Está relacionada coa súa procedencia.

Barrada (Samos, 8-1020/1052, (Gümir) Corvelle-Sarria, «*et VI in II pumares barradas*», Arb.). Posiblemente relacionada coa coloración do froito.

Beato (Samos) (ver citación *Asturiana*). Posiblemente relacionada co aspecto do froito. Terá que ver con *beato* ou con *veado*? Aparece con outras denominacións varietais no mesmo documento.

? **Boydi** (Sobrado II, 535-s.d., Costantin, «*medietate de una mazanaria boydi in a Eyra*», Arb.). Semellanza coa actual *bondo* (Rodríguez González 1958-1961). Semellante á denominación *bodyal*, citada no castiñeiro.

Camoesa (Tombo de Oseira. [5]-1475, «*huna çesta de maçaas camoesas ou d'ourantes*»; «*l çesto de maçaas camoesas*». Fr.). Posiblemente a denominación varietal máis coñecida de todas as tradicionais en Galicia. Noticia dela dan Alonso de Herrera (1988) e Laguna (1969) no século XVI, Jerónimo del Hoyo (1950?) a comezos do XVII en Galicia e numerosos autores e documentos posteriores. Grupo de variedades. * **Ourantes** (Tombo de Oseira, [5]-1475, «*maçaas camoesas ou dourantes*»). É sinónimo de Camoesa. Ourantes é parroquia do concello de Punxín (Ourense).

Ducar (San Clodio do Ribeiro, 450-1413, Anllo-Cenlle, «*a çerdeyra anbroses, et a maçeyra ducar*», Arb.). Posiblemente relacionada coa calidade do froito. Aparece con outras denominacións varietais no mesmo documento.

Malariaha (Sobrado I, 47-s.d., Serantes-Santiso, «*et inde ad mazaria malariaha*», Ref.). Relacionado co latín *malarium*: *pumar*, *pomarega*. Aparece con outras denominacións varietais no mesmo documento.

Peros (Sobrado I, 436-1174, Villa Untia de Donbrete, «*et una atabia de peros*», Fr.) // (Oseira, 1173-1285, Ribeira-Oleiros-Carballedo, «*meo de vinno ... de peros*», Fr.); (*ib.*, 1599-1339, Oleiros-Carballedo, «*et de chousa et de peros et de lino*», Fr.); (*ib.*, 1722-1354, Oleiros-Carballedo, «*de peras de pirigol et de peros et de choussa*», Fr.); (*ib.*, 1812-1373, Oleiros-Carballedo, «*et meos de peros et*

(11) Deixando a un lado termos relacionados como *pomeriis*, etc., *pomar/pumar* aparece nos tombos de Celanova, Samos e Sobrado mencionado en once documentos do século IX e en máis de cen do X.

(12) «*in Untia in loco que uocatur Pumar Uetulum et ipsa hereditas est diuisa per suos comaros et per suos marcos, talem pactum facimus uobiscum quod ad completionem duorum annorum debet esse plantata ex uobis integra de mazenarias et in circuitu de perariis et de cerdarias et debetis earn claudere de bono uallato de ista pasua ad aliam, et si uos alium fructum in ipsa hereditate laboraueritis terciam partem integram debetis inde dare dare fratribus de Donbriti in a eyra.*»

(13) Coñecemos 6 mencións de Samos, 4 de Sobrado e 4 de Celanova, das que 9 son do século X e 5 do XII.

(14) Esta citación non foi localizada polos autores.

de peras», Fr.); (*ib.*, 1978-1394, San Miguel de Oleiros, «*de chousa et de peros et de peras de perigol*», Fr.). Os peros son un tipo de mazá que engloba numerosas variedades. No dicionario da Real Academia Galega (1997) defínese como: «*variedade de mazá alongada e de sabor agre*». Caracterizacións semellantes xa aparecen no *Dioscórides* de Laguna (1969) e no *Diccionario de autoridades* da Real Academia Española (1990). Atribúese a diversas variedades de mazá: *pero pardo*, *pero repinaldo*, etc. Atopamos en documentos unha variedade de peros: *peros de nedo* (Pergamiños de Caaveiro, 49-1416, Perbes-Miño, «*e quatrocentos peros de nedos*», Fr.). Tamén en 60-1494 e 62-1494 de Pergamiños de Caaveiro. Respecto ao *pereiro*, árbore que produce os peros (diferénciese da forma feminina *pereira*), existen mencións xa antigas de árbores⁽¹⁵⁾ e na toponimia⁽¹⁶⁾, aínda que non necesariamente se teña que atribuír ao tipo de maceira que dá os peros, pois tamén é sinónimo de pereira brava. Os peros son citados como de amplo cultivo e exportación en Galicia por Jerónimo del Hoyo (1950?) na súa obra de principios do século XVI. A denominación varietal segue a ser de uso común, máis decrecente.

Ruvial (Samos (ver cita *Asturiana*)). Citada a denominación varietal *rubia* en Colección de Mabegondo en Veiga - Sarria. A denominación varietal *rubrum* aparece en autores latinos (André 1956, *vid. Malum*), denominación que tamén encontramos no castiñeiro.

Sartale (Celanova, 314-1020, Bobadela (Celanova), «*et fer in illa macanaria sartale*», Ref.). Posiblemente do latín *sartus*, pola súa capacidade de conservación.

? **Salvatoria** Ferreira de Pantón, 2-1075, Anllo-Sober, «*et iacet ipsa larea de ipsa terra iusta illa mazanaria salvatoria*», Ref.). Poderá ter que ver con *salvus*: conservado? Unha mazá de boa conservación. Temos dúbidas.

Sempre Nova (Samos, 90-1057, Barbadelo-Sarria, «*per ipsum vallatum qui discurrit ad Mazanaria semper nova*», Ref.). Posiblemente referido á súa capacidade de conservación.

Verdeal (Santa Cristina, 44-1315, Lavandeiro - Seoane de Chavaga, «*da eyra*» que está «*su a maçaayra uerdeal*», Ref.). Citada en *Etnografía Portuguesa* de Leite de Vasconcelos (1994-1995) para Lamego no século XV. Denominacións varietais actuais semellantes: *verdella*, *verdia*, e *verdosa* na Colección Mabegondo. É usada tamén no castiñeiro.

Vermella (Sobrado I, 86-942, «*quartam portionem in manzanario vermello*», Arb.). Non coñecemos citas

modernas do nome, aínda que si equivalentes: *roxa*, *encarnada*.

MARMELEIRO (*Cydonia oblonga* L.)

Comezou o seu cultivo no Cáucaso hai uns 4000 anos. Coñecido en Grecia sobre o ano 600 a.C. e en Roma sobre o 200 a.C.

Non coñecemos ningunha mención directa da especie no país durante o período medieval, aínda que de seguro era coñecida. Quizais teña que ver co topónimo *Marmelleyro* (Universidade de Santiago, 262-1401, Fontecarmo ? - Vilagarcía, Top.).

MOREIRA (*Morus nigra* L./ *Morus alba*)

Existen dúas especies de moreira cultivadas en Galicia: *Morus alba* L., introducida en Europa na Idade Media, e *Morus nigra* L., xa coñecida por gregos e romanos. Os documentos non as especifican. A última sería a única cultivada en Galicia na Alta Idade Media. *Morus alba* foi introducida na época medieval en Europa polos árabes. Está vinculada á produción de seda, aínda que pode producirse seda con *Morus nigra*, pero de moi inferior calidade. Pensamos que a produción medieval en Galicia debeu de ser fundamentalmente con esta especie.

O topónimo é moi frecuente e antigo. No Tombo de Celanova aparece a vila de *Moraria* en Cañón-Celanova en numerosos documentos, o máis antigo do ano 936 (o número 256). Tamén aparece *Morarias* (Xinzo de Limia , Nocado-Castrelo do Val). No Tombo A da Catedral de Santiago a villa de *Moraria* (56-991, Teo) e o mesmo en Sobrado I (4-959). Hai numerosas citas na colección de Oseira. Relaciónase cos topónimos actuais: *Moreira/Moreiras*.

Como árbore as súas citas son máis escasas: «*mazanarias, morarias, perarias*» (Celanova, 464-1032, Oimbra, Arb.); en Rocas, (387-1519, Sabadelle, Arb.).

Na memoria de 1784 do frade de Montederramo Frei Atanasio Suárez (Labrada 1804: 185-186) dise: «Toda la dicha rivera [do Sil] y la del Miño hasta su embocadura es muy apropiado para el cultivo de moreras. [...] Que há reparado que son raras las moreras [*Morus alba*], los morales [*Morus nigra*] muchos». Houbo diversos intentos de propagar o cultivo do *M. alba* para a produción sedeira nos séculos XVIII e XIX. O cultivo de ambas especies é hoxe ocasional. A reprodución facíase por estacas (Fernández Crespo 1898-1899).

(15) Universidade de Santiago, 313-1438, Lamela-Ames; «*a marquada do pereyro do Biquo da pereira*». Posiblemente deba interpretarse que a «*mazanaria perale*» do Tombo de Celanova (318-1010, Bobadela) sexa un pereiro.

(16) Oseira, 1073-1274, «*alia vinea in Perario*» // Oseira, 1100-1275, Aguada-Carballedo, «*o meu quinon da leira do Pereiro*».

As dúas especies poden cultivarse polos seus froitos e/ou para a alimentación do verme da seda, mais a produción de seda de calidade só é posible con *Morus alba*.

NESPEREIRA (*Mespilus germanica* L.)

Domesticada na área do Mar Caspio, coñecida en Italia sobre o ano 200 a.C. Aínda que hoxe rara (non debemos confundila coa nespereira xaponesa), é de cultivo moi antigo en Galicia.

Como topónimo referido a parroquias ou lugares aparece en varios documentos do Tombo de Samos, o máis antigo (9-904) refírese a Santiago de Nespereira-Sarria. Tamén no Tombo A da Catedral de Santiago (56-991, Luou-Teo, «*villas de Nesperaria*», Top.); e no de Sobrado I (195-1204, «*casal de Nespereira*», Top.). No de Celanova nun caso é nome dun agro (346-1001; 348-1075); noutro, de viñas (309-1026, Top.). As mencións son todas de topónimos.

Noutras mencións no Tombo de Celanova; «*et sua ratione in illa nesperaria*» (368-975/1009, Rabal-Celanova, Arb?) e en Pombeiro: «*e con outros tres que está ã ã nespereira sobre las casas*» (127-1432, Pombeiro-Pantón, Ref.) coidamos que se trata de árbores.

A relativa abundancia do topónimo xa no século X fainos pensar que o seu cultivo estaba bastante xeneralizado, aínda que non fose importante. Hoxe apenas se coñecen exemplares da especie no país⁽¹⁷⁾.

NOGUEIRA (*Juglans regia* L.)

Hoxe, ao igual que o castiñeiro, considérase especie autóctona do país. Pénsase que durante as glaciacións mantívose en áreas-refuxio do sur de Europa. Apareceron restos de froitos de tempos de Roma (Teira Brión 2010).

As árbores aparecen citadas xa desde o século IX en Celanova: «*nocarias*» (36-889). Aparece con diversos nomes: *nocaria*, *nogares*, *nogaria*, *nucares*, *nucaria*, *nugaria*, *nugares*, etc. As mencións de nogueiras son 13 para Celanova, 1 para Samos e 3 para Sobrado.

Menos frecuentes son as mencións dos froitos: «*una atabia de peros e altera de nucas*» (Sobrado I, 436-1174).

Topónimos relacionados coa especie: *Nugaria/Nogaria*, *Nugariola* (Celanova), *Nocaria* (Samos) e *Nogari/Nugarie* (Sobrado I) desde o século IX: «*Nogari*» (Sobrado I, 81-895).

A reprodución tradicional da nogueira no país foi por semente. O enxertado é recente e asociado co cultivo comercial e a investigación. Non aparecen denominacións varietais de nogueiras.

OLIVEIRA (*Olea europea* L.)

Pole de *Olea* aparece nalgúns lugares durante o Holoceno. Ósos do froito foron encontrados no norte de Portugal, sendo datados da Idade de Ferro. É controvertida a introdución do seu cultivo no país. Domesticado na área do Mediterráneo. Apareceron restos de froitos de tempos de Roma (Teira Brión 2010).

Como topónimo, o máis antigo é do século VIII: Documentos odoarianos, 747, «*uilla Olivetello maiore et alio Oliueto. Ripa Sile*». En Sobrado, *Olivaria* (114-989) e *Oliveto* (115-1019). En Celanova, *Olivaria* (478-934).

Plantación: *Olibeta* «*et saltus et olibeta*» (Pombeiro, 3-997). *Oulivar* «*pomiferis suis et illas olivares*» (Celanova, 427-1010); «*sesta parte do nos oulivar*» (Oseira 1.036-1399; Melias – Coles); «*seara con seu ouliuar*» (San Clodio do Ribeiro, 556-1443, San Clodio); «*oulivar*» (Rocas, 218-1447, Velle).

Árbores: *Azeituneyro*: «*e chantedes ... quareenta azeituneyros*» (Pombeiro, 115-1428). *Oliveira*, *oliveres*, *oulibeyra*: «*viña de seara ... coas oliveiras e árbores*» (Rocas, 373-1510, Velle). Tamén *azeitonas* e *olivas* en documentos literarios (*vid.* TMILG).

PEREIRA (*Pyrus communis* L.)

Orixinaria de Asia e Europa. É natural no país a especie próxima *Pyrus cordata* Desv. Existen restos de froitos de época romana (Teira Brión 2010).

As árbores aparecen mencionadas expresamente desde o século IX no Tombo de Sobrado como *peraria* (Sobrado I, 76- 863)⁽¹⁸⁾. Cos mesmos termos no de Celanova, en citas dos séculos X e XI, e no de Samos como *perale*, *peralio*.

Os froitos desde o século XIII: Oseira, 752-1257, «*et nucis, et piris et mazaneis*».

Como topónimo en Celanova: *Peraria*, Sobrado: *Peraria*, *Pereirola*. As mencións son dos séculos X e XI. Topónimos masculinos como *Peralio* e *Pereiro* poden referirse aos tipos de maceira que dan peros.

Denominacións varietais

Alva (Toxosoutos, 62-1277, Outeiro-Outes, «*sobre la pereyra alua que esta cabo do kaminno*», Arb.); (*ib.*, 220-1202, «*media de una pereyra alua*», Arb.). Debe de referirse á cor clara do froito ou a súa precocidade.

Bastabalenga (Concello de Noia, 28-1412, «*pereyra vastabalenga*», Arb.); (*ib.*, 28.70-1412, «*pereyra bastabalenga*»). Indica que procede de Bastabales-Brión.

(17) Quen isto escribe non viu no país exemplares da especie máis que procedentes de importación e de viveiros comerciais.

(18) No tomo I de Sobrado hai 10 mencións de pereiras, das que 3 son do século IX e 6 do X.

Cabaçal (Santiago, 101-1330, San Miguel de Pereira (O Pino), «*o agro que chaman da Pereyra cabaçãâl*», Top.). En autores latinos aparecen as denominacións varietais *cucurbitium*, *cucurbitinum* e *cucurbicum*, claramente relacionadas con esta denominación varietal O Padre Sarmiento (1970-1973) cita as peras *caabazas*. A denominación varietal aparece tamén na *Exposición Regional de Lugo de 1896*, no dicionario de Eladio Rodríguez González (1958-1961), e en Goián-Tomiño (Alonso 1980). En Portugal aplícase a variedades de pereira e maceira.

Cunqua (Universidade de Santiago, 304-1346, Cambeiro-Outes, «*a meadade da pereyra cunqua*», Arb.). Existen hoxe aplicadas á maceira as denominacións varietais *cunqueira* e *tres en cunca*, esta última moi espallada por toda Galicia.

? **Gemea** (Oseira, 1109-1276, A Veiga-Chantada, «*et o quinon do leyro da Pereyra Gemea*», Top.).

Pedral (Oseira, 1366-1312, «*que esta a Pereyra Pedral dos Chaaos*», *Aguada-Carballedo*, Ref.). A denominación varietal *de Pedra* foi recollida nos anos 60 na provincia de Pontevedra (Herrero Catalina 1964).

Perigol, de (Oseira, 1978-1394, San Miguel de Oleiros-Carballedo, «*et meas de castannas et de chousa et de peros et de peras de perigol*», Fr.). // (Ramirás, 350-1367, «*et daredes da pereyra que oora y está de pirigol, as meas das peras*», Fr.). // ***Pitigol, de** (Pombeiro, 135-1437, Costa de Pantón (Pantón), «*poer de viña noua de la pereira pitigol a a çima*», Ref.). A denominación varietal *Perifote* está na colección de Mabegondo con procedencia de Sacardebois, Parada de Sil, preto das anteriores citas.

Verdeal Santo Estevo, 105-1405, Santo Estevo de Anllo-Sober, «*e no campo apar da pereira verdeal*», Ref.). Citada en *Etnografía* por Xaquín Lorenzo (1979). A denominación procede da cor do froito.

Vistilaan (Concello de Noia, 27-1412, «*pereyra vistilaan*», Arb.). Non sabemos de ningún nome próximo. En DDGM dana como variedade.

PEXEGUEIRO (*Prunus persica* L.)

Orixinario do Tibet e de China, alcanzou Grecia sobre 300 a.C. procedente de Persia. Encontráronse ósos do froito da época romana (Teira Brión 2010).

Non aparece con frecuencia na documentación medieval. As citas máis antigas que coñecemos son do século XII, aínda que a presenza no país sexa anterior. Ten nomes moi variables nos documentos.

Como árbore: *presegeiro*, *presegueiro*: «*con un pesegeiro que y está*» (San Clodio do Ribeiro, 357-1365, Gomariz-Leiro). «*item. aos Pesegueiros outro*» (Universidade de Santiago, 281-1427, San Martiño de Coucieiro- Dubra, Top.).

Como froito: *pessigis*, *prexegos*, *prixicus*, *prixiguís*, «*et pro naballe et pro cerasiis et ficis et pessiguis*» (Oseira, T II, 789-1257, Casais de Couso); «*sacado nabal et figos et prexegos*», (Pombeiro, 27-1296, Burgo de Ambasmestas, Fr.); «*de ficis, de pesegiis, de cerasiis*», (San Clodio do Ribeiro, 98-1260); «*inde ficus et prxicus*» (Ramirás, 58-1248). Todas elas en pagamentos de rendas.

Como topónimo «*Presegariolo*» (Rocas, 1-1007, «*in Presegariolo ecclesia Sancti Salvatoris*»); «*Pesigarium*» (España Sagrada-Tui, III-1112, «*petram fitam quae est super Pesigarium*»), *Pixigueyroo*, etc.

Reproducíase tradicionalmente por semente e enxerto (Fernández Crespo, 1898-1899). Aínda que hai información desde a Idade Moderna sobre a presenza de diversos tipos e variedades de pexegos no país, non a temos para o período medieval.

PIÑEIRO MANSO (*Pinus pinea* L.)

Procedente da área mediterránea, é cultivado pola súa madeira, o seu froito ou como ornamental. Apareceron restos de pinaretas en tempos de Roma (Teira Brión 2010).

Posiblemente a el correspondan parte das citas de piñeiros da documentación medieval, tanto de árbores como de topónimos. A única cita expresa que coñecemos é de Vilar de Donas, 205-1498, «*çerca de un pino donzel que esta alli solo*».

No país tivo especialmente a consideración de ornamental.

SORBEIRA (*Ribes uva crispa* L.)

Do xénero dos groselleiros. Orixinaria de Europa, non se coñece ben o proceso de domesticación. En Francia téñense atopado restos de época galo-romana.

Aparece na documentación medieval con certa frecuencia e sempre como topónimo. Así no Tombo de Celanova aparece *Sorbaria*, *Sorvaria*, *Sorveira*, *Sorveto* e tamén *Solveyra*, que corresponden ao topónimo moderno máis frecuente de *Solveira*. A cita máis antiga é do século X (Celanova, 393-961, «*in villa que dicunt Sorvaria ipsum pummarem*», Solveira-Celanova).

Cultivo de hortas e sebes. De escasa importancia. Ás veces, confúndese nos dicionarios co *capudre* ou *cancereixo* (*Sorbus* sp.) ao que en nada se parece, pola similitude do seu nome común e o científico do *cancereixo*. Os froitos son coñecidos hoxe como *sorbas* ou *uvas de San Pedro*.

Consideracións sobre as denominacións varietais⁽¹⁹⁾

As denominacións varietais en froiteiras mantéñense maiormente por reprodución vexetativa: *enxerto, estaca, mergullo ou porbaixa, rebentos ou fillos de cepa*, etc. Hai excepcións: nos cítricos a reprodución vexetativa pode ser a través da semente –*apomixis*–. Algunhas variedades tradicionais de castiñeiro son variedades-poboación e podíanse reproducir por semente como no xa citado caso da *De presa*.

As especies das que atopamos mencións de denominacións varietais ou grupos varietais foron *castiñeiro, cerdeira, figueira, maceira e pereira*. Non as atopamos noutras como a *ameixeira* e o *pexegueiro*, das que hai información de tipos e variedades para a Idade Moderna; e non as coñecemos dos cítricos nin da nogueira, que, ata hai ben pouco, só se reproducía de semente no país; nin das moi escasas granada e nespereira.

A relación de denominacións varietais que presentamos dámos información de interese sobre as características que se utilizaban na identificación e valoración das froitas, e da continuidade do seu uso no tempo; mais coidamos que estamos a falar só dunha pequena parte do conxunto de denominacións varietais medievais, e que a través dos documentos poderá ampliarse o noso actual coñecemento das mesmas.

O número de denominacións varietais que damos por boas, entre as que coñecemos, é de 56 con 94 mencións; e o de dúbidas 9, con 9 mencións, que se distribúen por especies según móstrase na Táboa 1.

Distribución temporal das mencións

Un panorama máis detallado da distribución temporal das mencións por especie preséntase na Táboa 2.

Á vista destes datos, facemos as seguintes consideracións:

a.- O número de mencións é crecente desde o século X ata o século XV, o que se debe, en boa parte, ao crecente número de documentos e, quizais, ao maior detalle dos contratos. A pauta mantense ao nivel de especie, agás en maceira e cerdeira.

b.- No castiñeiro, na figueira e na pereira cómprese esta tendencia xeral. Así no castiñeiro 37 das mencións son dos séculos XIII-XV fronte a 3 dos séculos X-XII. As mencións de figueira e pereira son todas do período XIII-XV.

c.- Contra esta tendencia xeral sitúase a maceira, na cal as mencións case se reparten de xeito igual entre os dous períodos: 10 para os séculos X-XII e 11 (4 se se descontan as de froita: *peros*⁽²⁰⁾) para o período XIII-XV. Isto concorda coa maior presenza de *pumares* nos documentos da Alta Idade Media, e coidamos que pode relacionarse coa organización agraria preforal e unha

	Número de mencións	Número de denominacións
<i>Castiñeiro</i>	44	25
<i>Cerdeira</i>	9	6
<i>Figueira</i>	9	4
<i>Maceira</i>	21	13
<i>Pereira</i>	11	8

Táboa 1.- Número de mencións e denominacións varietais por especies

	Século X	Século XI	Século XII	Século XIII	Século XIV	Século XV	Sen data
<i>Castiñeiro</i>	1	1	1	9	13	16	3
<i>Cerdeira</i>	1	3	1	1	1	1	1
<i>Figueira</i>	0	0	0	4	1	4	0
<i>Maceira</i>	4	3	3	0	5	5	1
<i>Pereira</i>	0	0	0	2	5	4	0

Táboa 2.- Distribución temporal das mencións de froiteiras

(19) Nota dos autores: os datos que seguen, e en consecuencia a súa análise estatística, son menores que os recollidos na alínea 2 deste artigo, Especies e denominacións varietais. Seguramente, a razón disto é que houbo unha primeira versión do artigo en que as alíneas 2 e 3 coincidían. Despois, as denominacións varietais da alínea 2 foron incrementadas con novas achegas, mais a súa análise estatística quedou pendente.

(20) Descontando os peros, tamén o número de documentos con denominacións varietais de maceira é maior para o período X-XII: 6, que para o XII-XV: 3.

posterior perda de peso relativo da maceira nos documentos e na actividade agraria. Na cerdeira, 4 mencións para XII-XIII e 3 para XIV-XV respectivamente, non é tan clara esta perda de peso pola pequenez da mostra.

d.- Das cinco especies, o maior número de denominacións varietais e mencións corresponde ao castiñeiro: 44 mencións e 25 denominacións varietais que supoñen o 46% e o 45% do total respectivamente. Segue xa moi lonxe a maceira: 21-13 (22%-23%). Pereira, cerdeira e figueira andan cada unha delas sobre o 10% das mencións e denominacións varietais, agás a figueira con só 4% de denominacións varietais.

e.- A maior presenza nos documentos de castiñeiros e souts, especialmente na Baixa Idade Media, e o seu importante peso económico en certas áreas do país están detrás desta preeminencia da especie. O feito de que a meirande parte das mencións de enxertos nos documentos se refiran ao castiñeiro tamén así o indica.

Tipos de denominacións

Coidamos tamén de interese examinar a que responden os nomes das denominacións varietais: características dos froitos, época de colleita, procedencia, etc (Táboa 3).

A meirande parte das denominacións varietais que coñecemos están relacionadas con características dos froitos: 70%. Con outras características coñecidas relaciónase o 18%, e non o sabemos do 12%. As porcentaxes son semellantes nas distintas especies, nun intervalo de 62-77%, agás no caso da figueira, que é do 100% (Táboa 3).

Entre as de froito dominan as da cor: 21 de 39 (38% das de froito), pero hainas tamén referidas á forma, á calidade e á conservación. Son de destacar as 2 denominacións varietais de maceira relacionadas coa conservación do froito, indicadoras da importancia que se lle daba (Táboa 4).

Nas outras destacan as procedencias (Táboa 5): 4 (6,2%): *asturiana*, *ourantes* (maceira) *bastabalenga* (pereira),

	Características do froito	% froito	Outras	% outras	N/s	%N/s	Número de denominacións
Castiñeiro	16	64	5	20	4	16	25
Maceira	11	77	2	15	1	7	14
Cerdeira	4	67	2	33	0	0	6
Figueira	4	100	0	0	0	0	4
Pereira	5	62	1	12	2	25	8
Total	40	70	10	18	7	12	57

Táboa 3.- Mencións das denominacións varietais relacionadas coas características do froito, doutras características ou denominacións de orixe descoñecida para cada unha das cinco especies froiteiras

	Cor	Conservación	Calidade	Forma	Outras	Total	%Fr/Tot.
Castiñeiro	8	1	1	2	4	16	64
Maceira	7	2	1	1	0	11	77
Cerdeira	3	0	0	1	0	4	67
Figueira	2	0	1	0	1	4	100
Pereira	2	0	0	2	1	5	62
Total	22	3	3	6	6	40	70

Táboa 4.- Tipos de denominacións por especies relacionadas con características do froito como a cor, a conservación dos froitos, a súa calidade, forma e outras, para as diferentes especies

	Época	Procedencia	Outras	Total
Castiñeiro	2	1	2	5
Maceira	0	2	0	2
Cerdeira	0	0	2	2
Figueira	0	0	0	0
Pereira	0	1	0	1
Total	2	4	4	10

Táboa 5.- Mencións de denominacións varietais relacionadas coas datas de produción, procedencia xeográfica da variedades e outras denominacións

longarés (castiñeiro), e época de recolección: dúas (3,1%): *alvar, temperana*.

Tipos de mencións

Coidamos de interese facer un pequeno exame do contexto en que se producen as mencións (Táboa 6), que clasificamos antes en catro tipos: de árbores (Arb.), de referencias (Rf.), de topónimos (Top.) e de froitos (Fr.). As mencións Arb. e Rf. son de árbores, pero diferéncianse en que nos documentos as primeiras centran o seu obxecto na propia árbore e na variedade, e nas segundas a árbore é unha referencia espacial. As primeiras (Arb.) aparecen

nos documentos porque interesa a variedade en si mesma, as segundas (Ref.) só de xeito indirecto, para mellor identificar o lugar.

A meirande parte das mencións refírense a árbores (Arb.): 42, seguidas de preto por referencias (Ref.): 37, máis concentradas en moi poucos documentos no primeiro caso, e espalladas en moitos no segundo. Un bo indicador da importancia que xa tiñan entón as variedades, aínda que se concentren as mencións en menos documentos.

No caso dos froitos (Fr.), estes aparecen só como *peros* (maceira) e *peras de perigol* (pereira) en pagamentos de rendas en especie.

	Arb.	Ref.	Top.	Fr.
<i>Castiñeiro</i>	23	20	2	0
<i>Cerdeira</i>	3	6	0	0
<i>Figueira</i>	5	3	1	0
<i>Maceira</i>	7	3	2	10
<i>Pereira</i>	4	3	2	2
<i>Total</i>	42	35	7	12
Total c/dub.	47	37	9	13

Táboa 6.- Mencións das denominacións en función do contexto no que se producen

Actualidade das denominacións varietais medievais

Aproximadamente metade dos nomes das denominacións varietais medievais chegaron ata os nosos tempos con apenas variacións. Na Táboa 3 indícanse os resultados por especie.

Da análise da Táboa 7 podemos concluir:

1.- No castiñeiro é do 36% (25 denominacións varietais) chegaron ata nós, pero se descartamos as denominación de Cespón, Álvaro Pérez e Noia, en zonas onde non se

recolleu información recente sobre variedades pasa a ser do 53%, semellante ás doutras especies.

2.- O caso da figueira, con 100% de vixencia dos nomes, é pouco significativo porque só son 4 denominacións, e dúas delas son moi xerais e responden á cor do froito.

3.- Dada a lonxevidade do castiñeiro, a abundancia de variedades locais, a case segura menor introdución de novas variedades que na maceira e na pereira, debería darse unha maior permanencia das denominacións; mais cos datos que actualmente temos, parece non diferenciarse das outras especies.

	Número de denominacións varietais totais	Número de denominacións de uso actual	% de denominacións varietais de uso actual
<i>Castiñeiro</i>	25 (17)	9	36 (53)
<i>Cerdeira</i>	6	3	50
<i>Figueira</i>	4	4	100
<i>Maceira</i>	13	6	46
<i>Pereira</i>	11	5	45
Total	59	27	45

Táboa 7.- Denominacións varietais medievais de uso actual

A concentración de denominacións en certos documentos

Boa parte das denominacións varietais de *Arb.* concéntranse en determinados documentos, en que se nos presentan varias denominacións varietais xuntas. Son a destacar os seguintes:

Sobrado I, 47-s.d. Tres denominacións varietais de castiñeiro, cerdeira e maceira.

Samos, 164-989. Tres denominacións varietais de maceira.

Santa Comba de Naves, 87-1304. Seis denominacións varietais de castiñeiro.

Universidade de Santiago, 304-1346. Dúas denominacións varietais de castiñeiro e unha de pereira.

San Clodio do Ribeiro, 357-1365. Catro denominacións varietais de castiñeiro.

Concello de Noia, 27-1412. Catro denominacións varietais de castiñeiro.

Cespón, 9-1445. Seis denominacións varietais de castiñeiro⁽²¹⁾.

Isto dáse en todas as épocas, como proba o documento 164 de Samos do século X, pero a meirande parte dos casos son dos séculos XIV e XV e tratan fundamentalmente do castiñeiro.

Quixeramos chamar especialmente a atención sobre as denominacións varietais do documento 9-1445 de Cespón, en que aparecen repetidas veces as seguintes denominacións varietais de castiñeiro: *gonçalvo, luzal, mourino, noveo, taral, verdeal*. Dúas delas, *gonçalvo* e *verdeal*, coñecémolas tamén por documentos doutras procedencias de zonas próximas. As demais dámolas tamén por boas desde o contexto do documento, aínda que aparezan mesturadas con outras cualificacións dos castiñeiros que claramente non aluden a variedades, como *enteiro* e *entorto*.

Das modernas enquisas sabemos que nunha zona determinada de Galicia cultivábanse tradicionalmente entre cinco e oito variedades, polo que pensamos que hai acó un verdadeiro inventario local de variedades.

Tamén é unha zona onde non se fixo ou non se puido facer prospección de variedades pola práctica desaparición do

castiñeiro nos últimos séculos, onde se perdeu a continuidade do cultivo. Que fosen propiedade dun comerciante de Santiago parece suxerir que o seu interese era comerciar coas castañas, algo do que tamén pouco sabemos hoxe.

Un caso semellante é o do documento 87-1304 de Santa Comba de Naves en Astrés (Ourense) en que aparecen tamén seis denominacións varietais: *paaçao, dineyraes, bodyal, verdeaes, dural* e *soutelao*.

Unha nota en atención ás especies menores

Se a partir dun punto de vista produtivo foron as especies tratadas neste traballo de moi distinta importancia, do punto de vista do coñecemento coidamos que todas son merecentes de atención.

O castiñeiro foi obxecto de bastantes investigacións no país durante o século XX. A maceira, a pereira, a cerdeira e a nogueira recibiron algunha atención, non están esquecidas. Pero, as demais?

Quixera chamar a atención sobre as *pouco importantes* e antigas: *a abeleira, a granadeira, a moreira, a nespereira* e *a sorbeira*. Que saibamos, non se recolleu nin estudou material algún no país, e coidamos que valería a pena buscar e recoller o tradicional que aínda poida quedar, antes de que desapareza.

E porque non facer tamén o mesmo coa amendoeira e os cítricos?

Remate

Por último, convén recordar que nada é exclusivamente noso, que as variedades tradicionais de froiteiras son creación dos homes; ás veces en tempos antigos e terras de moi lonxe, como as pereiras de Don Guindo e Dona Joaquina do conto de don Ramón Otero Pedrayo; outras acó, neste país, como pensamos que sucede con boa parte das nosas variedades tradicionais de castiñeiro, e que foron os labregos os que lles deron nome e vida, utilización e aprecio. Bo sería que seguísemos a facer o mesmo: non deixan de ser unha parte importante da nosa cultura e da nosa riqueza, non só da pasada, tamén da futura.

(21) Vid. Anexo.

Anexo

1445, xaneiro, 22. Sl.

Declaración de propiedades e límites en Fontecova, San Vicenzo de Cespón, que tiñan pertencido a Pero de Nine.

...

Iten mays dyseron os ditos Alonso do Muyno e Fernan de Castro que estos son os castyneyros desta voz: logo o castyneyro nobeo e outro Gonçalvo, que estan junto con a fonte de Tosar, e abaixo outro castyneyro taral a que chamavan do carril, e mays dous nuvios que estavan abaxo ena agra que labra Fernan Alvarote, e mays o castyneyro taral do Sebeyro, e mays adyante para via da Brana outro cova doutro castyneyro verdeal, e mays os tres cartos do castyneyro taral da Brana, e mays o castyneyro mourino de So a Torre, e ontre brabo junto con el, e mays adyante para via da Agra do Sexo dous castyneyros, hun mourino e outro noveo, e mays ena outra touça da alende dous castyneyros noveos e huun mourino, e mays a meatade de outros dous castyneyros taraas. Et mays ena brana de Fonte Cova j[un]to con o rio outro castyneyro verdeal, e mays o castyneyro taral de Fonte Armyna, e mays outros dous castyneyros en / (fol. 392r) [esta](?) junta da vina por onde van a agoa da Fonte Armina ao rio, e mays o castyneyro taral da Bouça, e mays o castyneyro gonçalvo da Bouça e mays o castyneyro noveo do Porto da Labandeyra, e mays o castyneyro taral da mesa, e mays o houtro taral de par dele, que esta para via do porto do castro, e mays outro castyneyto gonçalvo que estava ao enfesto, junto con o rego da Fonte de Fernande, e mays o castyneyro noveo da Fonte de Fernande, e mays outro mouryno que estava eno rego da Fonte de Sapos, e mays a meatade do castyneyro luzal do ollo da Fonte de Cornooa, e mays onde Fernan Alvarote fez o lagar a maa de cima da cortyna do çidralo outro castyneyro verdeal, e mays contra onde mora Fernan Alvarote huna nogeyra, e mays a figeyra que esta a porta donde mora Fernan Alvarote.

...

Testemoyas que foron presentes Ares Yanes de Sandreço e Pero Franquino e Juan Pascoal, moradores da freygesia de Santa Baya, e outros.

Referencias bibliográficas

Bases de datos

Catálogos nacionales y comunitarios de la Oficina Española de Variedades Vegetales. Disponible en: <<http://www.mapama.gob.es/app/regVar/DetalleVariedad.aspx?id=es&TipoV=C&IDVariedad=11970001>>.

Codolga. *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en: <<http://corpus.cirp.es/Codolga>>. (Versión 5, 2008).

DDG. *Dicionario de dicionarios da lingua galega.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.

DDGM. *Dicionario de dicionarios do galego medieval.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.

TMILG. *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>.

Fontes documentais

Álvaro Pérez. Tato Plaza, Fernando Rafael (1999).

Baixo Miño. Sánchez Carrera, María del Carmen (1997)

Belvís. Rodríguez Núñez, Clara Cristela (1989).

Bispado de Tui. Portela Silva, Ermelindo (1976).

Caaveiro. Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio; González Balasch, María Teresa & Pablos Ramírez, Juan Carlos de (1996-1997).

Carboeiro. Lucas Álvarez, Manuel (1957-1958).

Cascas. Daviña Sáinz, Santiago (1998-2003).

Catedral de Ourense. Duro Peña, Emilio (1996).

Celanova. Andrade Cernadas, José Miguel (1995).

Cespón. Ayán, Xurxo (Coord.) (2007).

Concello de Noia. Barreiro García, María del Carmen (1995).

Crónica xeral: Lorenzo, Ramón (1975-1977)

Diplomática astur. Floriano Cumbreño, Antonio C. (1949-1951)

Documentos odoarianos. García Conde, Antonio (1950).

España Sagrada-Lugo. Risco, Manuel (2004)

España Sagrada-Tui. Flórez, Enrique (1767)

Ferreira de Pantón. Fernández de Viana y Vieites, Jose Ignacio (1994)

Galicia Histórica. López Ferreiro, Antonio (1901)

Historia da Coruña. González Garcés, Miguel (1987).

Historia do Galego-Português. Maia, Clarinda de Azevedo (1986).

Libro tomo de pergamiño de Oseira. Romaní Martínez, Miguel; Rodríguez Suárez, María del Pilar (2003).

Lourenzá. Rodríguez González, Ángel & Rey Caiña, José Angel (1992).

Meira. Yáñez Neira, Damián (1997).

Minutario notarial de Pontevedra. Rodríguez González, Ángel & Armas Castro, José (1992).

Mondoñedo. Cal Pardo, Enrique (1990).

Oseira. Romaní Martínez, Miguel (1989).

Pergamiños de Caaveiro (2002): Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio & González Balasch, María Teresa.

Pombeiro. Lucas Álvarez, Manuel & Lucas Domínguez, Pedro Pablo (1996).

Ramirás. Lucas Álvarez, Manuel (1988).

Rocas. Duro Peña, Emilio (1972).

Samos. Lucas Álvarez, Manuel (1986).

San Clodio do Ribeiro. Lucas Álvarez, Manuel (1996).

San Martiño Pinario. Lucas Álvarez, Manuel (2003)

Santa Comba de Naves. Dono López, Pedro (2010).

Santa Cristina. Fernández Suárez, Elisa (1974).

Santo Domingo de Viveiro. García Oro, José (1987).

Santo Estevo. Duro Peña, Emilio (1977).

Sobrado de Trives. Duro Peña, Emilio (1967)

- Sobrado. Loscertales de G. de Valdeavellano, Pilar (1976).
- Tombo A. Lucas Álvarez, Manuel (1998)
- Tombo Vello de Lugo. Sánchez Monge, Manuel (2011)
- Toxosoutos. Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004).
- Universidade de Santiago. Justo Martín, María Xosé & Lucas Álvarez, Manuel (1991).
- Vilar de Donas. Novo Cazón, José Luis (1986)
- Vilourente. Graña Cid, María del Mar (1990)
- Xubia. Montero Díaz, Santiago (1935).

Bibliografía citada

- Aira Rodríguez, María Jesús & Saa Otero, María Pilar (1989). "Contribución al conocimiento de la vegetación holocena (3000-2210 BP) de la provincia de Pontevedra a través del análisis polínico". *Anales del Jardín Botánico de Madrid* 45, 461-474.
- Aira Rodríguez, María Jesús; Díaz Losada, Emilia & Saa Otero, María Pilar (1994). "Estudio palinológico de la turbera de Ameneiros (Galicia. N.O. de España)". *Botanica Complutensis* 19, 59-73.
- Aira Rodríguez, María Jesús; Saa Otero María Pilar. & López García, P. (1992). "Cambios del paisaje durante el Holoceno: Análisis de polen en Turberas (Galicia, España)". *Revue de Paleobiologie* 11, 243-254.
- Alonso Estravis, Isaac (1986). *Dicionário da lingua galega*. Madrid: Alhena.
- Alonso, Eliseo (1980). *Bajo Miño y Costa Sur*. Vigo: Imprenta J. A. Vicente.
- Alonso, Martín (1958). *Enciclopedia del Idioma: Diccionario Histórico y Moderno de la Lengua Española*. Madrid: Aguilar.
- Alvar, Manuel (1962). "Poma" y mat(t)iana en la toponimia de la Península Ibérica". *IX Congreso de Linguas Románticas* (1959, Lisboa) T. 3, 165-203. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- Andrade Cernadas, José Miguel (1995). *O Tombo de Celanova. Consello de Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- André, Jacques (1956). *Etude sur les termes de couleur dans la langue latine*. Paris: Librairie C. Klincksieck.
- Antolín, F & Alonso, N. (2009). "A Mourela (As Pontes, A Coruña): evidencias carpalógicas de las prácticas de roza y del procesado y consumo de cereales en el monte gallego (siglos VII-XVII)". In Bonilla, A. & Fábregas, R. (eds.). *In Círculo de engaños: excavación del cromlech de A Mourela (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)*. Santiago de Compostela: Andavira.
- Ares Vázquez, María Carmen; Carballeira Anllo, Xosé María; Iglesias Sierra, Primitivo; Lema Suárez, Xosé María & López Fernández, Rosa (1990). *Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Ayán, Xurxo (Coord.) (2007). *De Sancti Vicente de Sispalona a san Vincenzo de Cespón*. Boiro: Concello de Boiro.
- Balboa López, Xesús (1990). *O monte en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Barreiro García, María del Carmen (1995). *A documentación notarial do Concello de Noia (sec. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento (inédita).
- Boedo Cardois, Manuel (1836). *Elementos de agricultura*. A Coruña: Impenta Iguerreta.
- Bouhier, Abel (1979). *La Galice*. La Roche-sur-Yon: [s.n.].
- (1984). "Las formas tradicionales de utilización del monte". In *Os usos do monte en Galicia*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Buck, Emily (s.d). *Diversity in European Chestnut*. Disponible en: <<http://slideplayer.com/slide/701021/>>.
- Cal Pardo, Enrique (1990). *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*. Lugo: Deputación Provincial.
- Casal Vila, Benxamín (1992). "Un proxecto para extende-lo bosque". *La Voz de Galicia* (10.05.1992), 25.
- Castelao, Alfonso Daniel (1977). *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal.
- Colón, Fernando (1988). *Descripción y cosmografía de España*. Sevilla: Padilla Libros. Reproducción facsímil de: Madrid: Sociedad Geográfica, 1910.
- Conedera, Marco; Krebs, Patrik; Tinner, Willy; Pradella, Marco & Tarriani, Damiano (2004). "The cultivation of Castanea sativa Mill. in Europe from its origin to its difusión on a continental scale". *Vegetation History and Archaeobotany* 13, 161-179.
- Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural (1992). *Plan forestal de Galicia: síntese*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Cornide Saavedra, José (1983). "Memoria sobre el cultivo de los montes comunes". In Saurín de la Iglesia, María Rosa. *Reforma y reacción en la Galicia del siglo XVIII (1764-1798)*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Coromines, Joan (1967). *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Gredos.
- Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en: <<http://corpus.cirp.es/Codolga>>.
- Corral Uzal, María Luz (1987). "O espacio forestal na provincia da Coruña no século XVII". In *V Xornadas Agrarias*. Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura.
- El Correo de Galicia* (11.09.1927), 10. Disponible en: <http://biblioteca.galiciana.gal/es/publicaciones/numeros_por_mes.cmd?idPublicacion=70&anyo=1927>.
- Crespo Pozo, José Santiago (1963). Contribución a un vocabulario castellano-gallego: (con indicación de fuentes). Madrid: Revista Estudios.
- Dantín Cereceda, Juan (1943). *Plantas cultivadas en España*. Madrid: Ministerio de Agricultura.
- Daviña Sáinz, Santiago (1998-2003). "El Monasterio de las Cascas (Betanzos)". *Anuario brigantino* 21-26.
- Diccionario de diccionarios da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.
- Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.
- Dono López, Pedro (2010). *Colección de documentos en pergamino del monasterio de Santa Comba de Naves: introducción, edición e índices*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento.
- Duro Peña, Emilio (1967). "El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives". *Archivos Leoneses* 41, 7-86.
- (1972). *El Monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- (1977). *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- (1996). *Documentos da Catedral de Ourense*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ebeling, Walter & Kruger, Fritz (1952). "La castaña en el Noroeste de la Península Ibérica. Estudio etnográfico-lexicológico". *Anales del Instituto de Lingüística* V, 155-288.
- Eiras Roel, Antonio (1987). "Las Cuentas de la granja cisterciense de Oleiros, un intento de aproximación a la coyuntura agraria del Miño medio en el siglo XVIII". In *Jubilatio: homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Alvarez y D. Angel Rodríguez González*, Vol. 1, 257-272. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Elorrieta y Artaza, José (1949). *El castaño en España*. Madrid: Instituto Forestal de Investigación y Experiencias.
- Exposición Regional de Lugo de 1896 (1897), *Catálogo general de expositores y premios adjudicados: resultado de los Juegos Florales y Certámenes Musicales*. Lugo: Imprenta de Juan A. Menéndea.
- Fernández Crespo, D. 1898-1899. "El arbolado, cultivado y espontáneo de la provincia de Lugo". *El Regional* (21.10.1898 a 01.02.1899). (Serie de 32 artigos entre 21 de outubro de 1898 e 1 de febreiro de 1899).
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1994). *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio & González Balasch, María Teresa (2002). "Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro". *Cátedra* 9, 337-448.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio; González Balasch, María Teresa & Pablos Ramírez, Juan Carlos de (1996-1997). "El Tumbo de Caaveiro". *Cátedra* 3, 267-437; 4, 224-385.
- Fernández López, Xoán F. (1993). "¿É monte o monte?". *Grial* T. 31 (117), 115-125.
- (2012). "De aveas e castiñeiros. O paso de N. I. Vavilov por Galicia (xullo de 1927)". *Grial* T. 50 (194), 118-125.
- Fernández Suárez, Elisa (1974). "El monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil. Colección diplomática". *Boletín Auriense* T. IV, 7-66.
- Fernández-López, Josefa (1984). *Técnicas culturais dos soutos*. Pontevedra: INIA.
- Fernández-López, Josefa & Pereira-Lorenzo, Santiago (1993). *Inventario y distribución de los cultivares tradicionales de castaño (Castanea sativa Mill.) en Galicia*. Madrid: INIA.

- Fernández-López, Josefa; Zas, R.; Blanco-Silva, R. & Díaz, R. (2005). "Geographic differentiation in adaptive traits of wild chestnut Spanish populations (*Castanea sativa* Miller)". *Investigación agraria: Sistemas y recursos forestales* Vol. 14 (1), 13-26.
- Fernández-López, Josefa & Monteagudo, A.B. (2010). "Genetic structure of wild Spanish populations of *Castanea sativa* as revealed by isozyme analysis". *Forest Systems* Vol. 19 (2), 156-169.
- Ferro Couselo, Xesús (1967). *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo: Galaxia.
- Fineschi, S.; Turchini, D.; Villani, F. & Vendramin, G.G. (2000). "Chloroplast DNA polymorphism reveals little geographical structure in *Castanea sativa* Mill. (Fagaceae) throughout southern European countries". *Molecular Ecology* 9, 1495-1503.
- Flórez, Enrique (1767). *España sagrada: teatro geográfico-histórico de la iglesia de España: tomo XXII, De la iglesia de Tuy desde su origen hasta el siglo décimo sexto*. Madrid: Antonio Marín.
- Floriano Cumbreño, Antonio C. (1949-1951). *Diplomática española del período astur: estudio de las fuentes documentales del Reino de Asturias (718-910)*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.
- García Conde, Antonio (1950). "Documentos odoarianos". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 34, 84-89.
- García González, Constantino (1985). *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, Verba, Anexo 27.
- García Oro, José (1987). "Viveiro en los siglos XIV y XV: la colección diplomática de Santo Domingo de Viveiro". *Estudios Mindonienses* 3, 11-131.
- Gelebert González, Juan Eloy (1982). *Santiago y la tierra de Santiago de 1500 a 1640*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Gómez Mendoza, Josefina (1992). *Ciencia y política de los montes españoles (1848-1936)*. Madrid: ICONA.
- González Garcés, Miguel (1987). *Historia de La Coruña. Edad Media*. A Coruña: Caixa Galicia.
- Goy Diz, Ana (2007). *A actividade artística en Santiago: 1600-1948*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Graña Cid, María del Mar (1990). "Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)". *Estudios Mindonienses* 6, 13-464.
- Harlan, Jack R. (1975). *Crops & Man*. Madison (Wisconsin): American Society of Agronomy.
- Herrera, Alonso de (1988). *Agricultura general*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Herrero Catalina, Joaquín (1964). *Cartografía de frutales de hueso y pepita*. Disponible en: <<https://digital.csic.es/handle/10261/81271>>.
- Münzer, Hieronymus (1924). "Viaje por España y Portugal en los años 1494 y 1495". Versión por Julio Pujol. *Boletín de la Real Academia de la Historia*, T. 84. Disponible en: <<http://www.cervantesvirtual.com/obras/materia-autoridad/munzer-hieronymus-36065>>.
- Hoyo, Jerónimo del (1950?). *Memorias del arzobispo de Santiago Jerónimo del Hoyo*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.
- Huerta Melcón, Pablo (2012). "Vavilov en Asturias: una historia en torno a la escanda". *XI Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas*. Donostia-San Sebastián: Real Sociedad Bascongada de los Amigos del País.
- Huetz de Lemps, Alain (1967). *Vignobles et vins du Nord-Ouest de l'Espagne*. Boudeaux: Institut de Géographie.
- Iglesias Iglesias, Luis (1929). "Impresiones de la excursión científica a la Sierra de los Ancares, Invernadero y Queija en el mes de julio de 1927". *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* Vol. III, 139-150.
- Justo Martín, María Xosé & Lucas Álvarez, Manuel (1991). *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela (anos 1.237-1.537)*. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega.
- Krebs, Patrik; Conedera, Marco; Pradella, Marco; Tarriani, Damiano; Felber, Markus & Tinner, Willy (2004). "Quaternary refugia of the sweet chestnut (*Castanea sativa* Mill.), an extended palynological approach". *Vegetation History and Archaeobotany* 13, 145-160.
- Labrada, José Lucas (1804). *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Ferrol: Imp. de Lorenzo José Riesgo Montero. Disponible en: <https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/c/c1/Descripci%C3%B3n_econ%C3%B3mica_del_Reyno_de_Galicia_1804_Jos%C3%A9_Lucas_Labrada.pdf>
- Laguna, Andrés (1969). *Dioscórides anarzabeo*. Madrid: Instituto de España.
- Lei de Montes (08.06.1957). Madrid: BOE 151 (10.06.1957).
- Leite de Vasconcelos, José (1994-1995). *Etnografía portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional Casa da Moeda.

- Lloveras Villamanya, J.; Martínez Vázquez, M. & Rodríguez-Maribona Dávila, B. (1983). "Las avenas cultivadas en Galicia". *I Xornadas sobor dos recursos básicos da agricultura galega*, 269-284. Seminario de Estudos Galegos.
- López Cuevillas, Florentino (1955). "Paleopaisaxe". In *Paisaxe e cultura*, 95-103. Vigo: Galaxia.
- López Ferreiro, Antonio (1901). *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela.
- Lorenzo Fernández, Xaquín (1979). "Etnografía. Cultura Material". In Otero Pedrayo, Ramón (dir.). *Historia de Galiza*, Tomo II. Madrid: Akal.
- Lorenzo, Ramón (1975-1977). *La traducción gallega de la Crónica General y la Crónica de Castilla*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- Loscertales de G. de Valdeavellano, Pilar (1976). *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional.
- Loskutov, I. G. (2008). "On evolutionary pathways of *Avena* species". *Genetic resources and crop evolution* 55 (2), 211-220.
- Lucas Álvarez, Manuel (1957-1958). "La colección diplomática del monasterio de San Lorenzo de Carboeiro". *Compostellanum* Vol. 2 (4), 199-223; Vol. 3 (2), 29-116 & Vol. 3 (4), 179-270.
- (1986). *El Tombo de San Julián de Samos (siglos VIII - XII)*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia.
- (1988). *San Pedro de Ramirás: un monasterio femenino en la Edad Media: colección diplomática*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia.
- (1996). *El Monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada: Seminario de Estudos Galegos.
- (1998). *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- (2003). *El archivo del monasterio de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela en la Edad Media*. Sada, Seminario de Estudos Galegos-Edición do Castro.
- Lucas Álvarez, Manuel & Lucas Domínguez, Pedro Pablo (1996). *El priorato benedictino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media*. Sada: Edición do Castro.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português: Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referência á situación do galego moderno)*. Coimbra: Instituto nacional de Investigación Científica.
- Mariño Veiras, Dolores (1983). *Señorío de Santa María de Meira: de 115 a 1525*. A Coruña: Nós.
- Miller, Philip (1754). *The gardeners dictionary*. London. 4 edit. Disponible en: <<https://www.biodiversitylibrary.org/item/150892#page/286/mode/1up>>.
- Montero Díaz, Santiago (1935). *Colección diplomática de San Martín de Jubia*. Santiago: El Eco Franciscano.
- Mourik J.M. van (1986). "Pollen profiles of slope deposits in the Galician area (NW Spain)". *Nederlandse Geografische Studies* 12, 1-171.
- Muñoz Sobrino, Carlos; Ramil-Rego, Pablo & Rodríguez Guitián, Manuel (1997). "Upland vegetation in the north-west Iberian peninsula after the last glaciation: forest history and deforestation dynamics". *Vegetation History Archaeobotany* 6, 215-233.
- Neira, Manuel & Martínez Mata, Florentino (1968). *Terminología forestal*. Madrid: Ministerio de Agricultura.
- Novo Cazón, José Luis (1986). *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Olazábal, Lucas de (1883). *Ordenación y valoración de montes*. Madrid: Imprenta de Moreno y Rojas.
- Otero Álvarez, Aníbal (1951). "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués". *Cuadernos de estudios gallegos* VI, 83-114.
- Otero Álvarez, Aníbal (1960). "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués". *Cuadernos de estudios gallegos* XV, 89-104.
- Otero Álvarez, Aníbal (1962). "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués". *Cuadernos de estudios gallegos* XVII, 329-347.
- Otero Álvarez, Aníbal (1977). *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Santiago: Universidad de Santiago.
- Pallares López, Manuel Ramiro (1990). *Vocabulario do concello de Paradela (Lugo)*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo.
- Pereira-Lorenzo, S.; Ascasibar-Errasti, J.; Ramos-Cabrera, A. M. & Piñeiro-Andión, J. (2001). *Colección de cultivares autóctonos gallegos de manzano (Malus xdomestica) del Banco de Germoplasma de Mabegondo*. Disponible en: <<http://www.ciam.gal/pdf/Maceiras.pdf>>.

- Pereira-Lorenzo, Santiago & Fernández-López, Josefa (1997). *Los cultivos autóctonos de castaño (Castanea sativa Mill.) en Galicia*. Madrid: INIA.
- Pérez Alonso, María Jesús (1969). *Vocabulario de Goyan*. Tese de licenciatura (inérita) da Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.
- Pérez García, José Manuel (1979). *Un modelo de sociedade rural en el antigo réxime en la Galicia costera: la península del Salnés: (Jurisdicción de la Lanzada)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- Pérez García, José Manuel. (1982). "Niveles y transformacións de la ganadería en Galicia en el siglo XVIII". *Cuadernos de estudos gallegos* T. 33 (98), 87-177.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004). *Os documentos do Tombo de Toxosoutos*. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega.
- Pitte, Jean Robert (1986). *Terres de castanide. Hommes et paysages du Châtaignier de l'Antiquité à nos jours*. Paris: Fayard.
- Plinio Segundo, Cayo (2002). *Historia natural*. Madrid: Cátedra.
- Portela Silva, Ermelindo (1976). *La región del obispado de Tuy en los siglos XII al XV: una sociedade en expansión y en crisis*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- Portela Silva, Ermelindo & Pallares Méndez, María del Carmen (1971). *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII: economía agraria y estructura social*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Presedo Garazo, Antonio (1997). "Estructura, produtividade e rendementos agrícolas da explotación campesiña na Galicia interior: o partido xudicial de Arzúa en 1750-1860". *Semata* 9, 245-277.
- Quiroga Barro, Gabriel (1988). *Evolución dunha estrutura agraria na Galicia Interior. A Terra do Bolo 1600-1820*. Orense: Boletín Auriense, Anexo 15.
- Ramil-Rego, Pablo (1993). "Evolución climática e historia de la vegetación durante el Pleistoceno Superior y el Holoceno en las regiones montañosas del Noroeste Ibérico". In Pérez Alberti, Augusto; Guitián Rivera, Luis & Ramil Rego, Pablo (eds.). *La evolución del paisaje en las montañas del entorno jacobeo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Ramil-Rego, Pablo; Fernández Rodríguez, Carlos & Rodríguez Guitián, Manuel (Coordinadores) (1996). *Biogeografía pleistocena-holocena de la Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura.
- Real Academia Española (1990). *Diccionario de autoridades*. Madrid: Gredos.
- Real Academia Española (1992). *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua (1990). *Diccionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega.
- Real Academia Galega (1997). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Rey Castelao, Ofelia (1995). *Montes y política forestal en la Galicia del Antigo Réxime*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ríos Rodríguez, María Luz (1993). *As orixes do foro na Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ríos Rodríguez, María Luz (2001). "Soutos bravos e soutos mansos: el castaño en Galicia (siglos XII-XVI)". In *El medio natural en la España Medieval: Actas del primer Congreso sobre Ecohistoria e Historia Medieval*. Cáceres: Universidade de Extremadura, 475-488.
- Risco, Manuel (2004). *De la Santa Iglesia de Lugo: continuación de su historia desde el siglo XII hasta fines del XVIII*. España Sagrada. Vol. 41. [A Coruña]: Secuencia Gráfica [1º: 1798].
- Rivas Quintas, Eligio (1997). *O castiñeiro e as castañas*. Ourense: Grafo dos.
- Rodríguez Fernández, Angel & Rey Caiña, José Ángel (1992). "El Tombo del Monasterio de Villanueva de Lorenzana". *Estudios Mindonienses* 8, 11-324.
- Rodríguez González, Ángel & Armas Castro, José (1992). *Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435)*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez González, Ángel & Rey Caiña, José Angel (1992). "El Tombo del Monasterio de Villanueva de Lorenzana". *Estudios Mindonienses* 8, 11-324.
- Rodríguez González, Eladio (1958-1961). *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez Nuñez, Clara Cristela (1989). "Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media (1305-1400)". *Estudios Mindonienses* 5, 335-485.
- Romaní Martínez, Miguel (1989). *A colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Orense)*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Romaní Martínez, Miguel & Rodríguez Suárez, María del Pilar (2003). *Libro tumbo de pergamino: un código medieval del monasterio de Oseira*. Santiago: Universidade de Santiago.
- Ruíz de Torre, Juan (1990). "Distribución y características de las masas forestales española". *Ecología* 1, 11-30.

- Saavedra Fernández, Pegerto (1979). *Economía rural antigua en la montaña lucense. El Concejo de Burón*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (1982). "Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema". *Cuadernos de estudios gallegos* T. 33 (98), 179-236.
- (1985). *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Madrid: Xunta de Galicia.
- (1996). "A economía vitícola na Galicia do Antigo Rexime". In *Das casas de morada ó monte comunal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 213-269.
- Sánchez Carrera, María del Carmen (1997). *El bajo Miño en el siglo XV. El espacio y los hombres*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Sánchez Monge, Manuel (2011). "Tumbo viejo de Lugo". *Estudios mindonienses* 27, 11-373.
- Santa Rosa de Viterbo, Joaquín de (1966). *Elucidario das palabras, termos e frases que en Portugal antigamente se usaran e hoje regularmente se ignoran*. Porto: Livraria Civilização.
- Santos Fidalgo, L.; Vidal Romaní, Juan Ramón & Jalut, Guy. (1997). "Contribución al conocimiento de la vegetación holocena en el NO de la Península Ibérica (Galicia, España)". *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 22, 99-119.
- Sanz de Andino, J. (1934). *Tres estudos económicos*. Madrid: Ministerio de Agricultura.
- Sarmiento, Martín (1950). *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento: (1754-1755)*. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- (1970-1973). *Colección de voces y frases gallegas* [ed. y estudio por J.L. Pensado]. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- (1986). *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales* [ed. y estudio por J.L. Pensado]. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Sineiro García, Francisco (1984). "A produción gandeira nas terras a monte". In *II Xornadas de estudo sobor do tema os usos do monte en Galicia*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Sobreira Salgado, Juan (1979). *Papeletas para un diccionario gallego*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- Sotelo Blanco, Olegario (1992). *Antropoloxía cultural da terra de Caldelas*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Tato Plaza, Fernando Rafael (1999). *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Teira Brión, Andrés (2010). "Wild fruits. Archaeobotanical remains from the Roman saltworks at O Areal Vigo (Galicia, Spain)". In *XXX rencontres internationales d'archéologie et d'histoire d'Antibes*, 199-207.
- Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>.
- Valenzuela Ozores, Antonio (1865). *Memoria geognóstico-agrícola sobre la provincia de Pontevedra*. Pontevedra: [s.n.].
- Vavilov, N.I. (1992). *Origin and geography of cultivated plants*. Cambridge University Press.
- (1997). *Five Continents*. Rome: International Plant Genetic Resources Institute.
- (2005). "Expediciones por España". *El Catoblepas* 38, 18. Disponible en: <<http://www.nodulo.org/ec/2005/n038p18.htm>>.
- Villares Paz, Ramón (1982) *La propiedad de la tierra en Galicia: 1500-1936*. Madrid: Siglo XXI.
- Villares Paz, Ramón (1990). "Limiar". In Balboa López, Xesús (1990). *O monte en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Yáñez Neira, Damián (1997). "Regesta sobre el monasterio de Santa María de Moreira", *Lvcensia* 15, 333-346. [Inclúe un extracto dun manuscrito do Archivo Histórico Nacional, inventario dos bens de Santa María de Meira, no cal se relacionan documentos do mosteiro cisterciense de Santa María de Moreira (Castroverde), de 1183 a 1686, 7 medievais (1183-1482), en castelán].

